




Revista da Sociedade Liceo de Noia - n° 36 - febreiro 2010

ALMEDA



NOIA
NA RUTA XACOBEEA
Ano Santo 2010





Esta revista non poderá ser reproducida, nin total nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado, sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos. A Sociedade Liceo non se fai necesariamente responsable das opinións dos seus escritores e colaboradores.

Esta revista está subvencionada pola



EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda, s/n
15200 Noia (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 820 535
email: liceoia@gmail.com
www.liceodenoia.com

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Ramón Carredano Cobas
M^a Antonia Castro Patiño
Fátima Rodríguez Cerviño
M^a José Villaverde Crespo
A. Ventura González Arufe
Xosé Moas Pazos

ILUSTRACIÓN CAPA E CONTRACAPA:

Alfonso Costa

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S.A.
Tfno.: 981 823 855
Fax: 981 821 690
e-mail: graficas@graficassementeira.com

DEPÓSITO LEGAL: C-888-2000

Presentación



Por segunda vez celebrárase neste milenio o Ano Santo Compostelán, un acontecemento cultural que concentrará ao redor da catedral de Santiago a milleiros de peregrinos. Unha data histórica que non se repetirá ata dentro de once anos.

Con este número monográfico –coordinado por Xerardo Agrafoxo– a Revista Alameda desexa reivindicar o papel que tivo a nosa vila como porto de arribada dos peregrinos que dende distintos lugares de Europa se dirixiron durante o medievo ata o sartego do Apóstolo.

Grazas á valiosa colaboración dun grupo de historiadores e escritores podemos coñecer unha tradición que semellaba esquecida. Valéndose de diferentes documentos, reproducións fotográficas, material bibliográfico, achegas literarias e imaxes artísticas, este número especial da nosa revista ofrece unha boa escusa para mergullarnos nunha realidade que nos pertence por dereito propio.

A Sociedade Liceo espera que gocedes coa lectura destes textos que amosan dende diferentes puntos de vista o legado histórico que atesoura a nosa vila dende a súa fundación no ano 1168.

Xosé Moas Pazos
Presidente

Sumario

A ORIXE DO CAMIÑO	5	
<i>Xerardo AgraFoxo</i>		
DATAS CLAVES NA HISTORIA DA PEREGRINACIÓN	13	
NOIA NA RUTA XACOBEA	17	
Noia: Porto de Santiago e Camiño de Compostela.....19		
<i>Clodio González López</i>		
Noia no Camiño de Santiago		22
<i>Concha Allut</i>		
Noia: Portus Apostoli		
A peregrinación por mar a Compostela e a ría de Muros-Noia		27
<i>Pedro García Vidal</i>		
Motivos xacobeos na heráldica de Noia		34
<i>Xoán Mariño</i>		
A chegada a Noia dos cruzados de Dartmouth e o cerco de Lisboa do ano 1147.....		42
<i>Xerardo AgraFoxo</i>		
Símbolos das peregrinacións nas laudas de Santa María.....		45
<i>Xepe Torres</i>		
Un camiño Noia-Santiago		54
<i>Artur Lago</i>		
UNHA VISIÓN DO CAMIÑO	59	
O anano de Moraime.....		61
<i>Antón Riveiro Coello</i>		
Os ignorados amores de Don Ivo e Dona Gladis.....		67
<i>Maxi Olariaga</i>		
A ira de Deus		70
<i>Agustín Agra</i>		
As pantasma do Hospital de Dentro		73
<i>Ramón Carredano</i>		
Peregrinos e peregrinos		77
<i>Xosé Ricardo Losada</i>		
DEZ COUSAS QUE DEBES SABER	81	

Limiar

Todos os camiños conducen á tumba do Apóstolo; todos, menos un: Noia.

Tal podía ser o curioso lema co que se deseñan os mapas cando se celebra o Ano Santo. Unha insólita circunstancia que, dende que no ano 1993 se espallou a peregrinación a Santiago cun gran alarde publicitario, ten dous destacados responsables. Dunha parte, o descoñecemento que exhiben os diferentes responsables da Xunta de Galicia; doutra parte, o que resulta máis abraiante, a incapacidade que sempre amosou o noso concello para reivindicar Noia como un porto de arribada de peregrinos na Idade Media.

Esta circunstancia provocou que dos 6 millóns de euros investidos pola Xunta, para o acondicionamento das sete rutas galegas do Camiño de Santiago, o concello de Noia non recibise nada.

A Sociedade Liceo –tal como fixera cando publicou os monográficos dedicados a Avilés de Taramancos e María Mariño, cando a Real Academia Galega celebrou o Día das Letras Galegas nos anos 2003 e no 2007– pretende realizar agora unha aposta decidida: denunciar o esquecemento que cada pouco tempo sofre Noia cando se celebra o Ano Santo Compostelán.

Os diferentes textos recollidos neste número especial da Revista Alameda divídense en cinco apartados:

- **A orixe do Camiño de Santiago**
- **Datas claves na historia da peregrinación**
- **Noia na ruta xacobeas**
- **Unha visión do camiño**
- **Dez cousas que debes saber**

A través destes traballos, onde colaboran destacados investigadores, só pretendemos reparar un silencio. Unha aposta que as autoridades deben considerar cando se celebren os próximos Xacobeos nos anos 2021, 2027, 2032, 2038...É dicir, catorce en cada século.

NOIA NA RUTA XACOBEEA

Ano Santo 2010



Santiago Sedente. Igrexa de San Martiño
(Arquivo Xogaina)

Esta escultura policromada de **Santiago Sedente** (SS. XIV-XV), situada no interior da igrexa de San Martiño, representa a importancia que tivo o culto xacobeo durante a Baixa Idade Media na vila de Noia.

Seguindo a pauta de moitas pezas escultóricas daquela época, amosa unha rixidez que propicia a súa intemporalidade. Na man esquerda ten un báculo “in tau”, distintivo dos prelados composteláns, ornamentado cunha cuncha de vieira que tamén se repite no seu ombro. Na man dereita suxeita unha cartela onde aparece pintado o seu nome *S. JACOBO*. O pelo e a barba teñen crechas en caracol e os pés están descalzos.

A obra semella unha secuela iconográfica doutras pezas do Mestre Mateo.

Concha Allut

A ORIXE DO CAMIÑO





Helena Fernández Carou



Xerardo AgraFoxo

A orixe do camiño

A peregrinación é un fenómeno cultural anterior ao suposto descubrimento dos restos do Apóstolo Santiago en Gallaecia. Dende os primeiros tempos do cristianismo numerosos devotos camiñaban como forma de afirmación da súa fe e espiritualidade ata os **fisterres** atlánticos europeos: Gales, Cornualles, Bretaña e Galicia.

Nos primeiros séculos da nosa Era, os cristiáns tamén peregrinaban a Roma, para rezar ante a tumba do apóstolo San Pedro e San Paulo, e a Xerusalén, para visitar os Santos Lugares.

O LOCUS APOSTOLICUS

Cando a principios do século IX, o bispo de Iria Flavia Teodomiro recoñeceu que as reliquias que descubrira o ermitán Paio na **Arcis Mamoricis** eran as de Santiago O Maior e os seus discípulos Atanasio e Teodoro, comezou a historia dun culto ao Apóstolo que aproveitou a corrente de peregrinos que xa acudían antes ata as paisaxes máis extremas da costa galega.

Aínda que non existían probas documentais que certificasen a presenza deste discípulo de Cristo nestas terras, segundo a tradición xacobeá, Santiago O Maior predicara o cristianismo no recuncho máis afastado do mundo occidental, o **Finis Terrae**, é dicir, no noroeste da Península Ibérica.

Cando o rei Afonso II O Casto avalou a tese do bispo de Iria e ordenou construír unha pequena capela para custodiar as santas reliquias, os peregrinos comezaron a chegar ao **Locus Apostolicus**, o primeiro nome da cidade ata que a partir do século XI se adoptou o de Compostela, derivado talvez de **Compositus** –cemiterio– **Tellum** –edificado–, en alusión ao lugar onde apareceran ao redor dos anos 820-830 os sagrados restos.

Camiñaban os devotos romeiros polas mesmas vías que trazaran moitos anos antes os romanos. Naceu deste xeito o culto ao Apóstolo Santiago, un personaxe recoñe-

cido na Biblia co nome de Jacobo, procedente do hebreo **Ya'kov**, que evolucionou en latín como Iacobus, Iago, Santiago, Diego ou Xaime, e deu lugar a composición **Sanctus Iacobus** orixinal do posterior **Ano Xacobeo**.

O ANO SANTO E A RUTA XACOBEA

Co “descubrimento” do sartego do Apóstolo no extremo das terras coñecidas e a construción dunha pequena igrexa, que sería a orixe da cidade de Santiago de Compostela, Afonso II trataba de prestixiar o reino astur-leonés fronte ao mundo árabe peninsular. Intentaba outorgarlle unha maior entidade ao seu reino nun momento histórico caracterizado polo expansionismo e renacemento cultural do reino de Carlomagno e, ao mesmo tempo, demostrar o seu poderío fronte ao ameazante mundo musulmán instalado na Península Ibérica despois da derrota da monarquía visigoda na batalla de Guadalete (711).

Mercé a este apoio prestado polos reis e ao pulo dado polos monxes cluniacenses a esta corrente relixiosa, que atraería a Santiago a xentes de toda a Europa Occidental, consolidouse a **Ruta Xacobeá** ou **Camiño de Santiago**, non só como itinerario empregado para manifestar o espírito relixioso ou a devoción do Apóstolo, senón como auténtico **limes** que, a medida que se vaían construíndo pontes, calzadas, igrexas, murallas e hospitais, marca a

auténtica fronteira entre os territorios cristiáns e as comarcas baixo o dominio musulmán.

A medida que a Reconquista se consolida, a peregrinación acadará un maior desenvolvemento e o pequeno núcleo urbano creado ao redor da igrexa que custodiaba as reliquias de Santiago O Maior converterase nun centro de devoción da cristiandade. Un punto de encontro que medrará cando tras a **razzia** do caudillo árabe Almanzor no ano 997 se constrúa un segundo templo, se instaure a figura do Apóstolo como heroe contra o Islam, se institucionalice o Voto a Santiago, o bispo Diego Peláez comece a construír catedral románica (1075) e Diego Xelmírez (1100-1140) controle a Igrexa de Santiago.


Unha serie de acontecementos que se verán revitalizados cando o Papa Calixto II –tío do rei Afonso VII e cuñado de dona Urraca– institúa a graza do **Ano Santo Compostelán** en 1122, confirmado posteriormente pola Bula **Regis Aeterni**, asinada en 1179 na cidade italiana de Viterbo polo Papa Alexandre III.

O XUBILEU

Desta maneira nacía o **Xubileu**, unha indulxencia para o perdón da pena que merecen os nosos pecados. Unha graza que se obtén ao cumprirse tres requisitos básicos:

1. Visitar a Catedral de Santiago de Compostela, onde se encontra a tumba de Santiago O Maior.
2. Rezar algunha oración (ao menos, o Credo, o Pai Noso e pedir polas intencións do Papa). Recoméndase asistir á Misa.
3. Recibir os sacramentos da Penitencia (pode ser quince días antes ou despois) e da Comunión.

Coa Bula concedida polos papas de Roma, o penitente emprendía a viaxe polo “camiño” coa esperanza de que se



ARCA COS RESTOS DO APÓSTOLO




ENSEADA DA BARQUIÑA (Arquivo Xogaina)

Ile reduciría o castigo divino. Algúns levaban o pecado escrito nunha cédula que depositaban no altar maior do santuario. Pero non soamente chegaban os peregrinos a Santiago movidos pola fe (**pietatis causa**) ou a ansia de redimir os pecados, a **Gran Perdoanza**. Nalgúns casos, a devoción ou a penitencia eran asuntos secundarios e a prostitución, o roubo ou a necesidade de facer negocios movían a xente polos diferentes camiños da Ruta Xacobeá.

Tamén viñan persoas coa intención de reparar unha sentenza ditada por un tribunal, para cumprir unha promesa, agradecer un ben recibido ou para gañar diñeiro porque facían a ruta en nome de outros. En épocas de guerras os espías empregaban o disfrace de peregrino para pasar ao territorio inimigo. Un caso curioso era a peregrinación por encomenda dun familiar defunto e coa intención de conseguir beneficios espirituais para o morto. Un variado conxunto de motivos que procuraron que se achegaran diante da tumba apostólica xentes de toda condición social e económica. Na actualidade, a lexislación belga aínda mantén a pena de peregrinación a Santiago para determinadas culpas.

Os peregrinos vestían dun xeito especial, sobre todo no que se refire a complementos, que chegaron a ser



NOIA. CASCO ANTIGO (Arquivo Xogaina)

todo un símbolo: o zurrón, o bordón ou bastón, un sombreiro de aba ancha, una capa con esclavina e a cabaza para almacenar auga ou vino. Tamén levaban como distintivo a famosa “cuncha de peregrino” ou vieira, empregada dende a prehistoria como símbolo de purificación, por asociarse ao sexo feminino por onde saímos á vida, e metáfora da purificación que obtén o peregrino cando lle perdoan os pecados e gaña o **xubileu** (alegría). A identificación das vieiras coas “boas obras” dará lugar a que nos arredores da catedral e nos arrabaldes próximos se desenvolva un importante comercio medieval. Pero tamén producirá continuos enfrontamentos entre o gremio dos concheiros e os cobizosos arcebispos de Santiago.

O **Ano Xubilar** celébrase cada vez que a Festa do Apóstolo (25 de xullo) –seguramente data do seu martirio, descubrimento do seu sartego ou día da súa chegada a Galicia– sexa domingo, resultando unha periodicidade que se repite cada: 11-6-5-6 anos. Malia esta precisa secuencia, que provocaba a chegada de barcos ingleses con peregrinos nestas datas, houbo dous Anos Santos Extraordinarios:

Un celebrouse no 1885, grazas á Bula **Deus Omnipotens** concedida polo Papa León XIII, coincidindo co Segundo Descubrimento do Corpo do Apóstolo, escondido durante 300 anos por culpa da presenza do pirata inglés Francis Drake nas costas galegas.

O outro, máis recente, tivo lugar no 1938, coincidindo coa Guerra Civil española. Creouse para facilitar en plena contenda fratricida o acceso dos peregrinos ata o sartego apostólico.

Cos disposicións benéficas dos Papas comezaba a etapa dourada das peregrinacións na que Santiago se converte no santuario da orbe cristián máis visitado, superando con moito a Roma –cuxo Xubileu se celebra

cada 25 anos– e Xerusalén –instituído cada 50–. Unhas datas que obedecen a distintas realidades culturais e relixiosas:

O primeiro Ano Santo na Cidade Eterna celebrouno Bonifacio VIII no 1300. O seguinte sería cen anos despois, pero, no 1347, Clemente VI dispuxo pola Bula **Unigénitus** que os Anos Santos Romanos foran cada 50. Máis tarde, en 1470, o Papa Pablo II estableceu pola Bula **Ineffabilis providentia** que serían cada 25, para que todos os fieis tivesen a oportunidade de vivir polo menos un na súa vida.

Segundo a lei mosaica, o pobo xudeu descansa o sétimo día de cada semana (*shabat*). Dende que lograron fuxir de Exipto, tal como se expresa no **Levítico**, festexan cada 7 anos a conmemoración denominada na súa relixión como Ano Sabático. Cada 7 sabáticos, é dicir, cada 50, celebran o Ano Xubilar. Termo que provén do hebreo **jobel** (corno de macho cabrún), instrumento co que se anunciaba o comezo do seu xubileu.

O CÓDICE CALIXTINO

A comunicación de Santiago con Europa Occidental a través da Ruta Xacobeá será moi fecunda e xa dende o século XII a peregrinación queda ordenada e codificada mercé ao **Liber Sancti Jacobi**, chamado tamén **Códice Calixtino** pola súa atribución ao Papa Calixto II; aínda que en realidade sexa unha compilación revisada en gran parte escrita por un clérigo de Poitou chamado Aymerico Picaud.

Segundo O **Códice Calixtino**, existían na **Ruta Xacobeá** ou **Camiño Francés** catro itinerarios para dirixirse dende Europa ata o sartego do Apóstolo:

— **A Vía Tolosana**, chamada tamén Camiño de Saint Gilles, partía de Arlés, pasaba por Montpellier e


Toulouse e entraba na península por Somport.

- A **Vía Podense** comezaba en Le Puy —aquí encontrábase coa **vía Gebennensis** que comezaba en Xenebra— e pasaba por Cahors, Moissac e Ostabat.
- **Vía Lemovicense**, a cal saía de Vezelay e, despois de pasar por Limoges, Perigueux, Roquefort e Ostabat dirixíase a Roncesvalles.
- A **Vía Turonense** partía de París e seguía por Orleáns, Tours, Poitiers, Burdeos e Ostabat ata Roncesvalles.

Dende Puente de la Reina, lugar de confluencia do camiño aragonés (Somport) e navarro (Roncesvalles), a **Ruta Xacobe**a proseguía por Estella, Santo Domingo de la Calzada, Frómista, Villafranca del Bierzo, Piedrafita do Cebreiro, Triacastela e Portomarín. Despois de pasar por Lavacolla, onde os peregrinos se lavaban o sexo nunha fonte, chegaban a Santiago e recibían a **Compostela** ou **Carta probatoria**, un certificado instituído polo cabido na Idade Media para reducir o tempo da alma no purgatorio, recompensar o esforzo do camiñante e facilitarlle as esmolas e a hospitalidade nos mosteiros, igrexas e hospitais que encontraría durante o regreso.

Algúns peregrinos seguían ata o Cabo Fisterra onde, segundo unha tradición de orixe antiga, estaba a Ara Solís, o lugar onde os antigos poboadores da península adoraban o sol e o milagre da morte e a resurrección diaria. Despois de case 100 quilómetros de percorrido dende a Praza do Obradoiro, purificaban o corpo bañándose na Praia Langosteira e comezaban unha nova vida, redimida de pecado e indultados por Deus, logo de queimar as roupas fronte a inmensidade das augas do Atlántico.

Amáis de consolidarse este camiño como **limes** ou muralla fronteiriza entre



NOIA, PORTO DE COMPOSTELA (Arquivo Xogaina)

os reinos cristiáns e o poderoso califato árabe, en tempos baixomedievais significou un gran pulo para o desenvolvemento da vida urbana e as súas actividades mercantís e artesanais. Tamén favoreceu, a través da riada de peregrinos que chegaban ata o Obradoiro, a constante afluencia de ideas e os modos de vida entre a Península e Europa.

O PORTO DE NOIA

Pero, ademais deste Camiño Francés, existían outras rutas para chegar a Compostela. O **Camiño do Norte** ou **Ruta Cantábrica**, foi empregado polos propios monarcas da monarquía asturiana dende os primeiros anos da peregrinación. Despois de percorrer as vilas mariñeiras situados á beira do Mar Cantábrico entraba en Galicia por Ribadeo ou pola Fonsagrada. Os dous ramais confluían na Arzúa antes de entrar en Santiago.

A **Vía da Prata**, que unía por unha calzada romana os peiraos andaluces co Norte, serviu para chegar peregrinos que entraban en Galicia por Verín e atravesaban Allariz, Ourense e Lalín antes de divisar as esveltas torres da Catedral.

Os diferentes vieiros do **Camiño Portugués** confluían en Ponte da Lima e dirixíanse a Galicia despois de atravesar o río Miño en Tui e atravesar Pontevedra, Caldas de Reis e Padrón.

O **Camiño Inglés** —que no Ano Santo de 1434 levou ata Santiago a 3.000 peregrinos ingleses— empregábano os navegantes que se dirixían a Santiago desde os peiraos da costa Báltica, as cidades inglesas e irlandesas e os portos dos Países Baixos, Flandres e Francia. Dende estes lugares, que en épocas de bo vento tardábase entre catro días e unha semana, os peregrinos chegaban ata Coruña, Baiona, Muros, Padrón (**Ruta do Mar de Arousa**), Neda, Mugar dos e —tal como apuntan varios investigadores neste monográfico— o porto de Noia.

DATAS CLAVES



Año de 1842

Expediente formado por el Ayuntamiento
Condicional de la Villa
sobre
el demibo de los Canel de la Puerta de
la Villa y Perquinina

Secretaría del Ayuntamiento
de

Llaneta



Datas claves na historia da peregrinación

IDADE ANTIGA

- Século I: Os Evanxeos din que Cristo peregrinou polas ribeiras do mar de Galilea, facendo discípulos a Santiago e Xoán, fillos de Zebedeo,
- Ano 34: Segundo a tradición, Santiago saíu cara ás terras do “extremo Occidente”, e as testemuñas apuntan que promulgou por Hispania as ensinanzas do Evanxeo.
- Anos 34 ao 42: Santiago chegou a península Ibérica por Cataluña e Valencia, onde nomeou bispo a Uxío. Logo desprazárase cara a Gallaecia.
- Anos 43-44: Herodes ordena, en Xerusalén, martirizar e decapitar a Santiago. Os seus discípulos trasladaríano despois ata as costas galegas para darlle sepultura.

IDADE MEDIA

- Ano 587: Santiago é proclamado Patrón Único de Hispania por Recaredo I.
- Ano 589: O Concilio III de Toledo da a orden de socorrer os peregrinos. O Bispo Mansona, de Lleida, fai construír un hospital para estranxeiros “sin distinción de cristianos y judíos, libres y esclavos”. Este é primeiro indicio de que existe unha peregrinación a Santiago de Compostela.
- Ano 813 e 830: En terras de Iria Flavia, o eremita Paio, ten visións de anxos. Chamado por Teodomiro, bispo de Iria Flavia, descóbrese o sepulcro dentro dun edículo de mármore. Teodomiro entende que é o Apóstolo e os seus discípulos, Teodoro e Atanasio. Afonso II despois de visitar o sartego, manda construír una igrexa.
- Ano 842: “Batalla de Clavijo” na que Santiago Apóstolo intervén como soldado liberador.
- Ano 899: Alonso III, O Magno, conclúe a nova Igrexa e preside a consagración da catedral.
- Ano 950: O Bispo de Puy, Gotescalco, é o primeiro peregrino francés que deixa testemuño da súa visita á tumba do Apóstolo.
- Ano 977: Almanzor arrasa a Igrexa do Apóstolo, o 10 de Agosto, pero respecta a tumba, levándose as campás da Igrexa.
- Ano 1000: Vermudo II e o bispo San Pedro de Mezonzo restauran a Igrexa e a Cidade de Santiago.
- Ano 1025: Don Sancho de Aragón introduce a regra cluniacense no mosteiro de San Xoán de la Peña. Os monxes de Cluny abren por Roncesvalles o Camiño de Santiago.
- Ano 1063: Sancho O Maior fai pasar por Nájera o Camiño. En Estella establece un castelo e unha poboación de “francos” para atención dos peregrinos.
- Ano 1064: Segundo o Romanceiro do Cid, Ruí Díaz de Vivar visita este Ano Santiago, tras as súas vodas con Dona Ximena.
- Ano 1065: Primeira peregrinación masiva de devotos estranxeiros, saídos de Liexa.
- Ano 1072: O arcebispo de Maguncia, Sigfrido I, primeiro peregrino alemán en Compostela.

- Ano 1075: Diego Peláez inicia as obras da actual Catedral de Santiago, terminada por Xelmírez.
- Ano 1084: Baudoin, conde de Guines, chega a Santiago en compañía de Ingelram, bispo de Lille.
- Ano 1090: Xaca convértese en punto de paso da Ruta Xacobeá.
- Ano 1094: O primeiro peregrino inglés: Ansgot de Burwell, de Lincolnshire, da conta da súa viaxe á tumba del Apóstol.
- Ano 1095: El 12 de maio deste Ano, o arcebispo de Lyon, con gran acompañamento de clérigos e peregrinos, chega a Compostela.
- Ano 1098: San Guillermo de Vercelli e San Theobaldo de Mondovi, son os primeiros santos peregrinos a Santiago.
- Ano 1102: Peregrina a Santiago Guido de Albiona, conde de Albou.
- Ano 1117: Revolución contra Xelmírez. Os burgueses composteláns incendian a Catedral
- Ano 1120: O Papa Calixto II erixe en Metrópoli a Igrexa Compostelán.
- Ano 1122: O Papa Calixto II institúe a graza do Ano Santo Compostelán.
- Ano 1125: O arcebispo Xelmírez escribe a “Historia Compostelana”, fonte de información sobre as peregrinacións.
- Ano 1126: Celebración do primeiro Ano Santo Compostelán.
- Ano 1137: Guillemme X, Duque de Aquitania, morre ante a tumba do Apóstolo. Peregrinaba para expiar os danos que fixera en Normandía. Fúndase en París o Hospital de Saint Jacques aux Pélerins
- Ano 1139-40: Aymerico Picaud leva a Santiago o Códice Calixtino, que el mesmo escribiu, atribuídos polos monxes de Cluny ao Papa Calixto II, falecido en 1124.
- Ano 1147: Réunese no peirao inglés de Dartmouth unha escuadra de máis de duascenas naves inglesas, alemás e borgoñesas, con peregrinos, mandada polo Conde de Flandres. Despois dunha breve estada en Noia, o 6 de Xuño entraron en Compostela.**
- Ano 1153: Nicolás, bispo de Cambrai, visita a tumba de Santiago.
- Ano 1154: Chega en peregrinación o Rei Luís VII de Francia, casado cunha filla de Afonso VII O Emperador.
- Ano 1156: Afonso VII concede ao mosteiro de San Denis de París a localidade de Hornillos del Camino.
- Ano 1157: Os Condes de Barcelona crean un corpo de guías para acompañar a Compostela os peregrinos adiñeirados que entraban por Cataluña.
- Ano 1164: Peregrina a Santiago Conrado I, arcebispo electo de Maguncia.
- Ano 1168: Fernando II de León funda Noia: Porto de Compostela**
- Ano 1182: Fernando II de León peregrina a Santiago de Compostela.
- Ano 1170: Para protección do peregrino, Afonso VIII acorda co Papa Alexandre III crear a Orde dos Cabaleiros de Santiago.
- Ano 1175: Amno von Blakemburg, bispo de Rinden, crea en Santiago a confraternidade de oracións entre Compostela e o seu Bispado en Alemaña.
- Ano 1179: O Papa Alexandre III concede, o 25 de xuño en Viterbo, ao sepulcro de Santiago o privilexio do Xubileo, pola bula Regis Aeterni.
- Ano 1180: Un clérigo, familiar do bispo Eskil, é o primeiro sueco que visita a tumba do Apóstolo.
- Ano 1185: Henrique O León, Duque de Saxonia, peregrinou a Santiago.
- Ano 1188: O Mestre Mateo conclúe a construción do Pórtico da Gloria.
- Ano 1200: O arcebispo Pedro Suárez de Deza considera que o comercio das vieiras é vital para a Igrexa de Santiago

- Ano 1211: O rei Alonso IX de León asiste o 21 de Abril á consagración da Catedral de Santiago.
- Ano 1213: Entre este ano e o de 1215 sitúase a peregrinación de San Francisco de Asís que funda en Compostela o seu primeiro convento.
- Ano 1224: Jean de Brienne, rei de Xerusalén, peregrina a Santiago. Entra por Francia e toma o camiño de Tours.

Ano 1300/50: No Libro de Actas do Concello e Noia afirmase que o Hospital de Afora –que acollía a “estangeros”– fundouse no século de 1300.

- Ano 1325: Santa Sabela de Portugal visitou o 25 de xullo a tumba do Apóstolo Santiago e ofrendouno coas súas galas de raíña.
- Ano 1340: Afonso XI invoca ao Apóstolo na Batalla do Salado.
- Ano 1394: Primeira autorización dun monarca inglés para fretar unha nave e levar cen peregrinos a Santiago. Estes permisos foron habituais ata 1456.
- Ano 1425: Publicación do poema “Purchas his Pilgrime”, que describe a ruta dos peregrinos ingleses.
- Ano 1427: Por esta época visita Santiago o pintor flamenco Xoán Van Eyck.
- Ano 1434: Ano Santo, Henrique VII de Inglaterra autoriza a viaxe de 2.310 peregrinos. Soamente ese ano saíron de Inglaterra 63 buques cargados con peregrinos.

Coincidindo co Ano Santo, o arcebispo de Santiago, Alonso Fonseca, consagra a igrexa de San Martiño de Noia.

- Ano 1436: Xoán II, pai de Sabela A Católica, fai un chamamento desde Medina del Campo “a los habitantes de los reinos de Italia, Francia, Alemania, Hungría, Suecia, Noruega y de cualquier otra nación” para que co seu salvoconduto e baixo a súa garda e amparo, “pudiesen ir, por tierra o mar, de día o de noche, a visitar la Iglesia de Santiago”.
- Ano 1445: Coincidindo co Ano Santo, Compostela vese desbordada por peregrinos procedentes de toda Europa.
- Ano 1456: William Wey, un dos “fellows” fundadores de Eton, peregrina a Santiago por ser Ano Santo e presenza a Coronación de Apóstolo como ofrenda que lle facía persoalmente Henrique IV de Castela. Este ano chegaron a Galicia máis de 80 naves
- Ano 1466: León de Rosmihal, nobre bohemio, chega a Compostela e encontra a Catedral convertida en fortaleza contra os ataques do nobre galego Bernal Yañez de Moscoso.
- Ano 1473: Saíron polo Elba catro barcos de Hamburgo e outros hanseáticos, con peregrinos alemáns.

1476: A través do testamento de Gómez Ares de Guisamonde (3 outubro) demostrase que o Hospital do Santi Spíritu de Adentro fundouse nesta época.

- Ano 1479: Ano Santo no que os Reis Católicos fan dende Guadalupe un chamamento aos peregrinos do mundo para que se sentan protexidos por eles.
- Ano 1482: Sabela A Católica da a Catedral de Santiago un xuro de 35.000 maravedís para seis cirios que arderan perpetua e continuamente no altar, a fin de que a escuridade da noite no impedira os peregrinos entrar no templo e facer as súas oracións.
- Ano 1488: Os Reis Católicos chegan por primeira vez en romaría a Santiago a onde volvería en 1496, en acción de grazas pola vitoria de Granada e polo descubrimento do Novo Mundo. Dispoñen a construción do Gran Hospital de Peregrinos.

IDADE MODERNA

- Ano 1501: Henrique de Egas constrúe o Hospital doado polos Reis Católicos que manterán esta función hasta 1954, cando se converte no actual Hostal.
- Ano 1506: Xoana e Filipe O Famoso oraron ante as reliquias apostólicas.

- Ano 1510: Chega a Santiago para cumprir un voto o Gran Capitán Gonzalo Fernández de Córdoba, e regala a lámpada que aínda alumea hoxe ao Apóstolo.
- Ano 1554: Filipe II antes de saír cara a Inglaterra para casar con María Tudor, peregrina a Compostela.
- Ano 1589: Chega Drake coa súa escuadra as costas coruñesas coa intención de “destruir Santiago, centro de perniciosa superstición”. Ante a ameaza, o arcebispo Xoán San Clemente oculta as reliquias do Apóstolo.
- Ano 1680: Visita a tumba do Apóstolo o Príncipe Alexandre Farnesio.
- Ano 1717: Ano Santo no que Filipe V reitera o Padroado único de Santiago.

IDADE CONTEMPORÁNEA

- Ano 1801: As tropas de Napoleón levan o antigo Botafumeiro de prata.
- Ano 1845: Richard Ford publica *A Handbook for Travellers in Spain Readers at Home*, que revitaliza o interese pola catedral de Santiago.
- Ano 1878: O cardeal Payá y Rico ordena a realización de escavacións no subsolo da catedral que dan, en xaneiro do seguinte ano, co redescubrimiento dos restos do Apóstolo.
- Ano 1884: León XIII outorga a bula “Deus Omnipotens” que declara que os ósos encontrados en Compostela coinciden coas reliquias de Santiago Apóstolo e os seus discípulos Teodoro e Atanasio
- Ano 1885: Primeiro Ano Santo por concesión especial
- Ano 1891: O francés Nicolai, no seu libro *Monsieur Saint Jacques*, denuncia o mal estado da peregrinación

SÉCULOS XX E XXI

- 1908 : Angelo Roncalli (futuro Papa Xoán XXIII) visita Santiago como secretario do bispo de Bérgamo.
- Ano 1937: Franco reinstaura o Voto de Santiago.
- Ano 1938: Segundo Ano Santo por concesión especial.
- Anos 1946–64: As escavacións permiten encontrar a tumba do bispo Teodomiro.
- Ano 1954: O Hospital dos Reis Católicos transfórmase en Parador Nacional. Segunda visita de Angelo Roncalli, como cardeal de Venecia
- Ano 1958: Walter Starkie publica *The Road of Santiago, Pilgrims of Saint James*.
- Ano 1981: O concello de Noia derruba o Hospital dos Peregrinos.**
- Ano 1982: Xoán Paulo II convértese no primeiro Papa que visita Santiago de Compostela
- Ano 1985: O Camiño de Santiago é declarado Primeiro Itinerario Cultural Europeo. Exposición “Santiago de Compostela: 1000 anos de peregrinación”
- Ano 1988: Celebración do VIII Centenario do Pórtico da Gloria
- Ano 1989: O Papa Xoán Paulo II vai a Santiago por segunda vez
- Ano: 1993: A UNESCO declara o Camiño de Santiago Ben Patrimonio da Humanidade. 100.000 peregrinos obteñen a Compostela
- Ano 1999: Último Ano Santo del Milenio. Paulo Coello publica o best seller *El Peregrino de Compostela*.
- Ano 2000: Santiago de Compostela, capital Europea da Cultura
- Ano 2004: Primeiro Ano Santo do Milenio
- Ano 2006: *Márchome*, unha obra do alemán Hape Kerkeling sobre a ruta xacobeá, convértese nun bestseller.
- Ano 2010: Segundo Ano Santo do Milenio



NOIA NA RUTA XACOBEA





Gema



Clodio González Pérez
Museo do Pobo Galego

Noia: Porto de Santiago e Camiño de Compostela

Está por facer un estudo documentado e profundo sobre a relación da vila de Noia e a peregrinación xacobea, que debeu ser moita, tendo en conta a relevancia económica do seu porto na Idade Media e boa parte da Moderna. Abondaban os mariñeiros para estender por todo o Mediterráneo e o Atlántico do norte de Europa a sona de Compostela, e máis ao dicir que só os separaba unha camiñada dun día.

I. PORTO DE SANTIAGO

A historiadora Elisa Ferreira Priegue, no libro que publicou hai uns anos verbo dos camiños medievais de Galicia, di que

En la Edad Media, la villa de Noya podía llamarse con justicia el puerto de Santiago; allí desembarcaban la mayor parte de los peregrinos que llegaban por mar...¹

Feito que inflúe de xeito determinante no interese do arcebispo compostelán, dono e señor da poboación, de fomentar este porto fronte aos que non eran seus. O obxectivo acádao o prelado Pedro Gundesteiz coa autorización por parte do rei Fernando II de construír un burgo de par da vila xa existente e un porto, ambos os dous situados en territorio da parroquia de Santa Cristina de Noia, que daquela era todo o que hoxe en día pertence ás de Noia e Barro.

O monarca, que asina o documento o 9 de abril de 1168, remata afirmando que o fai coa fin de restaurar o porto do Apóstolo (*hoc ego facio ad restauracionem portus apostoli*), do que se deduce que ficaba abandonado ou en moi mal estado. Tamén lle concede o privilexio de “naufraxio” dende Faro (A Coruña) ata a Lanzada e Padrón, de forma que en adiante non se poderían quedar coas naves que viñan a este porto (*portum Sancti Iacobi*)


e ían a pique e os seus cargamentos os señores da terra, como viña sendo de costume².

Nesta decisión de seguro que influíu un feito senlleiro ocorrido non moitos anos antes, a mediados de 1147, en que permaneceu varios días na ría unha escuadra procedente do porto inglés de Dartmouth que se dirixía a Terra Santa, que antes de levar áncoras foi toda a tripulación a Compostela. O historiador Antonio López Ferreiro describe coas seguintes verbas, ategadas de relixión e patriotismo, esta imponente peregrinación:

Hacia este mismo tiempo ocupó a Santiago un numeroso ejército de soldados extranjeros. No venían en son de guerra; venían á postrarse ante el Sepulcro del Apóstol y a celebrar la fiesta de Pentecostés, que aquel año, 1147, cayó el 8 de Junio. Y ¿quienes eran estos guerreros, que así sabían asociar el ardor bélico con los sentimientos de religión y piedad? Buena parte de los alistados en la Cruzada predicada por San Bernardo, los cuales habían preferido hacer por mar el viaje a

1 *Los caminos medievales de Galicia*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, 1988, p. 143.

2 *Tumbo “A” de la catedral de Santiago. Estudio y edición de Manuel Lucas Álvarez*, Seminario de Estudos Galegos, Santiago de Compostela, 1998, p. 243.



CAMIÑO OU VEREA DE SANTIAGO A NOIA (D. FONTÁN: CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA..., 1834, IMPRESA EN 1845).

Tierra Santa. Formaban, entre ellos, gentes de la Baja Alemania, de Flandes, de Inglaterra y aún de Aquitania, y se habían hecho a la vela en el puerto inglés de Dartmouth. Una recia tormenta puso en dispersión a las doscientas naves en que venían embarcados; las cuales, después de varios lances, pudieron reunirse y repararse en la ría de Noia. No quisieron los Cruzados desperdiciar la ocasión que se les presentaba de visitar el gran Santuario de Santiago, probablemente muy conocido ya de algunos de ellos; y en efecto, así lo hicieron, y en el templo del Patrón de España pudieron dar gracias al Señor por haberlos librado de la muerte, y celebrar al mismo tiempo la solemne fiesta de Pentecostés. Después de esto prosiguieron su viaje y contribuyeron poderosamente a la conquista de Lisboa, en donde penetraron con el Rey D. Alfonso I el 24 de Octubre de este año, 1147³.

II. CAMIÑO DE COMPOSTELA

Que ruta seguirían estes e outros peregrinos de Noia á cidade do Apósto-

lo? É de supoñer que fose a mesma que houbo dende tempos inmemoriais e que non sufriría cambios de importancia ata a construción da actual estrada a finais do século XIX. Nun documento anterior a 1866 constan as seguintes poboacións por onde pasaba partindo de Noia: A Torriña, A Rasa, Costa de Culou, San Paio de San Xusto, ponte de San Xusto, taberna de Fontán, Cedofeito, Fontefría, Martelo, Codeso, Agrafoxo, Castro, Urdilde, A Pedreira, Taberna Nova, Os Anxos, A Amaía (Bertamiráns), Vilestrexe, Roxo (agora Roxos), Ponte da Barcia, Hospicio antigo, ponte dos Chouchiños e Compostela⁴.

Non estamos de acordo coa historiadora xa citada, Elisa Ferreira Priegue, cando afirma que dende a Ponte de Traba o camiño subía ata San Xusto de Toxosoutos (téñase en conta que este mosteiro non se funda ata 1135), para logo continuar por Sabugueiro, A Luaña e Viceso -en parte por unha posible vía romana- ata Brión, e de aquí a Augalevada onde se xuntaba co que viña de Negreira, seguindo entón por Villestro e A Barcia ata Compostela. Disentimos dela por se basear nun documento do ano 818 que non se refire a este Brión, senón á acrópole do mesmo nome sita na parroquia de Vilouchada (*Ostulata*, concello de Trazo), en territorio de Montaos (*Montanos*), e non no da Amaía como sería no noso caso:

3 *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, IV, 1901, pp. 236-237.

4 HENRÍQUEZ OSSORIO, J. / REGUERA PARDIÑAS, E. / CAMPEIRO, A.: *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia*. Edición de Clodio González Pérez, Ed. Toxosoutos, Noia, 2000, pp. 47-48.



MESÓN DE URDILDE, NO ANTIGO CAMIÑO DE SANTIAGO A NOIA.

*Que ab antiquis vocitabatur Lentrobre et nunc vocitatur Ostulata, subtus castro Brione, territorio Montanos, iuxta riuulo Tamare [...] per puteum qui est in medio castro et inde in directo ad dexteram partem per carralem antiquum quomodo aquam vertit ad ecclesiam contra solem usque in Tamare...*⁵

Unha proba da indubidable importancia durante a Idade Media desta vereia ou camiño, polo que ían e viñan os prelados de Noia a Santiago, constitúea o feito de que o arcebispo Xelmírez mandase construír pazos e casas no lugar de Paradela, entre as aldeas de Gundín (Os Anxos) e Macedos (Urdilde) –xusto onde agora remata a autovía–, pertencente á parroquia de Boullón (Brión), segundo consta na *Historia Compostelá*:

Preto de Paradela, vila de Santiago⁶, rescatou a igrexa de San Miguel de Boullón do poder duns cabaleiros que a tiñan por súa; e construíu no lugar pazos e casas convenientes arredor, porque non había naquela vila unha hospedaxe idónea para recibir ao bispo⁷.

Como sería este camiño? É de supoñer que malo como a inmensa maioría, en particular nalgúns treitos, por mor da orografía e tamén da desidia da administra-

ción e dos veciños que tiñan a obriga de coidalo. Así botou ao longo dos séculos ata as primeiras obras de mellora, orixe da actual estrada, aprobadas o 20 de agosto de 1859.

5 Archivo Histórico Nacional: Tombo de Sobrado, I, 24 vº (FERREIRA PRIEGUE, E.: *Obr. cit.*, p. 144).

6 Paradela (*Paratella in provincia Gallecie, territorio Amaee*) foi unha das posesións permutadas o 3 de xuño do ano 949 polo rei Ramiro II e a súa dona, Urraca, ao bispo Hermenexildo e cabido, por outras situadas fóra de Galicia (*Tumbo "A" de la catedral de Santiago...*, p. 41; GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Brión. Historia, economía, cultura, arte*, Editorial Toxosoutos, Noia, 1998, p. 51).

7 *Historia Compostelana, o sea Hechos de D. Diego Gelmírez, primer arzobispo de Santiago*, Santiago de Compostela, 1950, libro I, cap. 22.

Noia no Camiño de Santiago



Concha Allut

A DIMENSIÓN EUROPEA DO CAMIÑO

Na historia da cristiandade a presenza de reliquias sagradas favorece o desprazamento de multitude de peregrinos aos principais santuarios europeos coa esperanza de que a súa devoción proporcionase favores do poder divino ou espiritual e un lugar no Paraíso.

A razón principal da Peregrinación era a espiritual –unha persoa obsesionada pola expiación dos seus pecados e a procura de indulxencias–, pero tamén hai que buscar aspectos sociais e culturais como o interese por viaxar e descubrir algo novo. Tamén debemos ter en conta os factores económicos dado que as peregrinacións propician o crecemento dos burgo e os intercambios comerciais.

En relación á presenza da tumba do Apóstolo en Santiago, o arcebispo Xelmírez sabía da posibilidades económicas que podían proporcionar as peregrinacións. Deste xeito, tomou importantes medidas urbanísticas: mellorou e saneou os camiños de acceso, acondicionou e reparou os portos galegos, regulamentou os mercados e fixou portádegos e prezos. En definitiva, canalizou cara a Santiago unha das correntes expansivas da Europa do século XII e transformou o sartego do Apóstolo nun dos polos de atracción do mundo cara

ao que ían mercadores, señores, campesiños e xente de toda condición social.

Cando falamos da dimensión europea destes desprazamentos relixiosos non é só por razóns históricas e espirituais. Tamén temos que considerar a divulgación oral e escrita sobre os milagres e a lenda da “traslatio” que percorreu todos os camiños. A fonte máis importante é o “Liber Sancti Jacobi”, coñecido como o “Códex Calixtinus” onde se relatan máis de 30 milagres vinculados con



PORTA DA PEREGRINA (Arquivo Xogaina)



PORTO DE NOIA (Arquivo Xogaina)

Santiago. A arte escénica medieval e o drama sacro fanse eco dos milagres do Apóstolo e son divulgados e sostidos polas confrarías. A través dos clérigos, xogares, nobres e cabaleiros créanse os canles de difusión da lenda e historia de Santiago.

As viaxes realizadas polos devotos, ben individuais ou colectivas, definían a configuración das rutas xacobeas por mar e terra. Ao tempo creábase unha infraestrutura –hospitais, capelas, hospedarías– para acoller e dar cura aos peregrinos que ían identificados pola súa indumentaria, que vai sufrindo cambios en función da moda. O vestiario constaba de túnica longa ou corta; sombreiro e esclavina. Completábase con elementos exteriores: a cuncha de vieira (xustificada por un milagre de Santiago), na esclavina ou na túnica; o bordón para apoio e defensa; a cabaza (portadora de líquidos); e unha bolsa con alimento que pende do colo ou da cintura.

O principal percorrido para estes viaxeiros espirituais era o camiño francés que describe o “Códex Calixtinus escrito no século XII polo monxe Aymerico Picaud. Desde Italia, Países Baixos e Alemaña tamén partían outras rutas que confluían en Francia e que entraban a España por Roncesvalles.


Quen non viña por terra podía vir por mar. A ruta marítima máis destacada é a que vén de Inglaterra dada a intensidade deste comercio marítimo a partir do século XIII. Dentro destes camiños e rutas, Noia terá un lugar salientable.

A VILA DE NOIA NO CAMIÑO

Anterior á fundación de Noia ano 1168, diversas fontes bibliográficas recollen un documento de excepcional interese para considerar Noia como punto de recepción de peregrinos que veñen por mar. Refírome á crónica dos cruzados de Dartmouth no ano 1147, a única que nos describe a viaxe ata as terras de Noia.

Noia daquela estaría localizada nun punto entre a Barquiña e Barro, e non pasaría de constituír unha aldea de pescadores. Non sabemos se dispoñía dun porto que operaba como escala técnica da ruta marítima ou se as embarcacións chegaban ocasionalmente, como porto improvisado ata a desembocadura do Tambre. Pero si consta que en 1147 case duascenas naves de cruzados procedentes de Dartmouth, en dirección a Terra Santa, arribaron ao estuario do río e que os cruzados camiñaron despois ata a tumba do Apóstolo.

A partir do 9 de abril de 1168 fúndase Noia e créase un novo porto. O rei Fernando II de León concédelle a Carta Pobra é durante os séculos seguintes desenvólvese como urbe e centro



RUÍNAS DO CLAUSTRO DE TOXOSOUTOS

comercial. Este porto comercial coñecerá a recepción de peregrinos, aínda que carecemos de nomes, licencias de embarque, contratos de transporte para saber as rutas, así como o referente ás mercancías e pasaxeiros.

O texto da Carta Pobra deixa ben claro que o rei outorga o arcebispo, D. Pedro Gudesteiz, a facultade para crear un novo burgo e un novo porto na comarca de Santa Cristina de Noia, á beira do Tambre. Varios factores motivaran que este porto de Noia intente desviar, no seu favor, as naves de peregrinos que se dirixían a Santiago.

O investigador Gautier Dalché destaca as vantaxes fiscais ao dicir “los navíos que llegaban con viajeros para Santiago empezaban por iniciativa propia a fondear en la ría del Tambre. Esto es muy probable ya que huirían de los portazgos de las Torres de Oeste, y ello redundaría en detrimento de Padrón”.

No caso de naufraxio os navíos que levaban peregrinos restituíanlle as súas pertenzas. Por outra banda hai que con-

siderar que o porto de Noia presentaba unhas condicións favorables nas rutas marítimas de peregrinación e non debemos separar o comercio da peregrinación. A vila contaba cun activo comercio beneficiado por varios aspectos: o porto (o tráfico portuario de Noia dirixíase a Inglaterra, Flandres, Bretaña (está documentado que os barcos no século XV saían a Bristol; importan *sayos* de Irlanda; no século XVI un barco viña con destino a varios portos de Galicia, entre eles o de Noia, cargado con cáñamo, redes...), a súa artesanía e a súa importante actividade pesqueira. Tampouco podemos perder de vista a proximidade a Santiago, a tan só 8 leguas de distancia.

No 1434, ademais de ser Ano Santo, é cando se consagra a igrexa de San Martiño. Neste ano o tráfico marítimo obtivo a súa cota máxima, pois, chegan a Galicia 63 naves con 2990 peregrinos procedentes de Inglaterra.

Non hai datos que o corroboren, pero atreveríamonos a asegurar que algunha desas naves puideron arribar en Noia, a pesares de que a partir do século XV o porto máis favorecido era o da Coruña, pois, tal como aparece nunha Carta de Afonso II ao clero de Tours, sempre houbo moito interese en unir o culto de San Martiño a Santiago.

Os peregrinos, unha vez en terra, tiñan que continuar a viaxe a pé ata Santiago. Outras veces, despois de visitar



IGREXA DE SANTA MARÍA A NOVA

a Tumba do Apóstolo, viñan a Noia para continuar o camiño ata Fisterra pasando por Noia, tal como figura no itinerario realizado polo señor de Caumont no 1417.

Cal era o camiño de Noia a Santiago por terra? O itinerario marcado por Huidobro y Serna (*Las peregrinaciones jacobas*, 1949-1951) é o seguinte: Mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, Luaña, Altamira, Santa María dos Anxos, castro de Aguapesada e Santiago.

O carreiro documentado por Elisa Ferreira Priegue (*Los caminos medievales de Galicia*, 1988) é: “Noia pola ponte de Traba, aínda que tamén hai un camiño directo de Noia a Pontenafonso por Roo, Monasterio de San Xusto de Toxosoutos, Sabugueiro, Costoia, Alto dos Carros, Luaña, Viceso, Brión, pasando polo castillo de Altamira, logo desviñabase por Negreira, Castro de Aguapesada e Santiago”. Este camiño, a dicir de algúns, era montuoso pero preferible á distancia que media entre Santiago e A Coruña

Outra reflexión importante a facer, que nos confirma este vieiro como o itinerario a Santiago, é a existencia do Mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, situado na vía que conectaba Compostela co mar. O cenobio contaría con hospedaría e enfermeiro, onde acollerían non só aos monxes senón aos peregrinos e a outras xentes enfermas da bisbarra.

HOSPITALIDADE PARA OS PEREGRINOS

Outros datos para confirmar que Noia é unha vila a ter en conta nos itinerarios de peregrinación é a creación de hospitais. O Hospital “Sancti Spiritus” de Afora localizábase no barrio do mesmo nome, a extramuros da vila. No ano 1476, dentro do recinto amurallado, fundouse o Hospital de “Sancto Spiritus” de Adentro, pero nel, segundo Fabeiro Gómez, “non se recollía ningún forasteiro”

O Hospital de Afora ergueuse cara ao 1.300 sendo patrón del o Concello. Contaba con mordomo, administrador e hospitaleiro. No 1587 *ten a súa casa baixa con unha capela apartada e o seu alto dobrado, ten de renda en cada ano seis mil mrs. En dinero...está mal reparado e sen roupa e...no ano ostenta e sete estaban as rendas por cobrar e as contas por tomar.*

No ano 1594 anexionábase os dous hospitais. Dende este momento perma-


nece só en funcionamento o Hospital de Afora, posto que dispón de capela, e é máis grande e limpo por estar xunto ao río e “encóntrase perfectamente arraxado habendo sido renovado recentemente, coas súas alcobas e camas moi ben acondicionadas en onde se recollen todos os enfermos pobres, tanto da localidade como foráneos”.

No arco da entaba tiña dous relevos alusivos ao mundo da peregrinación (o bordón coa cabaza e a cuncha) que valen como testemuño dos que no seu “peregrinar” buscan axuda e albergue. Tamén había catro conchas que, quizais, mostran á Mitra Compostelá como señor de Noia e, finalmente, o relevo da Arca de Noé que nos fala da mítica fundación de Noia.

Un documento de incuestionable valor, que confirma que este Hospital e a súa capela acollía a peregrinos, encontrámolo no Preito sostido entre o mordomo do Hospital, D. Rodrigo García Marcote e o bacharel González, contra D. Antonio Lemos e labradores de Chaves (Lousame) pola posesión do citado lugar, ano de 1500:

Unha igrexa e hospital moi antigo e moi venerable e de moita devoción na vila de Noia e de moito privilexio para os veciños dela e doutras moitas partes que a ela veñen en romería e demais da dicha igrexa onde hacen estación ansi por jubileos como por la bula de la Cruzada e ao hospital coas súas camas moi boas en onde se recollen pobres ansi naturales como forasteros.

A escaseza de datos referidos ás visitas dos peregrinos neste hospital complétanse cun documento extraído do Libro de Actas de 1792-1843 do Arquivo Municipiopl de Noia, e que se trata da copia do título de mordomo no 1792: *Entre as súas obrigacións estaban a de hospedar os pobres enfermos e peregrinos.*



FACHADA DE SAN MARTIÑO (arquivo Xogaina)

ICONOGRAFÍA DE SANTIAGO EN NOIA

A presenza dunha escultura de Santiago non confirma o paso dunha ruta porque, ás veces, só se corresponde cunha devoción popular. As imaxes na fachada de San Martiño, poden deberse á influencia que exerceu o Pórtico da Gloria.

Nesta igrexa encontramos tres imaxes de Santiago Apóstolo. Na portada aparece dobremente representado nas xambas superiores e inferior dereita. Na primeira temos Santiago o Maior con sombreiro con cuncha, báculo “in tau” do que colga un “panisellus”, é a imaxe prelacial do Apóstolo cunha cartela na súa man dereita. Na segunda imaxe, Santiago representábase con sombreiro con cuncha, un bordón, o libro na súa man esquerda e a indumentaria dos apóstolos. A terceira imaxe sitúase na nave, Santiago Apóstolo representábase sedente, coroado “in cathedra” e con báculo en forma de tau.

UN PEREGRINO NO CEMITERIO DE NOIA?

Esta imaxe atópase no Museo das Laudas situado no interior de Santa María A Nova. A figura humana porta todos os elementos característicos dun peregrino: sombreiro, longa túnica adornada con conchas e bordón na súa man dereita. Pero, a presenza do libro na súa man esquerda e das ferramentas de traballo aos seus pés, levaron a Xepe Torres a identificalo como o Mestre dun gremio.



Pedro García Vidal

Noia *Portus Apostoli* A peregrinación por mar a Compostela e a Ría de Muros -Noia

Na alborada dun novo Ano Santo, e ao igual que sucedera en celebracións anteriores, a invisibilidade da ría de Muros e Noia na promoción dos camiños de peregrinación por mar a Compostela é absoluta. Mesmo nos mapas editados pola Xunta, non figura mención algunha ao sobranceiro papel das vilas de Muros e Noia como centros receptores de peregrinos procedentes da Europa noratlántica. Porén, para calquera persoa coñecedora da historia de ámbalas dúas vilas no comercio medieval, supón un paradoxo importante o seu completo esquecemento como portas de entrada de peregrinos a Compostela por mar.

As “razóns” que poden explicar esta ausencia poden ser de dous tipos: históricas e políticas. Entre as primeiras, podería alegarse a falta de documentación acreditativa suficiente da arribada de peregrinos por mar a esta costa de Galicia; entre as segundas, que a atención prestada ao asunto por parte dos concellos da ría non fose o suficientemente coordinada nin eficiente.

A VERTENTE POLÍTICA NA ACREDITACIÓN DAS RUTAS XACOBEAS: O EXEMPLO DE VIGO

Que unha cousa son as razóns históricas e outra moi diferente as razóns políticas de cara á inclusión ou non dunha vía nas rutas de peregrinación oficiais, ponse de manifesto coa última incorporación aos itinerarios xacobeos da cidade de Vigo. Este caso constitúe un exemplo paradigmático de como as presións políticas teñen, con frecuencia, máis peso na decisión que as cuestións históricas.

Vexamos:

Vigo levaba anos reclamando sen éxito a súa inclusión nas rutas xacobeas oficiais, como unha parte do Camiño portugués, por parte dunha asociación coñecida como “Amigos dos Pazos”. Finalmente, en xullo deste ano, instituído o novo goberno galego, a cidade olívica é

recoñecida e entra no programa da Xunta para 2010. A noticia anunciouna o propio presidente Alberto Núñez Feijóo: “*A partir de agora Vigo está al mismo nivel del resto de las ciudades de Galicia porque era la única que estaba fuera*” (El Correo Gallego, 27 de xullo de 2009).

O parlamentario do PP Ignacio López Chaves converteuse no protagonista do feliz acontecemento. El fora o autor dunha proposta parlamentaria –no ano 2008– que obtivo o apoio unánime da cámara para incluír a cidade de Vigo nas campañas de promoción dos distintos itinerarios da ruta xacobeas. “*Os camiños de Santiago non son únicos*” dixo o deputado, para sinalar que o camiño portugués pola costa merecía ser coñecido tamén polas persoas interesadas nas rutas xacobeas.

Pero, a que responde ese interese de figurar nos itinerarios oficiais da Xunta de Galicia de Camiños de Santiago? O mesmo parlamentario contestou: “*El objetivo era que lo incluyesen en todos los programas culturales y en todas las campañas de publicidad*”. A decisión da Xunta, seguiu a explicar López Chaves “*tiene una enorme trascendencia para Vigo, así como para el resto de los municipios, tanto desde el punto de vista del reconocimiento de su historia como cultural, porque la ciudad se incluirá en los programas culturales del próximo Xacobeo*”. E incidiu na promoción turística que dita decisión supón

“porque a partir de agora cualquier persona que consulta las guías verá la referencia de Vigo y que es posible realizar el camino desde la ciudad olívica”. Para rematar facendo fincapé na transcendencia económica que supón a decisión: “*Que Vigo aparezca en todas las referencias mundiales del Xacobeo del año que viene, tiene una consecuencia económica muy grande*”, pois recordou que na última edición visitaron Galicia un total de seis millóns de persoas.

Penso que as razóns políticas quedan suficientemente claras con este exemplo; por certo, a declaración do resto de itinerarios marítimos seguiu procedementos semellantes en case todos os casos. Neste senso, que a ría de Muros-Noia estea ausente das rutas de peregrinación por mar semella claro que se debe á falta dunha presión política axeitada que lograra unha declaración do goberno galego favorable. No momento en que iso se produza, Noia e Muros figurarán, sen dúbida, nas rutas de peregrinación, pois as outras razóns, as históricas, como veremos, presentan na maioría dos casos unhas argumentacións máis ben febles e documentalmente unha base de debilidade semellante en todos os casos.

AS RAZÓN HISTÓRICAS

Vaiamos logo ás razóns históricas:

Posúen as rutas marítimas de peregrinación declaradas oficiais un aporte documental que faga irrefutable a súa declaración? En absoluto. Sempre estamos, salvo quizabes no caso de Padrón, Pontevedra e A Coruña, ante unha documentación bastante raquíca. Na maioría dos casos inferior á que puideran aportar vilas como Muros e Noia con presenza destacada nas rutas comerciais da Europa atlántica desde o século XIII. E por suposto, con bastantes menos símbolos de peregrinación presentes no seu espazo urbano, como



HOSPITAL DE AFORA NO BARRIO DO ESPÍRITO SANTO. NA PORTA
—ACTUALMENTE NO SALÓN DE PLENOS— FIGURAN CICELADOS OS SÍMBOLOS
XACOBEO.


os que aínda hoxe podemos contemplar nas dúas vilas citadas. Desde o punto de vista histórico a comparación con Vigo de Noia e Muros, como localidades receptoras de peregrinos na Idade Media, non resiste nin tan sequera o máis mínimo argumento. Noia, o principal porto da ría, fundouse en 1168; Pontevedra, o núcleo principal da súa ría, un ano despois 1169; Vigo no Medioevo era apenas unha pequena aldea de pescadores sen ningunha relevancia comercial e, polo tanto, moito menos porto destacado de recepción de peregrinos.

Para unha mellor comprensión do protagonismo de determinados portos no proceso de fundación e desenvolvemento marítimo comercial da costa galega —proceso intimamente ligado ao fenómeno da peregrinación—, facemos de seguido un breve achegamento.

OS SÉCULOS DIFÍCILES PARA AS POBOACIÓNS COSTEIRAS

A caída do imperio romano (século V), que vai traer para Galicia o establecemento dos suevos, defínese pola inestabilidade como norma xeral. As loitas contra os romanos, e logo cos outros pobos bárbaros, como alanos e visigodos en cuxo mundo van ser finalmente integrados, converten o período nunha etapa conflictiva. Xunto coas intervencións musulmáns e as devastadoras incursións normandas a partires do século IX, todas elas son circunstancias que converten ao período altomedieval nun momento complicado para a vida das poboacións en xeral e dos establecementos costeiros en particular, pois producen unha inestabilidade xeral, imposibilitan o tráfico marítimo, e impiden definitivamente a aparición de realidades urbanas nos bordos marítimos.

A falta de documentación pode facernos pensar que as xentes deste tempo déronlle as costas ao mar dun xeito



MAPA DOS “CAMIÑOS DE SANTIAGO EN GALICIA”, ANTES DA INCORPORACIÓN DA CIDADE DE VIGO, ONDE A RÍA DE MUROS-NOIA ESTÁ AUSENTE DAS RUTAS MARÍTIMAS XACOBEAS (Fonte: Xunta de Galicia, 2008).

absoluto, e de aí que se fale destes anos como os séculos escuros para as poboacións de beiramar; porén, unha costa tan extensa e coa particularidade deses entrantes de mar na terra que son as rías, verdadeiras balsas de auga tranquila e criadeiros dunha variada multitude de especies de peixes, constitúen un recurso tan notable que é difícil entender o seu total abandono. As últimas investigacións sobre o tema, presentadas polo profesor Xosé Miguel Andrade no Curso de Verán da USC celebrado en Noia (21-24 de xullo, 2009), indican a posta en cuestión desta suposta escuridade. Fala este autor dunha serie de peregrinacións a Terra Santa que teñen como orixe as terras do Noroeste que sinalan a existencia dun ritmo vital e comercial nas costas galegas nese tempo.

A aparición a finais do século IX do sepulcro do Apóstolo vai supoñer un acontecemento revolucionario na historia de Galicia en xeral e no seu espazo costeiro en particular. As novas do acontecemento que se espallan polo espazo cristián do norte da península chegan axiña ao poder dos viquingos que a miúdo atacan estes territorios. A atracción das posibles riquezas arredor deste foco nacente da cristiandade e a posibilidade de obter un notable botín fan que os ataques normandos aumenten sobre as costas galegas. Axiña, un rosario de fortificacións costeiras, cun protagonismo importante da igrexa irienese, comeza a emprazarse en determinados lugares da costa. A ría de Arousa e o río Ulla é o espazo fundamental a protexer. Tamén o Faro de Brigantium. É de supoñer



ANTIGA PORTA DO HOSPITAL DE AFORA COS MOTIVOS DA PEREGRINACIÓN.

que arredor destes enclaves defensivos comece a desenvolverse novos poboados e que iso contribúa nunha reactivación económica da zona. O poboado do Faro medra e cobra cada vez máis importancia.

OS SÉCULOS IX-XII. A COSTA COMO PORTA DE ENTRADA A COMPOSTELA

A aparición do sepulcro do Apóstolo vai converter o lugar nun santuario, que inmediatamente comezou atraer peregrinos. Estes van achegarse a Compostela non só por vías terrestres senón que simultaneamente van ir empregando as vías marítimas como portas de acceso. Deste xeito, a costa galega entre os séculos IX e XII é visitada cada vez por máis xente. Aínda tendo en conta que o porto de Padrón monopoliza o tráfico polo menos ata a primeira metade do século XII, non por ilo debemos pensar que noutras rías como a de Muros e Noia ou a ría de A Coruña non comezaran xurdir unha serie de portos nos que tamén se producían algúns desembarcos.

Nos séculos XI e XII aparece na documentación toda unha serie de peregrinos palmeiros a Palestina, nalgúns casos procedentes do Atlántico Norte que recalán en Galicia e incluso aproveitan a ocasión para achegarse a Compostela; noutros casos trátase de pere-

grinos galegos que deixan testamento antes de partir (no mosteiro de Toxosoutsos existían varios destes testamentos de peregrinos a Terra Santa). Neste caso non se sabe cal era o seu porto de partida, aínda que semella probable que o fixesen desde Noia.

A partires do século XIII a peregrinación é a Santiago exclusivamente e os peregrinos van ser preferentemente ingleses. O volume dos mesmos é importante e as cifras superan os 5000 peregrinos ingleses por ano no século XIV, chegando no século XV, en que se produce o apoxeo da peregrinación, a máis de 11.000. Nos anos santos estas cifras veranse notablemente incrementadas. A investigadora Elisa Ferreira chega a contabilizar ata 64 portos ingleses de saída de peregrinos, e a navegación a Galicia pode durar entre catro e cinco días se as condicións de navegación son favorables.

Pero, cal era o principal porto de arribada destes peregrinos? Para estes autores non hai dúbida de que a Coruña é o porto preferido. Varias causas xustifican esta preferencia: o crecemento importante da poboación do Faro, a notable importancia que desde o punto mercantil vai cobrando este establecemento, o tratarse dun porto de reguen-go, unhas excelentes condicións naturais e a proximidade aos lugares de saída dos peregrinos entre outras. Esta importancia vai dar lugar a que o rei Afonso IX outorgue o Foro á Coruña e que sexa este feito o que defina, segundo José Miguel Andrade, a trama urbana coruñesa: os peregrinos logo de desembarcar no Parrote, entran na cidade pola rúa Tabernas onde, logo de repoñer forzas, continúan cara a Compostela polo Camiño inglés. Como o binomio comercio-peregrinación van irremediabilmente unidos, a cidade medra física e demograficamente. A *Pescadería* convértese nun arrabalde cara ao que van non só as clases traballadoras senón tamén estamentos poderosos.

E que pasa cos outros portos? Que sucede con Noia e Muros? Como anteriormente sinalamos, nese tempo de inseguridade que comprende os séculos IX a XII, en lugar da pervivencia e aparición de entidades estables ao longo da costa, o máis corrente sería que se producisen abandonos nos momentos de maior perigo e que, pasado este, as poboacións retornasen ao lugar. Segundo Anselmo López (1999) “*estes vaivéns sucesivos que afectaron á totalidade de poboacións costeiras (Tui), pero tamén interiores (Santiago, Ourense), fai que as cidades teñan así poucas posibilidades de progresar*”. Porén, semella claro que o abandono da costa non será total. Os establecementos pesqueiros, cunha posición favorable para o desempeño desta actividade, serán ocupados en períodos favorables ao longo do ano, e só o seu abandono terá lugar nas épocas de maior perigo.

Confirmación dese tráfico marítimo anterior á aparición documental como realidades claramente urbanas podemos certificarlo na ría de Muros-Noia.

Noia en 1168 recibe a súa Carta Pobra, e segundo ese documento dita fundación realízase para “*restaurar o porto do Apóstolo*”. Ese primitivo recinto portuario anterior ao que semella referirse o documento xa debiera alcanzar certa importancia no 1147, pois o profesor Álvaro de las Casas (1936), dinos que cara a ese ano: “*una armada salida de Dartmouth con soldados de Flandes, la baja Alemania, Inglaterra y Aquitania que tomaban parte en la cruzada que predicara San Bernardo, corrió gravísimo peligro a causa de una tormenta, y pudo encontrar refugio en nuestro puerto donde se reunieron y repararon sus 200 naves*”.

Por conseguinte, a pesares dos inconvenientes, as actividades mercantís e o desenvolvemento pesqueiro avanza a medida que transcorre o século XII. Este progresivo desenvolvemento na dobre dirección, mercantil e pesqueira, vai supoñer que os reis de León, na segunda metade do XII, presten atención ao fenómeno e traten de aproveitarse del mediante a fundación dunha serie de poboacións urbanas.

Seguindo a Elisa Ferreira (1991), é agora cando por iniciativa rexia e coa intención de “*desviar ó seu favor parte da riqueza que entraba en Galicia por mar*” vai ter lugar a aparición dunha serie de vilas mariñeiras: Noia (1168), Pontevedra (1169), Tui (1170). A creación de Ribadeo (1182) e Viveiro orientan a súa actividade comercial cara a Gascuña, Flandres e Inglaterra.

Con Afonso IX prosegue o proceso de fundación real de establecementos costeiros: Baiona, A Garda, A Coruña... A vila de Muros, a outra entidade urbana da ría, xor-



IMAXE DA RÚA DA PEREGRINA TOMADA POR RUTH MATILDA ANDERSON
DESDE A TORRE DE SAN MARTIÑO
(Arquivo da Hispanic Society of América, 1926).

de agora nesta segunda ondada repoboadora. Debemos ter en conta que esta aparición dunha serie de portos ao longo da costa galega, non constitúe un feito illado, senón que, pola contra, debe poñerse en relación co auxe das poboacións atlánticas que vai ter lugar en Europa Occidental, e que chega con toda a súa forza a terras galegas desde mediados do século XII e principios do XIII.

Segundo a opinión do profesor López Alsina (1988), será esta integración dos portos galegos nos circuitos comerciais da Europa Atlántica, unha das dúas razóns que explican o renacemento da vida urbana na fachada costeira de Galicia; a outra, estará en relación co “Camión a Santiago”, que a partires do ano 1000 cobra unhas dimensións masivas. O arraigo da crenza na presenza sepulcral do corpo de Santiago, escribe o mencionado autor, “*justifica y explica tanto el crecimiento constante del señorío en virtud de las donaciones reales como la expansión de la peregrinación*”. Segundo este autor, o fenómeno da peregrinación vai facer que un modesto “locus” rural de finais do século IX se converta no sécu-

lo XII no gran motor da urbanización de Galicia.

A mediados do século XII o tráfico marítimo xiraba, como vemos, en torno ás peregrinacións a Compostela, que utilizaban o porto de Padrón como entrada por mar ao que se chegaba a través do río Ulla. O control que exercían os arcebispos composteláns sobre Padrón, a quen pertencía, permitíalles monopolizar o comercio exterior galego. Fernando II, o mesmo rei que ratificara os usos de porto de Padrón no 1164, tratará de remediar esta situación. Motivado pola posición de Padrón con respecto a Santiago, o que xa producira que algúns barcos comezasen a desembarcar máis ao Norte, ou polas excesivas cargas que tiñan que pagar nas Torres do Oeste en Catoira, o que sucedeu foi que o mesmo Fernando II, catro anos despois, en 1168, vai fundar o burgo de Noia, procedendo para ilo ao traslado da poboación de Santa Cristina de Barro a un novo emprazamento. A intención aparece reflectida na Carta Pobra fundacional “*hoc facio ad restorationem portus Apostoli*”.

Seguramente motivado polas protestas do arcebispo compostelán que vía unha intromisión de poder na terra de Santiago, a localidade bautizada como *Totum Bonum*, vai pasar a mans da Mitra compostelán por cesión real, e pronto vai recibir o Foro de Compostela. Porén, o rei retivo para si a metade do dereito de ancoraxe. E o que é máis importante para o tema que nos ocupa: no documento, aparte de figurar os dereitos do rei sobre a vila, e co fin de favorecer o tránsito marítimo, decláranse abolidos os costumes que daban ao señor da terra os despojos dos naufragos na parte da costa comprendida entre A Coruña e Padrón. É importante sinalar esta reforma expresa da pena por naufragio que se realiza nos foros outorgados á vila de Noia, e que ven alterar os vellos costumes ata entón



HOSPITAL DE ADENTRO NA RÚA DO CURRO.

vixentes na zona. Este dereito, que facultaba ao arcebispo a apoderarse dos navíos que naufragasen na costa, é agora suprimido no caso daquelas naves que chegasen con peregrinos. Parece evidente que se fai referencia a unhas actividades que se viñan realizando na zona desde tempos anteriores e que teñen que ver cun importante tráfico marítimo no que se incluía unha importante arribada de peregrinos.

Este dato, confirma máis, se cabe, que na costa da ría de Muros-Noia, antes da “*creación*” de realidades urbanas por simple vontade rexia, existían xa os xermes de primitivas entidades urbanas creadas de xeito espontáneo. Igualmente, a modificación do dereito de naufraxio pon de relevo o recoñecemento das actividades portuarias nesta ría ao tempo que se trataba de ampliar o ámbito das súas relacións.

NOIA E MUROS: PORTOS SOBANCEIROS NA PEREGRINACIÓN A COMPOSTELA

Fronte á importancia dos factores militares noutras áreas da península, na fundación dos núcleos costeiros de

Noia e Muros, ao igual que o resto dos do norte peninsular, a primacía de orde económica é salientable. O tráfico, base do comercio, será a razón de ser destas vilas medievais. Por iso, ademais de estar situado nunha vía era necesario que o lugar, co fin de favorecer o desenvolvemento comercial, cadrase nun punto de enlace ou de ruptura de carga, onde unha forma de transporte estivese substituída por outra. Por iso as rías galegas son óptimas para o comercio marítimo de cabotaxe, ao enlazalo cunha vía anterior de comunicación terrestre. De aí que os emprazamentos iniciais sexan no fondo das rías onde xorde un núcleo de poboación coa correspondente ponte medieval. Noia responde claramente a este esquema simple: un porto empregado como fondeadoiro natural, permitiu poñer en comunicación o transporte marítimo da ría co terrestre. Esta entrada natural convértese no porto de Compostela –o *Portus Apostoli*– ao que se une mediante unha vía terrestre ou camiño real, un cordón umbilical que conecta o mar da ría con Compostela.

Logo do dito, e se aceptamos que peregrinación e comercio son dúas realidades que camiñan da man na Galicia dos séculos medievais, semella claro que o fenómeno da peregrinación a Compostela por mar, xunto coa integración nos circuitos comerciais da Europa atlántica, foron factores que provocaron o nacemento e posterior desenvolvemento da vida urbana nos portos de Muros e Noia. De aí que, ademais das actividades pesqueiras e comerciais, unha terceira debía destacar igualmente: o ser puntos de arribada de peregrinos que desembarcaban en Muros e Noia para iniciar o seu camiño ata o sepulcro

do apóstolo Santiago. Tratábase especialmente de viaxeiros ingleses, pero chegaban tamén franceses como pon de manifesto Artaza Malvárez (1959) cando nos informa de que: “*En 1524 arribó al puerto de Muros una nave con 50 peregrinos franceses que venían a Santiago*”.

Ante a previsible cantidade destes viaxeiros especiais que chegaban aos portos de Muros e Noia, os propios concellos veranse na obriga de adoptar medidas para beneficio dos mesmos, entre elas a creación de hospitais para acollelos. Muros e Noia contaban con instalacións dedicadas a este fin. En Muros, relativamente afastada da vila, nas proximidades da igrexa da Virxe do Camiño, erguíase un pequeno hospital para a atención dos peregrinos. En Noia existiron dúas instalacións destinadas a esta función: o Hospital de Afora –con esta denominación por atoparse extramuros da vila–, e o Hospital de Adentro, situado na rúa do Curro, preto dunha das portas da muralla. Aínda na actualidade, a mesma presenza física ou a memoria destes establecementos de auxilio aos peregrinos, permanecen como símbolos visibles nas vilas de Noia e Muros.

Ademais, outros sinais de peregrinación gravados nas lousas graníticas das vilas noiesas e muradá recórdannos a cotío o seu importante papel histórico como portos xacobeos. É significativa a imaxe da lousa gremial de Santa María A Nova coñecida como “*lauda do peregrino*” –posiblemente, en opinión de Xepe Torres, un representante do gremio de carpinteiros de ribeira–. A destacar a presenza das doce vieiras, símbolo de peregrinación, na súa vestimenta.

Por último, e por facer unha comparación coa argumentación do profesor Andrade para o caso de A Coruña: non define en Noia a súa trama urbana, que os peregrinos, logo de desembarcar nas proximidades de o *Poxilgo*, ao pé da primitiva ponte, acudan á principal e monumental porta de entrada por mar á vila, que curiosamente recibía o nome de *Porta da Peregrina*?, non é salientable que a figura da virxe con tal nome protexa esta entrada principal por mar?, e non marca decisivamente a trama urbana a rúa que co nome de *Peregrina*, desde aquí conduce á praza do Tapal? Logo, San Martiño, onde os peregrinos recibían acougo espiritual antes de abandonar Noia pola Porta da Vila, para desde aquí e logo de percorrer a Corredoira de Afora, dirixir os seus pasos cara a Compostela pasando a rentes do mosteiro de Toxosoutos, ao traveso do coñecido como Camiño Real, un traxecto relativamente curto (apenas 40 quilómetros) se o comparamos co resto de camiños costeiros cara a Compostela. Sen dúbida esta “pequena distancia” entre



ESTA IMAXE DA VIRXE DA PEREGRINA –HOXE NA CASA DE MARÍA LORENZO CÉS, VIÚVA DE SOMOZA– ESTABA NUNHA FORNELA DA MURALLA E APARECEU ABOIANDO BAIXO A PONTE VELLA.

Compostela a Noia, en definitiva entre o mar, vía de tránsito principal naquel tempo, e Santiago, foi o primeiro motivo que levou ao rei Fernando II a proclamar Noia como *Portus Apostoli*.

Nada mellor para rematar que as propias palabras do rei fundador que figuran ao final da Carta Pobra, que se quere “*teña perpetua vixencia*”, coas que o monarca advirte a todo aquel que ouse atacar ou perturbar ao nacente porto, ao que nos engadiríamos tamén aquel que pretenda ignorar o seu senlleiro papel como porta de entrada de peregrinos a Compostela por mar: “*que o causante de tal acto caia baixo a ira e indignación de Deus e de Santiago, xunto coa excomunión e sexa considerado reo de lesa Maxestade e padeza a perda de todos os seus bens e exilio perpetuo*.”

Motivos xacobeos na heráldica noiesa



Xoán X. Mariño

Os motivos xacobeos que simbolizan o culto apostólico en Compostela son moi diversos e están relacionados co suposto enterramento do discípulo de Cristo en Santiago, co seu fantástico traslado desde Xerusalén e co seu descubrimento, pero sobre todo co Camiño de Peregrinación que, desde todos os confíns de Europa, percorren cada ano, desde o s. IX, milleiros de peregrinos por terra ou por mar para chegar ata o occidente de Galicia, primeiro para render culto ás súas reliquias e logo buscando a indulxencia que os diferentes papas ofreceron con ocasión dos Anos Santos. Así, os símbolos xacobeos por antonomasia pasaron a ser os relacionados coa peregrinaxe a Compostela: a indumentaria, particularmente o *sombreiro* coa aba frontal pregada, a *esclavina* sobre os ombros, o *bordón*, ou bastón cun extremo afiado e remate en bola, a *cabaza* periforme para transportar auga, pero sobre todo, a *cuncha de vieira*, utilizada para beber, pero tamén como elemento identificativo por riba de calquera outro e, por suposto, a *cruz de Santiago*, difundida pola orde militar do mesmo nome instituída polo monarca de Galicia e León Fernando II para a defensa do Camiño dos ataques sarracenos, cruz que se caracteriza pola súa forma de espada cos extremos dos brazos laterais flordelisados e o superior en forma de panela.

Toda esta iconografía está presente en Noia xa desde o momento da súa fundación en 1168, por aquel mesmo rei que pouco antes creara a Orde de San-

tiago e que puxo a nosa vila baixo o señorío da mitra compostelá, de maneira que a simboloxía xacobeas será utilizada constantemente polos homes do arcebispo para facer ostensible esta vinculación política, administrativa e económica entrámbalas dúas urbes. Pero tamén, froito do fenómeno das peregrinacións que afectou a toda Europa e, sobranceiramente, ás vilas e cidades galegas, estivesen ou non sometidas ó poder do señor de Santiago, é a presenza por todas partes destes símbolos, fosen rúas, prazas, edificios nobiliarios, castelos, igrexas, hospitais, cemiterios, pontes ou cruceiros.

Mais, sen ningún xénero de dúbidas, o lugar onde con máis profusión se incorporaron os motivos xacobeos foi á heráldica, que en Noia é excepcionalmente abundante, tanto pola presenza na nosa vila de numerosas liñaxes, con casas solariegas repletas de escudos, como por sobrevivir o seu conxunto case en toda súa integridade,¹ cousa que non sucedeu máis ca nunhas poucas vilas e cidades galegas; pois nas nosas rúas, igrexas e pazos é posible contemplar máis de 160 escudos, deixando aparte os dos burgueses, menestrais, congregacións relixiosas e sociedades. E neles un dos motivos máis repetido é o da vieira, que aparece en 26 casos, a maioría das veces no campo do escudo, pero tamén na bordura e incluso nos adornos exteriores, mesturada entre lambrequíns, aínda que indiscutiblemente, o símbolo xacobeo que maior presenza ten nos brasóns noieses é o bastón de peregrino, con 37 representacións, mentres que as cruces de Santiago aparecen só en 10 ocasións.

A VIEIRA

A cuncha de vieira, chamada tamén *veneira* por ser así mesmo atributo de Venus na iconografía clásica, é o signo por excelencia da peregrinación xacobeas, pero nos escudos noieses aparece, xunto con outros motivos, máis frecuentemente para aludir a relación tan estreita que se

¹ M. FABEIRO GÓMEZ-X.R.FERNÁNDEZ OXEA. *Escudos de Noya*. Cadernos de Estudos Galegos, anexo XXI. Santiago, 1972.

estableceu entre Noia e a mitra compostelá desde a Idade Media. Este molusco ten dúas valvas, unha plana e outra convexa, que é a forma máis usualmente representada, coas estriás diverxendo desde a parte alta, onde sempre van as orellas. Esta *Cuncha Xacobeá* é a cuncha heráldica por antonomasia que se incorporou desde os tempos medievais ós escudos de armas en todo o territorio peninsular e non é rara atopala tamén por Europa adiante.

No campo do escudo

Estas cunchas poden aparecer soas, como única figura representada no campo do escudo, en cuxo caso *han de ocupar o centro do escudo e cubrir coa súa forma a maior parte posible da súa superficie, segundo o principio de amplitude, aínda que sen chegar a tocar nunca os bordes do escudo, nin aproximarse tanto a eles que pareza querer forzar os seus límites,*² tal como se pode apreciar no escudo que se atopa nunha das laudas que forman parte do pavimento da capela dos Carneiros (ver foto 1) ou unha que se atopa na segunda partición do escudo doutra lauda que está na sancristía da mesma igrexa.

De representarse máis dunha vieira no mesmo escudo, todas elas han de ser idénticas no seu tamaño e esmalte, situándose de forma que entre todas cubran o campo do escudo. Se fosen dúas, di Luis Valero de Bernabé³ que *habrán de debuxarse unha ao costado da outra, o que se di pareadas*, cousa que non sucede no que figura a carón do emblema dos Daponte na tapa dun sartego medieval situado xunto ó muro meridional do cemiterio de Sta. María a Nova, nin no escudo dos Boán tallado no retablo maior de Sta. María a Nova, onde se colocan en barra, nin en ningún dos dous escudos noieses dos Xunqueiras que se achan no interior da igrexa de S. Francisco (ver foto 2), así como no da mesma familia que se pode ver ó pé do altar maior de Sta. María a Nova, nin tampouco no que ornamenta o baldaquino gótico do pazo do marqués de Monroy, procedente da igrexa de Sta. María a Nova ou da de S. Martiño,⁴ pois nestes catro casos as cunchas dispóñense en pao.

No caso de aparecer cinco veneiras xuntas, a súa representación heráldica é en sotuer ou aspa, di Valero de Bernabé⁵ e, efectivamente, así acontece nas armas dos Pimentel que aparecen no último cuartel dun escudo de seis particións, timbrado de coroa vizcondal, nunha lauda de Sta. María a Nova, pero procedente de S. Martiño, onde Fabeiro e Fdez. Oxea o estudaron e identificaron, por esta orde os emblemas de Caamaño (un piñeiro acostado de 10 lanzas), Soutomaior (tres faixas con escques), Valadares (axedrezado), Mosqueira (cinco cabezas de lobo) e Lemos (13 roeis), ademais do primeiramente mencionado.⁶



LAUDA DA CAPELA DOS CARNEIROS (DETALLE).
IGREXA DE STA. MARÍA A NOVA.



ESCUDO DE XUNQUEIRAS. IGREXA DE S.
FRANCISCO.

2 LUIS VALERO DE BERNABÉ Y MARTÍN DE EUGENIO. *La tradición jacobea en la heráldica*. Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia nº 6. Pontevedra, 2007. Páx. 188.

3 Idem.

4 XOÁN X. MARIÑO. *A Arte*. En "VV. AA. Noia. Ribeiras do mar enxoito". Ed. Deputación de A Coruña. 2003.

5 LUIS VALERO DE BERNABÉ Y MARTÍN DE EUGENIO. Op. Cit., páx. 188



ESCUDO DOS CARBALLIDO NA CAPELA DOS CARNEIROS EN STA MARÍA A NOVA



ESCUDO DE LOPE DE MENDOZA NA CASA DA GRAMÁTICA

Claro que tamén pode aparecer acompañando a outras figuras, tanto na heráldica europea, como na noiësa como ocorre, en primeiro lugar, no escudo que está na cara oculta da tapa do sartego de Álvaro Paz Carneiro, morto en 1348⁷, no que se pode ver a cuncha de vieira enriba do animal que representa o apelido desta familia.⁸

En segundo lugar, nos oito casos coñecidos nos que dúas cunchas de vieira se representan xunto a dúas flores de lis e as ondas do apelido Mariño: o máis antigo, que presenta punta en forma de chave ou corchete colocado en forma horizontal, semellante a un arco conopial, propio da época gótica, é o que figura na lauda sepulcral de Aldonça Paz Dacosta que está no brazo norte da igrexa de S. Francisco, en cuxa primeira partición, correspondente ás armas dos Romero-Dacosta, fan acto de presenza os bordóns de peregrino que logo volveremos ver en múltiples ocasións; o segundo, probablemente do s. XV é o tallado sobre outra lauda do pavimento da capela dos Carneiro en Sta María a Nova (ver foto 3), que volve reproducir as armas dos Romero-Dacosta, pero esta vez na segunda partición, xunto as de Carballido (un brazo nacente de flanco sinistro que sostén un carballo arrincado e un puñal partido en punta), no primeiro cuartel e, no cuarto, Rioboo (unha torre ameada de cuxa porta sae unha rama con follas que abrangue toda a torre); o terceiro en incorporar lises, cunchas de vieira e ondas áchase xustamente a carón do anterior, formando parte tamén do lousado de dita capela funeraria, con toda probabilidade é xa do s. XVI e carece de particións internas, pero os emblemas dos Caamaño, no xefe, e dos Mariño, primeiro e Romero Dacosta, despois, na punta, non se mesturan; non moito máis moderno é o que se pode contemplar no claustro do concello, procedente de Sta. María a Nova, onde o debuxara Álvaro de las Casas para incluír no seu famoso libro sobre o cemiterio noiés,⁹ nel labráronse de novo as armas dos Romero-Dacosta, en primeiro lugar, Carballido esta vez co brazo nacente do flanco dereito, Rioboo e Mariño coas dúas ondas en punta surmontadas das dúas cunchas de vieira postas en faixa e as dúas lises, tamén en faixa; as mesmas armas repítense exactamente en igual orde nos dous escudos do pazo coñecido como Casa do Bispo, na rúa do forno do Rato: un sobre a porta de entrada e outro sobre o arco meridional deste edificio; ambos posúen o característico deseño renacentista: perfil curvilíneo nos costados, e esquinas achaflanadas na parte superior para adoptar a forma de catro pequenas curvas separadas por tres saíntes angulares; o sétimo, que polos seus adornos barrocos, debe ser do s. XVII, está na fachada do pazo de Lira, no Campo de Noia e reproduce tamén as mesmas armas dos Romero Dacosta, Carballido, Riobóo, xunto a esa variante local do apelido Mariño,

6 M. FABEIRO GÓMEZ-X.R.FERNÁNDEZ OXEA. Obra citada, pág. 12.

7 XOÁN X. MARIÑO. *Historia dos escudos de Noia*. En "IV Semana da Historia de Noia" Ed. Casa da Gramática. Noia, 2004. Páx. 94.

8 Escudo do que ata agora se ignoraba a existencia e cuxo coñecemento debemos ao noso amigo Xepe Torres.

9 ALVARO DE LAS CASAS. *O cemiterio de Sta. Maria a Nova*. Ed. Gráficas Sementeira. Noia, 1990. Páxina 65.


na que se combinan ondas do mar, cunchas de vieira e flores de lis; o último deste grupo ornamenta o retablo do Rosario de trazas neoclásicas que está pegado ó muro setentrional de Sta. María a Nova, pero traído aquí desde a igrexa parroquial: é un escudo ovalado, de madeira e policromado, pero sen respectar os esmaltes propios dos apelidos que representa, que son os coñecidos Carballido, no segundo cuartel, Mariño, no terceiro e Noguerol (tres faixas postas en pau e seis caldeiros) e Camaño (lanzas chantadas chan), segundo Fabeiro e Oxea¹⁰ ou Taboada (tres billetes de ouro e seis caldeiros) e Acosta (sete costelas), segundo Álvaro de las Casas¹¹, no primeiro e cuarto respectivamente.

En terceiro lugar, xa non acaroadas, pero si en faixa, no último cuartel da outra labra barroca que adorna a fachada do antes mencionado pazo de Lira, xunto ao feixe de canas do apelido Xunqueiras e as ondas dos Mariño, acompañando ás armas dos Carballido, Montenegro (M coroadada), Carantoña (tres cabezas e tres mans, aínda que aquí falta unha), Taboada (tres pales e dez caldeiras) e Figueroa (cinco follas de figueira), nos demais cuarteis.

En cuarto lugar, na segunda partición do escudo barroco procedente da Casa de Reino que antigamente había no Tapal, hoxe no andar superior do claustro do casa consistorial, que reproduce, con algunhas variantes, as armas do encaixado no baldaquino do pazo Monroy, e no cal, por outra parte, as figuras están mal ordenadas, pois deberían estar colocadas como os vértices dun triángulo invertido, é dicir as dúas veneiras arriba e a flor de lis abaixo, para evitar reproducir o triángulo divino, que resulta demasiado pretencioso para calquera liñaxe.

En quinto lugar, nos dous escudos mantelados que Fabeiro e Oxea identificaron como pertencentes a Rodrigo García Marcote,¹² o primeiro no claustro da casa consistorial, na clave dunha porta que antano comunicaba co convento, pero moi fragmentado, de xeito que só se pode apreciar unha das dúas cunchas que acompañaban, no primeiro cuartel, a un animal (cabra, xabaril ou touro) empinado dunha árbore da cal xa só se pode ver a parte inferior, sobre as ondas dos Mariño e o segundo, moito mellor conservado, no xardín do pazo da Pena do Ouro, no que se poden observar con maior nitidez tanto aqueles elementos que acabamos de describir, como os que figuran no segundo cuartel (catro faixas axedrezadas dos Soutomaior) e máis no mantel (dous cervos empinados a unha árbore, de Marcote).

Por último, na primeira partición dun escudo ovalado e dourado situado baixo o relevo da Angustia no retablo maior de Sta. María a nova, que trae as armas dos Ribadeneira, onde as cinco cunchas se reparten no centro e sobre cadanseu brazo dunha cruz flordelisada, xunto ás



ESCUDO DOS CASTRO. IGREXA DE STA. CRISTINA

de Lamas (un castelo con lapas), Mendoza (un escudo cuartelado en aspa en cuxas primeira e terceira partición vai unha barra de sinople perfilada de ouro¹³), Cortés (aguia bicéfala) e, no escusón, Caamaño, apelido principal do nobre D. Xoán de Caamaño e Lamas, que o mandou facer, segundo a inscrición, datada no ano 1694, que se puxo ao pé.

Na bordura do escudo

Tamén aparecen as veneiras nas borduras dos escudos, que precisamente por este motivo se denominan *borduras xacobeas*, en cuxo caso, di Valero de Bernabé, as cunchas han de axustarse ao contorno da bordura.¹⁴ O único caso existente en Noia é precisamente un dos máis coñecidos tanto por acharse nun lugar tan emblemático como a Casa da Gramática, como por ser un dos máis fermosos, grazas ás súas harmónicas proporcións e nobreza da pedra en que está tallado, trátase do escudo do arce-

10 M. FABEIRO GÓMEZ - X. R. FERNÁNDEZ OXEA. Obra citada, páx. 28.

11 ÁLVARO DE LAS CASAS. Op. cit. Páx. 55.

12 M. FABEIRO GÓMEZ - X. R. FERNÁNDEZ OXEA. Op. Cit., páx. 38 e 54.

13 Esta disposición só se dá en Noia. Fóra daqui, en lugar da barra —peza que desde a parte superior esquerda atravesa diagonalmente o escudo ata a parte inferior dereita—, vai xeralmente unha banda —peza que cruza diagonalmente o escudo de dereita a esquerda—.



ESCUDO DOS ROMERO DACOSTA. IGREXA DE S. FRANCISCO (EXTERIOR).

bispo D. Rodrigo de Luna (ver foto 4), no que campea un crescente de lúa, por pertencer á familia do condestable D. Álvaro de Luna.

Nos adornos exteriores do escudo

Finalmente, tamén é posible encontrar as cunchas xacobeas nos adornos exteriores do escudo. A mostra máis antiga é a de D. Lope de Mendoza, que aparece na parede setentrional da igrexa de S. Martiño que se rematou no ano 1434 e a máis espectacular é, sen dúbida, a que emerxe entre os vigorosos e complexos lambrequíns dos dous escudos de Sta. Cristina que engalanan a fachada da actual igrexa (ver foto 5) e casa parroquial; ambos amosan, entre profusa decoración de follas, volutas, nenos con trompetas, lanzas e alabardas, unha cuncha de vieira de gran vigor plástico e sendos bordóns de peregrino con cadansúa cabaza pendurada.

O BORDÓN

Polo que se refire ó outro motivo xacobeo de gran presenza en Noia, o bordón ou bastón de peregrino, este xeralmente está situado no campo do

escudo, pero pode aparecer tamén nas borduras e máis nos lambrequíns e, salvo este último caso, en todos os demais faino vinculado ó apelido Romero. Romeiro era o termo que, nun principio, designaba á persoa que viaxaba a Roma impulsado pola devoción aos apóstolos Pedro e Pablo e logo estendeuse a todos aqueles que se desprazaban a calquera santuario que gardase reliquias de santos e santas con sona de milagreiras (S. Campio, Sta. Minia, S. Ramón de Bealo, etc), onde se celebran *romarías*, pero fundamentalmente a outros centro de peregrinación importantes tales como Santiago e Xerusalén.

Segundo Fabeiro, este apelido procede do solar da casa de Barco, no veciño concello de Outes,¹⁵ onde a familia dos Romero tiña unha fortaleza da cal aínda quedan algunhas paredes, no lugar denominado A Torre.¹⁶ Cando os seus membros se instaloron en Noia, onde aparecen xa desde o s. XV, vinculáronse á liñaxe dos Dacosta, fundadores do pazo da Pena do Ouro, previamente entroncados cos Orelláns, procedentes de S. Pedro de Baroña (Porto do Son)¹⁷, de maneira que nas armerías noiesas, os bordóns cos que se representan os Romero da ría de Muros e Noia (fôra de aquí fano ben con tres columnas cinguidas por unha cadea, ben cunha cruz ou ben con cinco cunchas de vieira¹⁸) van sempre asociados ás orellas daqueles últimos.

No campo do escudo

A manifestación máis antiga da unión de ámbalas dúas casas nobres é unha labra tallada sobre unha lauda medieval que se atopa na sancristía de Sta. María a Nova; nela (ver foto 6) aparece un longo bastón con punta de ferro dividindo simetricamente o campo do escudo, a xeito de partición, flanqueada por catro orellas postas en pau e dúas caldeiras, ou quizais fardelos de peregrino, tamén en pau, e o que parece un sombreiro xacobeo de aba ancha, no xefe.

A partir de aquí o emblema máis utilizado pola nova familia na súa numerosa heráldica van ser seis pares de bastóns cruzados en aspa, dispostos en dous paus, flanqueando tres pares de orellas afrontadas, tamén en pau, tal como se ven na primeira partición do escudo nun dos

14 LUIS VALERO DE BERNABÉ Y MARTÍN DE EUGENIO. Op. Cit., páx. 189.

15 M. FABEIRO GÓMEZ-X.R.FERNÁNDEZ OXEA. Obra citada, páx. 10. Aínda que denominan á parroquia de procedencia S. *Esteban de Matasueiro*, trátase, indefectiblemente, da de S. Lourenzo.

16 XOÁN X. MARIÑO. *Patrimonio arqueolóxico de Outes* (vol. I). Ed.Tórculo. Santiago, 1998. Páx. 90.

17 JOAQUÍN TORRES DEL RÍO. *O desaparecido Pazo de Orellán*. Ed. Deputación de A Coruña. 2003.

18 LUCIANO FARIÑA COUTO. *O libro da Heráldica galega*. Ed. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña, 2001.

contrafortes meridionais da igrexa de S. Francisco (ver foto 7), xunto ás xa coñecidas dos Carballido, Riobóo e Mariño, que se repiten do mesmo xeito no alto da fachada principal e máis no muro sur, próximo á porta lateral, ademais dos sete casos antes comentados nos que as armas dos Romero-Dacosta aparecían xunto ás cunchas de vieira que acompañaban ás lises e as ondas dos Mariño (ver foto 3), así como na fachada máis antiga do seu pazo da Pena do Ouro, no que desapareceron as cunchas de vieira, pero nos as lises.

Pero tamén os Romero-Dacosta emparentaron co resto das máis importantes familias aristocráticas noiesas, tal como reflicten os outros 23 brasóns nos que aparece o seu apelido, distribuídos polos principais templos e casas nobres da nosa vila. Os máis antigos, fixados na clave e máis nas enxutas do arco da capela renacentista que o fidalgo e alcalde Pedro Carneiro mandou construír en Sta. María a Nova¹⁹, representan, no primeiro caso, que é un escudo partido, o carneiro do seu apelido, xunto ás orellas e bordóns dos Romero-Dacosta, e nos das esquinas, ambos cuartelados, van, nas primeiras particións o mesmo carneiro, agora pasante sobre unha árbore e os bordóns e orellas, na segunda partición, no terceiro cuartel as ondas dos Mariño, con cinco lises, quizais dos Chirino ou Maldonado, con quen estes así mesmo emparentaron e cinco barras do apelido González que tamén tiñan os Dacosta, todo xunto e, na cuarta partición, o brazo sostendo unha árbore dos Carballido.

Os dous seguintes son tamén do s. XVI, están ámbolos dous en S. Francisco e inclúen xa máis apelidos, pois teñen oito particións cada un deles. O primeiro áchase sobre o sartego do cabaleiro da orde de Malta, Francisco Bermúdez de Castro e ostenta os escaques do apelido Bermúdez, os roeis dos Castro, as cabezas e mans dos Carantoña, orellas e bordóns dos Romero-Dacosta, un M coroadado do apelido Montenegro, follas de figueira dos Figueroa, o brasón dos Mendoza e, por último, o dos Soutomaior. O segundo, lamentablemente roto, quizais procedente dun antigo sepulcro, está na actualidade pousado nun recanto do brazo norte da igrexa, difire do anterior en que é ovalado, leva unha cimeira e, na quinta partición, en lugar do apelido Montenegro, figura o dos Caamaño (árbore acostada de 10 lanzas).

Os últimos escudos renacentistas coas armas desta familia están no pazo de Guisamonde e na capela Valderrama de S. Martiño. No primeiro, situado na fachada principal do edificio que hoxe é casa parroquial, ostenta as seis orellas postas en dous paus cos seis pares de bordóns cruzados, tamén en pau, do seu apelido, xunto á cabeza de lobo da antano poderosa familia dos Moscoso, o brazo coa árbore dos Carballido, a torre xa coñecida



ESCUDO DOS ROMERO DACOSTA.
SANCRISTÍA DE STA. MARÍA A NOVA.

dos Riobóo, as ondas dos Mariño e o axedrezado dos Valadares. O segundo, no interior da capela fundada por Gabriel Freire, cura de S. Mamede do Monte e que herdou Fernán Romero Dacosta²⁰, é ovalado e presenta oito particións, xunto con outra máis en mantel, no xefe do escudo, no que van as ondas dos Mariño, distribuíndose polas restantes as orellas e bordóns coñecidos, a espada acostada de seis bezantes colocados en dous paus a cada lado, dos Reino, a árbore coas lanzas dos Caamaño, as faixas con escaques dos Soutomaior, a torre en chamas dos Lamas, as cinco lises dos Chirino ou Maldonado, o brazo asindo unha árbore dos Carballido e, na última os dous lobos dos Lobeira, cos cales xa emparentaran os Mariños en plena Idade Media.

Os de feitura barroca son seis. O primeiro está tamén na capela Valderrama,

¹⁹ Alvaro de las Casas (Op. cit., páx. 60) di que tamén era banqueiro porque cando o arcebispo compostelán D. Gaspar de Ábalos fai o seu testamento, no ano 1544, di deber 4.500 réas a Pero Carneiro, veciño de Noia, que llos prestara en Xénova.



ESCUDO DE PEDRO PARDO NOGUEROL. CLAUSTRO DO CONCELLO.



ESCUDO DOS ROMERO DACOSTA. IGREXA DE S. FRANCISCO (INTERIOR).

pero agora sobre a parede que dá á nave de igrexa de S. Martiño e repite as armas do anterior, salvo as dos Caamaño e as dos Lobeira e coa diferenza de levar agora as ondas dos Mariño en punta. Outros dous están no claustro do concello e poden proceder de S. Francisco, a quen pertencía antes da Desamortización; un é semellante ós tres que vimos con anterioridade na fachada da igrexa conventual, coa salvidade de

que na cuarta partición, xunto ás ondas dos Mariño aparecen as cinco lises dos Chirino ou Maldonado, entroncados con estes en gran parte de Galicia, os seis roeis dos Castro e as táboas dos Noguerol; o segundo, nas súas oito particións leva o axedrezado dos Bermúdez, os roeis dos Castro, orellas e bordóns dos Romero-Dacosta, o castelo dos Lamas, a árbore coas lanzas dos Caamaño, a M corada dos Montenegro, o peculiar cuartelado en aspa en cunha barra nas súas primeira e terceira partición dos Mendoza noieses e, na última, as faixas xaqueladas dos Soutomaior. O cuarto está xustamente baixo o soportal do pazo que Vasco Dacosta mandou construír en 1339 no corazón do casco antigo de Noia e porta, nas súas seis particións, os brasóns dos Figueroa, Romero-Dacosta, Valadares, Vilamarín (cinco crecentes en aspa acompañados de cadansúa estrela), Andrade (banda engolada en dragantes coa lenda Ave María Gratia Plena, na bordura) e Parga (tres faixas). O quinto está no lintel da entrada a unha finca próxima ós muíños da Pedrachán e leva os apelidos do conde de Vilanova de S. Bernardo: Cortés e Mendoza, a rentes do Romero-Dacosta, nesta ocasión cun só pao de tres pares de bordóns e as orellas aos lados. E o último, no pazo da Pena do Ouro, pousado entre os parterres do seu xardín, probablemente traído de S. Xusto de Toxosoutos canda a do claustro románico do desaparecido mosteiro, está recuberto de musgo, polo que a súa interpretación débemola facer a partir do relato de Fabeiro,²¹ que o describe así: *oito particións que ostentan as armas dos apelidos seguintes: a primeira de Bermúdez, que, casada coa seguinte, dá Bermúdez de Castro; a terceira é de Romero da Costa (aquí vemos xa, claramente, que se trata de bordóns e non de tibias, como equivocadamente veñen sostendo tratadistas e historiadores²² pois en cada un deles obsérvase o clavo onde a cabaza debía ir colgada); a cuarta, de Riobóo; a quinta de Caamaño; a sexta, de Montenegro; a sétima de Mendoza, e a oitava de Soutomaior.*

Na bordura do escudo

Dez dos brasóns que tamén levan estes bastóns xacobeos, téñenos na bordura, aínda que só no cuartel dos escudos nos que, á súa vez, están integrados. Nove están encravados no alto das paredes da igrexa de S. Francisco e o décimo na fachada renacentista do pazo da Pena do Ouro. Os catro primeiros están situados no brazo sur do templo franciscano, tres deles sobre o arco de acceso e o cuarto na parede meridional do mesmo (ver foto 8) e todos repiten as armas dos xa vistos na fachada desta

20 M. FABEIRO GÓMEZ - X.R.FERNÁNDEZ OXEA. Obra citada, páxs 10 e 11.

21 Idem. Páxs. 53 e 54. En castelán no orixinal.

igreja, coa particularidade de que agora as orellas dos Dacosta aparecen encerrados nun escudete e os bordóns dos Romero xa non están dispostos en dous paus, senón en bordura ao redor del. Outros catro engalanan os muros do brazo norte: un en cada parede do interior e o cuarto sobre o arco que se abre á nave e reproducen os mesmos emblemas dun dos escudos barrocos que acabamos de describir no claustro da casa consistorial, isto é, os apelidos Romero-Dacosta, Carballido, Riobóo e, na cuarta partición, as ondas dos Mariño, as lises dos Chirino ou Maldonado, os roeis dos Castro e as táboas dos Noguerol. O último dos escudos franciscanos está a carón do sartego do cabaleiro Francisco Bermúdez de Castro escavado na parede occidental da capela da epístola e nel, xunto ós xa coñecidos brasóns dos Romero-Dacosta e Carballido aparece o dos Losada: dous lagartos contrapasantos e unha lousa brochante sobre eles.

O derradeiro está, de novo, no seu pazo da Pena do Ouro e, ademais do apelido Romero-Dacosta, leva tamén o dos Soutomaior, no segundo cuartel, o dos Mendoza que, excepcionalmente, agora si leva sendas bandas en lugar das barras que singularizan as armas desta familia en Noia, na terceira e, no último o dos Carballido.

Nos adornos exteriores do escudo

Polo que respecta á presenza dos bastóns de peregrinos nos adornos exteriores do escudo, estes son os mesmos casos das vieiras que xurdían entre os adornos das dúas labras heráldicas existentes sobre a fachada da igrexa e a casa parroquial respectivamente de Sta. Cristina (ver foto 5).

A CRUZ DE SANTIAGO

O último dos símbolos xacobeos, a cruz de Santiago, está presente tamén na heráldica noiense, pero por tratarse de insignias honoríficas de carácter persoal e non familiar, non é posible contemplala máis ca nalgúnhas laudas e sepulcros de Sta. María a Nova e S. Francisco e uns poucos brasóns; nestes, deben, segundo Fariña Couto, *colocarse detrás do escudo, postal de tal maneira que os extremos da cruz asomen polo xefe, a punta, e polo medio dos flancos*.²³

O máis antigo é un escudo axedrezado que se atopa no claustro do concello (ver foto 9), procede dun edificio do s. XVI desaparecido que había na rúa da Condesa e, segundo Fabeiro, puido pertencer ó capitán Pedro Pardo Noguerol.²⁴

O resto son todos do s. XX. Deles, só dous son de pedra, os que presiden a porta da entrada á finca e a fachada principal do pazo da Pena do Ouro, respectiva-

mente e que representan os apelidos do vizconde de San Alberto, Xosé Varela de Limia, ou sexa: cinco paus dos Varela, no primeiro cuartel, un castelo con nove marcos de ferro na bordura, dos Menéndez, no segundo, unha torre, López de Leis, no terceiro e, no cuarto o apelido Jove-Huerco, composto por 1) un escudo cuartelado en aspa con tres bandas no primeiro e cuarto e as palabras AVE e MARÍA, no segundo e terceiro e 2) outro escudo con un brazo empuñando unha bandeira, unha chave, un castelo, tres cabezas de mouros e tres flores de lis e, no escusón, as armas principais da familia: os cinco paus dos Varela e cinco paus e cinco louxanses, dos Limia, coa cruz de Santiago acolada. Todos estes emblemas repítense, xa con todos os seus esmaltes, en dous tapices e unha vidrieira do interior, tamén coas cruces de Santiago por detrás, sobresaíndo polos catro lados os respectivos brazos delas. Nos salón do pazo pódense contemplar tamén outros tres tapices, con cadansúa cruz de Santiago, representando respectivamente os apelidos Lopez de Leis, Varela de Limia e Jove-Huerco.

O último é un escudo en madeira que se encontraba no pazo de Monroy cando Fabeiro o incluíu no seu xa citado libro e levaba, xunto aos xa coñecidos apelidos de Lamas, Soutomaior, Castro e Carballido, o dos Correa- Soutomaior (aguia coroada sostendo un escudo con tres faixas axedrezadas), Ozores (león rampante cunha espada chantada no lombo), outro (árbore sobre ondas cunha estrela ao pé e outras dúas a ambos lados da copa) que non soubo identificar²⁵ e, acolada, a cruz de Santiago.

22 Refírese, en partícul ao pai JOSÉ S. CRESPO POZO *Blasones y linajes de Galicia*. Santiago, 1962-65

23 LUCIANO FARIÑA COUTO. Obra citada, páx. 61.

24 M. FABEIRO GÓMEZ - X.R. FERNÁNDEZ OXEA. Obra citada, páx. 73.

25 Idem. Páxs. 61.

A chegada a Noia dos cruzados de Dartmouth e o cerco de Lisboa do ano 1147



Xerardo AgraFoxo

A primeira información que tivemos sobre a estadia destes cruzados na terras de Noia aparecera no libro *El cementerio de Noya* (1936) de Álvaro de las Casas:

De la importancia que entonces tenía el puerto de Noia, al que llegaban por mar peregrinos de toda Europa en romaría jacobea da idea el siguiente dato. Hacia 1147 una armada salida de Dartmouth con soldados de Flandes, la baja Austria, Inglaterra y Aquitania que tomaban parte en la cruzada que predicara San Bernardo, corrió gravísimo peligro a causa de unha tormenta, y pudo encontrar refugio en nuestro puerto donde se reunieron y repararon sus 200 naves.

Onde tirara o profesor do instituto Virxe do Mar esta información? Talvez a lera no Tomo IV da *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* (1901) escrita por A. López Ferreiro:

Hacia este tiempo ocupó Santiago un numeroso ejército de soldados extranjeros. No venían en son de guerra; venían a postrarse ante el Sepulcro del Apóstol y a celebrar la fiesta de Pentecostés, que aquel año, cayó en 8 de junio. Y ¿quienes eran estos guerreros, que así sabían asociar el ardor bélico con los sentimientos de religión y piedad? Buena parte de los alistados en la Cruzada predicada por San Bernardo, los cuales habían preferido hacer por

mar el viaje a Tierra Santa. Formaban entre ellos, gentes de la Baja Aquitania, y se habían hecho a la vela en el puerto inglés de Dartmouth.

Una recia tormenta puso en dispersión a las doscientas naves en que venían embarcados; los cuales, despues de varios lances, pudieron reunirse y repararse en la ría de Noya. No quisieron los cruzados desperdiciar la ocasión que se les presentaba de visitar el gran Santuario de Santiago, probablemente muy conocido ya de alguno de ellos; y en efecto así lo hicieron, y en el templo del Patrón de España pudieron dar las gracias al Señor por haberse librado de la muerte, y celebrar al mismo tiempo la solemne fiesta de Pentecostés.

A partir destas breves informacións sabemos que estes valentes homes participaban na Segunda Cruzada, unha expedición motivada polos intereses expansionistas da nobreza feudal, o control do comercio con Asia e o afán do papado para impoñerse sobre as monarquías e as igrexas do Oriente, aínda que se declaraban con principio co obxectivo de recuperar Terra Santa cando os turcos conquistaran Xerusalén.

Despois do clamoroso da primeira expedición aos Santos Lugares, esta Segunda Cruzada fora convocada en 1145 en resposta á caída do condado de Edesa un ano antes. Edesa constituírase no primeiro dos estados cruzados fundados durante a Primeira Cruzada (1096–1099), pero foi tamén primeiro en caer. A Segunda Cruzada, convocada polo Papa Uxío III contou por primeira vez, coa presenza de varios reis europeos entre os que destacaron Luis VII de Francia e o emperador Conrado III.

Como se comprende este periplo dos cruzados polas costas galegas? Sen dúbida garda relación coas viaxes que os barcos ingleses e irlandeses realizaban a Galicia para participar na peregrinación Xacobea. Malia a distancia que nos afasta daquelas illas nórdicas, seguramente era máis doada naquela época chegar a tumba do Apóstolo pola costa –que no caso de bo tempo só se

necesitaria ao redor de cinco días— que polo interior a través do territorio francés e o interior da península Ibérica.


Tal como conta o investigador Brian Tate en *La peregrinaciones marítimas británicas medievales desde las Islas Británicas*:

Cuando un peregrino inglés partía hacia la Cruzada, podía tomar tres rutas. La más corta era cruzar de Dover a Calais o Wissant, en lo que tardaba unas ocho horas con tiempo favorable, y, así, si el viaje había sido duro, los preegrinos podían descansar y refrescarse en la Maison Dieu, en San Nicolás de Calais. Otra alternativa era el viaje, más largo desde Southamton o Poole o algún puerto de la parte oeste hasta el estuario del Garona o más abajo hasta Bayona, donde los peregrinos podían tomar el Camino francés.

La tercera posibilidad era el más largo viaje por mar, que llevaba entre cuatro y quince días según el tiempo, desde varios puertos ingleses y galeses de las costas oeste, sur y este directamente hasta Galicia. Los peregrinos podían desembarcar en Saint Malo, La Rochelle y, finalmente, en Coruña, el puerto preferido de la edad Media tardía, u ocasionalmente, en otros lugares de la Costa Atlántica: Muros, Noia o Fisterra, o incluso Lisboa, desde donde hacían el Camino de Portugal en dirección norte hacia su destino.

Segundo conta profesor F. Alonso Romero da USC nun interesante traballo – *La arribada de la flota británica al puerto de Noia en 1147*– as cartas que deixaron dous cruzados que participaron nesta expedición constitúen dous excelentes documentos para coñecer máis detalles:

La misiva de Osborne se conserva en el Códice número 470 de la Biblioteca del Chris's College de Cambridge; y la de Arnolfo en el Monasterio Aquitense, cerca de Douai (Francia). La traducción de



ENSEADA DO TAMBRE. LUGAR DE ARRIBADA DOS CRUZADOS DE DARTMOTH
(Arquivo Xogaina)

estas dos cartas la realizó Casariego y las publicó en año 1965 en el Boletín del Instituto de Estudios Asturianos. Osborne y Arnolfo formaban parte del contingente de más de 10.000 hombres de la flota que se había concentrado en el puerto de Dartmouth, en el sur de Inglaterra, para participar en la Segunda Cruzada. En el mes de mayo de 1147 se habían reunido en ese puerto, según cuenta Osborne, alrededor de 164 barcos (200 según Arnolfo) en los que iban gentes de diversas lenguas, costumbres y nacionalidades.

Máis adiante o profesor da Universidade de Santiago indica a procedencia das persoas que compoñían esta poderosa escuadra de peregrinos europeos que partiran rumbo a Terras Santa:

La naves que constituían esta flota se agruparon en tres divisiones: Unha la formaba el grupo que procedía de los países germánicos; otra se componía de borgoñeses y flamencos. Y en la tercera estaba la gente que procedía de Norfolky, zona de Londres, todos los buques de Kent y otros varios.

Despois indica que os cruzados ancoraron no porto do Tambre. Dende aquí partiron camiñando ata a cidade de Santiago de Compostela, a onde chegaron o 7 de xuño, véspera da festividade de Pentecostés. Tamén explica os motivos que motivaron que os cruzados navegaran dende a costa británica ata as nosas terras:

Lo más lógico es pensar que las naves que venían del norte entraron en la ría de Muros y Noia, pues no sólo está antes que la de Arosa, sino que en ella solían entrar las naves mercantes de Norte de Europa que traían peregrinos a Santiago de Compostela. La villa de Noia, situada al fondo de la ría, era puerto de mareas y de aguas muy seguras.

En la afueras de esta villa, en Barro, pervive aún en el recuerdo de los mayores la leyenda de la ciudad

sumergida en torno a un islote frente a la praia de la Barquiña. En el había antiguamente una capilla dedicada a San Bartolomé. En marea baja todavía es posible contemplar sus restos. Sobre este lugar se conserva un documento del año 1168 en el cual se da noticia de que Fernando II había concedido facultad al Arzobispo de Santiago, don Pedro II, para que construyera un puerto precisamente en esa aldea de Barro.

Realizadas estas referencias históricas, o profesor Alonso Romero aproveitá a ocasión para reivindicar o papel que desempeñou o porto de Noia na acollida de peregrinos que, empregando os camiños marítimos medievais, intentaban rezar ante a o sartego do Apóstolo:

Ahora que se celebra el último Año Santo del milenio es conveniente recordar que el puerto de Noia, al igual que el de Coruña, tuvo una enorme participación en la ruta marítima jacobea que venía de norte de Europa. Muchos de los peregrinos que querían visitar la tumba del Apóstol Santiago se embarcaron en naves que iban hasta Tierra Santa. Y se detenían en el puerto de Noia porque estaba antes que el de la ría de Arosa y porque la ruta de entrada por la ría de Muros hasta el puerto del Tambre resultaba más fácil y rápida que la del puerto de Iria.

Mesmo sinala cal debeu ser a ruta que empregaron estes cruzados de Dartmouth que deixaron as súas naves nas marxes do río Tambre e partiron cara o *Sancti Locus Apostolicus*:

El camino que se seguía para llegar desde el puerto de Noia hasta Santiago de Compostela era el mismo que recorrían los romanos que comerciaban con los productos que traían por mar y que despues de desembarcar en el puerto del Tambre, se distribuían por el interior de Galicia. La calzada ascendía hacia Toxos Soutos y pasaba por Sabu-

gueiro, Costoria, Alto dos Carroos, Luaña, Viceso, Brión, por las cercanías del castillo de Altamira en dirección a Aguapesada, Roxos y finalmente Santiago. Desde Aguapesada el camino era el mismo que el que seguían los peregrinos que iban a Finisterre.

Noia y Finisterre dos villas marítimas cuya participación en la historia de las rutas jacobeanas que está buscando un turismo europeo ávido de paisajes naturales, todavía no transformados por la ignorancia de aquellos que no saben apreciar.

Que fixeron estes homes unha vez que peregrinaron a Santiago? Todas as investigacións apunta a que participaron nunha aventura diferente. Despois de que o mal tempo os obrigara a refuxiarse na cidade lusa de Porto, foron convocados polo rei Afonso Henriques de Portugal para liquidar o reino musulmán de Lisboa. Malia que o continxente inglés esgrimiu as súas intencións de liberar Xerusalén, os demais aceptaron os argumentos do bispo de Porto, que lles expuxo que podían cumprir os seus votos loitando contra o “infiel” no Teixo, sen necesidade de desprazarse a Terra Santa.

A Historia do Cerco de Lisboa –contada por Xosé Saramago nunha novela cun título semellante– comezou o 1 de xuño de 1147. A armada, que partira de Dartmouth o 19 de maio e estivera ancorada uns días en Noia, chegou à cidade do Porto a 16 de xuño. Despois de que os convencera o bispo Pedro II Pitões, logo da conquista de Santarén proseguiron para Lisboa.

Despois da toma desta cidade –que sería elixida capital de Portugal no ano 1255– algún cruzados establecéronse na cidade. Entre eles, Gilbert de Hastings, que foi nomeado bispo de Lisboa. Segundo unha investigación de Antoni Virgili da Universidade de Barcelona –*Angli cum multis aliis alienigenis: crusade settlers in Tortosa*– tamén sabemos que camiño da Terra Santa uns 20 expedicionarios que saíran de Dartmouth quedaron a vivir en Tortosa (Tarragona), onde recibiron terras por participar nas campañas de Berenguer IV, conde de Barcelona.



CUNCHA DA BARQUIÑA. PRIMEIRO PORTO DE NOIA (Arquivo Xogaina)



Xepe Torres

Símbolos das peregrinacións nas laudas de Santa María

Con este artigo pretendo demostrar que Noia foi na Idade Media o porto polo que chegaban a Compostela viaxeiros e mercadorías. Para probar esta afirmación citarei unha parte da documentación medieval que o demostra, achegarei testemuños da cultura material que o corroboran e unha serie de indicios indirectos que o avalan.

O 9 de abril de 1168 Fernando II, rei de Galiza, concede unha autorización ao bispo electo de Compostela, Pedro Gundesteiz, para edificar un burgo e un porto en terras de Santa Cristina de Noia e dóalle unha vila que xa existía alí:

“dono e concédovos meu leal don Pedro, electo Compostelán, que poidades edificar e establecer un novo burgo e porto na Terra de Santiago, no territorio de Santa Cristina de Noia, na ribeira do río Tambre, a gloria de Deus e da devandita igrexa, que vos escolleu pai e pastor. E o tal burgo e porto será chamado por todos Totum Bonum.... Tamén quero que todo os habitantes e moradores do referido burgo sexan os vosos vasalos e dos arcebispos de Compostela, e de máis ninguén. Fago isto para restauración do porto do Apostol.”

Este documento real, recollido nos Tumbos A e B da catedral de Santiago, publicado por primeira vez por López Ferreiro, foi estudado por numerosos investigadores (GONZÁLEZ PÉREZ, 2003, p. 37-38) e deixa fóra de dúbida que a estas alturas Noia era o porto de Compostela.


Mais, se este documento non fose abondo, temos un nutrido repertorio de escritos medievais que o ratifican. A relación da ría de Noia coa futura sé compostelá comeza xa cando aínda estaba en Iria e documéntase en innumerables escritos, desde o chamado Documento de Tructinio (LÓPEZ ALSINA, 1988, pp. 156-1167) no que domminus Tructinus consigna 75 igrexas a favor do bispo Ataúlfo, como propias da sede iriense, por orden do rei de Asturias Alfonso III, aló polo ano 868, entre as igrexas que cita están as situadas na ría de Noia: Pintanus (San

Xoán de Serres, Muros) Gaudiosus, Gentines (San Ourente de Entíns, Outes), Sancta Talasia (Santa Tasia de Entíns, Outes), Autis (San Pedro de Outes, Outes), Rodo (San Xoán de Roo, Outes), Stario (Santa María de Esteiro), Sancta Christina (Santa Cristina de Barro, Noia), Sanctus Saturninus (Saturnino de Goiáns, Porto do Son) e Sanctus Vincentius (Santa María de Nebra, Porto do Son). E os documentos continúan ao longo dos séculos.

O 21 de febreiro de 934, o rei Ramiro II e a súa muller dona Urraca, doan o condado de Postmarcos á igrexa de Santiago ...”Commissum Pistomarcos ab integro secundum illud obtinuit Lucidus Vimarani, de Vlia in Tamere, ut omnis populus in eodem degens commissio...” (LUCAS ÁLVAREZ, 1998, p. 112).

O 9 de xuño de 976, desta data é o documento de permuta feita ao mosteiro de Antealtares de certas herdades sitas na Villa Lusentario, en Balbargos (LÓPEZ ALSINA, 1988, p. 396).

O 13 de decembro de 1107 a raíña dona Urraca fai doazón á igrexa compostelá de dúas posesións que tiña entre os ríos Ulla e Tambre “et de omnibus illis hominibus et hereditivus quas habeo in Pistomarcos et in Noia et in Conpostella, regalem curtem...” (LUCAS ÁLVAREZ, 1998, p. 178). Máis documentos medievais sobre Noia e a súa bisbarra son estudados por diferentes autores (LÓPEZ FERREIRO, 1895 e 1898; FABEIRO GÓMEZ, 1990; LUCAS ÁLVAREZ, 1998;



0 25 Cm
NOIA L-10

LAUDA 10, OU DO MERCADOR, TEN GRAVADA
UNHA CUNCHA DE VIEIRA

MARTÍNEZ ORTEGA, 1998; RECUE-
RO ASTRAY, 2000; PÉREZ RODRÍ-
GUEZ, 2004)

A súa situación ao fondo da ría, nun-
ha encrucillada de camiños natural e
con abundantes recursos pesqueiros
fará que o lugar sexa poboado desde a
prehistoria. Restos arqueolóxicos, citas
de autores clásicos e de viaxeiros
medievais evidencian que un porto na
desembocadura do Tambre era unha
realidade desde a protohistoria e que
esta ría era coñecida e visitada por via-
xeiros e comerciantes de terras distan-
tes. Os asentamentos castrexos da beira-
mar desde Baroña á Barquiña (AGRA-
FOXO, 1989), as constantes citas dos
autores clásicos referíndose a un porto
na desembocadura do Tamara: Ébora

(Mela 111-1); Noela (Plinio IV-112), Novium (Ptolomeo) que moitos investigadores, como García y Bellido ou Torres Rodríguez, localizan nas proximidades da Noia actual. A disputa do bispo Sisnando, século X, co abade de San Martiño Pinario, polas súas pesqueiras. O ataque árabe do ano 1115, cando toman o vello burgo. A descrición, do mesmo século, do xeógrafo e cartógrafo hispanomusulmán Abu Abd Allah Muhammad al-Idrisi que describe a beiramar galega facendo referencia á ría de Noia e a Santiago (TOBIO, p.14). A chegada no 1147 de 200 navíos cruzados que fondean na ría refuxiándose dun temporal e alí aproveitan para se aprovisionar, reparar os barcos e visitar a tumba do apóstolo Santiago (LÓPEZ FERREIRO, 1898, t. IV, p. 236; ALONSO ROMERO, 1996). A presenza de Noia en numerosos portulanos e cartas de marear: Mapa de Angelino Dulcert de 1339, Mapamundi de Abrahan e Jafuda Cresques de 1375 ou no Atlas Tammar Luxoro do século XIV entre outros. Asemade está documentada a relación comercial de Noia con cidades de Inglaterra, Flandres, Francia e Italia ao longo dos séculos XIV e XV (FERREIRA PRIEGUE, 1984 e 1988). En diferentes mandas testamentarias aparecen persoas da bisbarra que preparan a viaxe como peregrinos a Xerusalén, no 1162 Pedro Díaz, no 1166 Lucio Afonso, no 1172 Pedro Arias e Fernando Crescóniz, no 1174 Pedro Núñez, no 1201 Fernando Ordóñez, e outros máis dos que temos as súas mandas no Tombo de Toxos Outos (PÉREZ, 2004, pp 199-200, 266, 404-405, 580-581 e 657) referendando tradicións como a recollida por Álvaro das Casas (CASAS; 1936, p.36) na que se conta que a terra de Santa María foi traída polos navíos noieses que regresaban de Terra Santa.

Gaspar de Ábalos, arcebispo de Compostela, declara en 1344 deberlle 4.500 reais a Pero Carneiro, que llos prestara en Xénova (CASAS, 1936, p. 60). No século XVI comerciantes noieses, como João Gongalves de Noia, residen en Viana do Castelo, mentres en Noia fai negocio unha activa colonia de comerciantes estranxeiros: o veciño de Aveiro Alonso Pérez, o francés Juan Roselete ou o bilbaíno Sebastián de Villabaso. (TORRES, 1990).

No cemiterio de Santa María temos un número importante de laudas e sartegos con símbolos xacobeos: vieiras e cruces de Santiago, indicando seguramente a relación da persoa enterrada coa Catedral de Santiago, o mesmo que temos casas na zona vella de Compostela, as da rúa das Hortas por exemplo, que teñen cunchas de vieiras esculpidas na pedra das súa fachadas, casas aforadas que pertenceran á sé compostelán que para indicar a súa propiedade identificábaas con este símbolo (MASS, 1994, pp. 2-3), o mesmo acontecería en Noia coa Casa dos Tea-

res, co Hospital de Fóra e co Hospital de Dentro (ver o artigo de García Vidal) que teñen nas súas portas as vieiras.

As cunchas de vieira gravadas xunto con outras marcas nas laudas simbolizarían a relación do defunto con Compostela. Unha relación laboral ou mercantil coa catedral ou os seus representantes na vila ou a pertenza a unha organización santiaguista. A cunha axudaría a identificar á persoa completando a información dada polo seu símbolo persoal e gremial. De entre as laudas que teñen vieiras podemos citar:

NOIA L-5. Dimensións 182 x 72 x 21 cms., lauda con tres vieiras e dúas marcas persoais nun escudo, unha pequena marca persoal no lateral esquerdo e catro carreiros sen inscrición.

NOIA L-10. Dimensións 179 x 71 x 16 cms., lauda dun mercador, coa vara de medir e as tesoiras, leva tamén unha cunha de vieira.

NOIA L-19. Dimensións 176 x 69 x 18 cms., lauda moi semellante á L-5, con dúas vieiras e unha marca persoal nun escudo, unha pequena marca persoal no lateral dereito, catro carreiros sen inscrición sobre os que aparece unha marca persoal cruciforme.


NOIA L-20. Dimensións 177 x 69 x 17 cms., lauda cunha flor de lis e unha vieira enmarcadas nun escudo.

NOIA L-38. Dimensións 205 x 89 x 20, lauda cunha vieira rodeada por un cordón franciscano, con paralelismos nas atopadas no cemiterio de San Francisco de A Coruña e estudadas por Alfredo Erias e Xoán Vázquez, a CORUÑA L-14 e a CORUÑA L-58 teñen a mesma iconografía, outras como a CORUÑA L-9 teñen pequenas variantes (EIRAS, 1994 e 1998), no caso da de Noia, eu entendo que se trata da lauda dun confrade da Orde Terceira Franciscana que ten algún tipo de relación con Santiago, por exemplo que era cóengo da Orde de Santiago.

NOIA L-61. Lauda con dúas marcas persoais: letra “j” e cruciforme con círculos; ademais da vieira.

NOIA L-87. Unha das máis coñecidas laudas do cemiterio de Santa María é a coñecida co nome popular de “a lauda do peregrino”, trátase dunha lauda de granito, de forma trapezoidal, de 180 cms. de longo por 87 de ancho e 16 de grosos, que sufriu un importante deterioro por estar longos anos nunha zona de paso.


O seu anverso está ocupado na súa meirande parte por unha figura humana de corpo enteiro, tocada cun gorro de ala ancha, coa súa aba dianteira erguida, de longas melenas que lle caen polos ombreiros, a súa faciana está esborrachada, vestido cunha longa túnica que lle cae en pregues até os pés, enfeitada por unha ducia de vieiras.



LAUDA 19, AMOSA DÚAS VIEIRAS

Na súa man dereita porta un longo bastón rematado nun pomo esférico. Na súa man esquerda leva un libro pechado. Aos seus pés aparecen representados instrumentos de traballo: aixola, machado, compás, escuadro e trade. Todo ela en baixo relevo e enmarcado por unha banda nidia duns 12 cms. de ancho.

Aínda que a súa interpretación iconográfica non é doada, debido á mestura de elementos diversos, e a pesares de que a primeira vista semella a figura dun peregrino, xa que a figura e a súa indumentaria coincide en liñas xerais coa roupa e complementos que estes adoitan levar ao longo da historia das peregrinacións xacobeas (BARRET, 1980, p. 53-56; BOTTINEAU, 1985, p. 72-73; CARRO, 1964, p. 92; FERNÁN-



LAUDA 20, TEN UNHA FLOR DE LIS E UNHA VIEIRA

DEZ, 1984 p. 68-69), pero tamén lle faltan outros elementos iconográficos como son a cabaza ou a alforxa. Se a estas ausencias engadimos a presenza de ferramentas na lauda, que podemos relacionar coa profesión de carpinteiro e tendo en conta a importancia que tivo en Noia a construción naval (CARRE, 1980, p. 520-521, 533) podemos propor outra hipótese interpretativa: trátase da lauda dun mordomo ou vigairo do gremio do Espírito Santo, patrón dos carpinteiros e canteiros, que era carpinteiro (FABEIRO, 1969, P. 641), carpinteiro de ribeira (GONZÁLEZ, 1984, p. 162) vestido con roupas solemnes, como as que levaría na procesión do Corpus.

A partires desta hipótese ten sentido a presenza das ferramentas que aparecen aos seus pés, todas elas identificables coas utilizadas polos carpinteiros de ribeira. O bastón é o símbolo do seu poder como vigairo do gremio, é un

bastón de mando, un bastón cerimonial que portaba nas procesións (FABEIRO, 1969, p. 632-636; FILGUEIRA, 1966, p. 34-36). O libro, trataríase da representación do libro de ordenanzas do gremio, que se encargaba de custodiar como mordomo que era, símbolo das normas do gremio e mesmo da súa ciencia (MORALES, p. 208), un libro semellante leva nas súas mans o escribán frei Bertolameu das Seixas, morto no 1362, representado con el na lauda que se garda no Museo da catedral de Compostela e que procede de Santa María (CASTILLO, 1929, p. 160). A vieira, prendida unha ducia de veces na súa roupa, símbolo de clara orixe mariñeira que tivo ao logo da historia diferentes valores simbólicos (TORRES, 1986 pp. 155-156), acae perfectamente a un carpinteiro de ribeira xa que ten aparecido como marca do gremio de pescadores (FERRER, 1981, p. 129).

Na Idade Media a vieira aparece nas alfaias de numerosas tumbas europeas (VARIOS, 1985, P. 291-294) que van desde os países nórdicos, onde se documentan a partir do século XIII: Västerhus, Copenhague, Roskilde, Lyderslev, Vordingbor, Aarhus, desde Islandia a Dinamarca, que, segundo a maioría dos investigadores hai que relacionar ás peregrinacións a Compostela, aínda que a investigadora sueca Mónica Rydbeck afirma que a cuncha documéntase noutros centros de peregrinación da beiramar nórdica (ALMAZÁN, 1986, p. 202); ata a Península Ibérica onde aparecen, ás veces asociadas con outras insignias da peregrinación xacobeá, a partir do século XI e sobre todo do XII (VARIOS, 1985, p. 88).

Laudas medievais con vieiras hainas en Noia, Compostela L-1, nunha lauda cun epígrafe e ferramentas de zapateiro (TORRES, 1985 p. 328-329) Toulouse, no Musée des Augustins, cunha vieira e un epígrafe (VARIOS, 1985, p. 271) e Guimarães, no Museu Regional de Alberto Sampaio, con dúas cunchas e bastón en tau. Está por estudar a súa posible relación con peregrinos xacobeos.

Laudas de peregrinos consérvanse no Musée Regional de Beaugency (VARIOS, 1985, p. 272), no Bayerisches Nationalmuseum de Munich (VARIOS, 1985, p. 437) e en igrexas como a de Sorø e Tyrsted (TORRES, 1986 p. 157)

Tendo en conta o devandito, esta lauda de Noia representa a figura dun carpinteiro de ribeira vestido con roupas solemnes decoradas con vieiras levando os atributos do seu cargo, o bastón e o libro de ordenanzas do seu gremio, sen esquecer a súa posible relación co “hospital de Fóra”. Datable no século XVII tendo en conta a presenza dun número considerable de vieiras (VARIOS, 1985, p. 88) e que o gremio do Espírito Santo, de carpinteiros e canteiros, está documentado na vila entre os anos 1576 e

1793 (FABEIRO, 1968, p. 641; HERMIDA, 1971, p. 98-99).

NOIA L-100. Dimensións 176 x 80 x 17 cms. Lauda con escudo e restos dunha inscrición ilexible. Desenterrada por Álvaro das Casas no 1931, ao pé do altar maior, hai unha lauda que el entende que é dunha persoa da Confraría de Santa María, con un escudo dividido en catro cuarteis, nos cuarteis superiores aparecen no esquerdo un feixe e no dereito dúas vieiras superpostas. no inferior esquerdo aparecen unhas iniciais que el interpreta como de Francisco, clérigo, e no dereito as ondas dos Mariño (CASAS, 1936, p.57). Cita outras laudas con labras heráldicas colocadas na capela dos Carneiros (CASAS, 1936, p.62-67) e que levan nos seus cuarteis vieiras (nesta mesma publicación hai un artigo de Xan Mariño no que se estudan os escudos ao que me remito para non continuar falando das laudas con labras heráldicas nas que aparecen vieiras).

COMPOSTELA L-1. Cando visitei a buchería da catedral nos anos 80, almacenada con outro material arqueolóxico e artístico, atopei unha lauda de granito con marcas “gremiais”, de procedencia descoñecida, rota na súa parte inferior, ten: inscrición, soleta de zapateiro, o que podería ser unha bigornia, unha vieira e os restos dunha posíbel coitela. Esta lauda formaba parte da Exposición Arqueolóxica de Santiago, do ano 1909 e procede, seguramente, do cemiterio de Santa María a Nova de Noia. Cando a estuda A. del Castillo, no 1929, aínda se garda no claustro de San Clemente e xa está mutilada (CASTILLO 1929, p. 159-160); segundo a súa descrición mide 126 x 63 cms., ten unha inscrición en dúas liñas “Ê ESTA E A SUPULTUR.../MATEOS EARPT Q DEOB.S...” e debaixo uns signos pouco claros, entre eles as solas de calzado, que aluden ao gremio do sepultado.

COMPOSTELA L-4. No claustro da catedral, está exposta a lauda de Pedro Aras, notario de Noia, que estaba en Santa María a Nova de Noia (OVIEDO, 1901). Esta peza gárdase no Museo da Catedral en depósito, xunto con outro material procedente da Exposición Arqueolóxica de Santiago, do ano 1909, e foi fotografada e estudada por A. del Castillo (CASTILLO 1929, p. 161-162). No seu anverso presenta unha figura en releve dun orante hierático vestido cos hábitos franciscanos sobre un arco trilobulado de feitura oxival, está rodeada por unha inscrición “Ê AQI IAZ PEDRO ARAS NOTAR/IO DE NOIA”, os seus pés nus apóianse sobre unha cruz que está por riba dunha serpe, segundo A. del Castillo, e aos lados unha decoración vexetal, no ángulo superior esquerdo aparece a cruz franciscana e unha cuncha de vieira. Segundo el, trátase de Pedro Ares, clérigo e vigai-



LAUDA 20



LAUDA 22

ro da Confraría de Santa María, reitor e capelán de San Martiño de Noia que aparece en documentos que cita do 1388 (CASTILLO, 1929 p. 162); os Ares aparecen como clérigos desta confraría, cando menos, desde o 1359, pero non é até o 1410 que temos documentado un co nome de Pedro Ares (NEIRA 1998, p107-116). Eu concordo coas explicacións que dá A. del Castillo sobre a cruz franciscana e a vieira mais, para min, o gravado que está aos pés da figura debe interpretarse como a súa marca persoal ou o seu “signun notaria-



LAUDA 23



LAUDA 100

le” pero non podo demostrado mentres non atopemos un documento coa súa marca, unha marca moi semellante aparece na tampa dun sartego de Santa María NOIA S-3. Os “signum notariale” de Noia estudados polo de agora remóntanse ao 1531 (JUSTO, 1997), pero témolos documentados noutros lugares desde o século XIV (BRUNS, 1974; LUCAS, 1988).

De entre os sartegos que se gardan no cemiterio de Santa María, un bo número deles presenta iconografía xacobeá. Aquí só vou citar os que comparten en común a cruz de Santiago e a vieira. Como hipótese de traballo, con-

sidero que estes sartegos pertencen a cabaleiros da Orde de Santiago ou a unha irmandade santiaguista responsable de manter, gardar e atender os hospitais de Noia e as pontes que facilitaban o paso do río Traba. A súa función sería a mesma que tiñan os cabaleiros templarios na súa bailía do Burgo de Faro onde, ademais de protexer estas terras, acollerían aos navíos templarios precedentes do norte de Europa camiño de Palestina.

NOIA S-1. Dimensións 202 x 28 x 75 cms. Trátase dun sartego granítico que ten na caixa catro escudos, dous á dereita, tan cheos de brión que non son quen de identificar, e dous á esquerda coas ondas dos Mariño. A súa tampa é de sección triangular e está percorrida pola cruz de Santiago, con remates en flor de lis agás no pé que ten un remate en forma de pedestal, e unha vieira a cada lado na zona da cabeceira.

NOIA S-3. Dimensións 198 x 64 x 60 cms.. Sartego granítico coa súa caixa nida. A tampa é de sección triangular e está decorada coa cruz de Santiago, na zona da cabeceira ten unha vieira na banda dereita e un símbolo persoal cruciforme na esquerda. Hai sartegos que teñen unha vieira e outros dúas, pode ser un indicativo do rango que ocupaban dentro da orde militar.

NOIA S-4. Dimensións 208 x 78 x 80 cms.. Sartego granítico, ten na caixa un escudo a cada lado, por mor do brión non se pode distinguir a labra que ten o da banda esquerda, o do lateral dereito ten dúas vieiras debaixo de cadanseu arco apuntado (CASAS, 1936, p.67). a súa tampa é de sección triangular, nela lábrase unha fermosa cruz de Santiago que descansa sobre un pedestal, no lateral dereito hai unha vieira á altura da cabeceira, unha ponte de catro arcos nos que aparecen peixes, e flanqueando a ponte, un símbolo en forma de veo (este mesmo símbolo aparece no NOIA S-12) dun lado e un escudo con dúas vieiras superpostas do outro. Como hipótese adianto a posibilidade de que pertencese a un cabaleiro da Orde de Santiago, responsable de manter e controlar o acceso a unha ponte.

NOIA S-10. Dimensións 206 x 69 x 70 cms.. Sartego granítico colocado baixo un arcosolio no lateral exterior esquerdo da igrexa de Santa María. Na caixa hai unha inscrición en letras góticas “ÊSEPULTURA DE PO APONSO DE PONT ERA MCCC” (sepultura de Pero Afonso de Ponte Era MCCC), no centro, a modo de escudo, unha ponte cuberta (CASAS, 1936, p.43-44) ou tres tumbas cos seus arcosolios e por riba as arcadas dunha ponte segundo Oviedo Arce. Na súa tampa, de sección triangular, hai unha cruz de Santiago, co seu pé en forma de base, fermosamente labrada, formando unha roseta na intersección dos brazos e cunha incisión lonxitudinal que a percorre desde esta até os seus pés, na zona


da cabeceira hai unha vieira a cada lado. Segundo Vaamonde Lores sería a tumba do Pero Afonso Daponte, tesoureiro da catedral de Compostela e protector da confraría dos Clérigos da primeira metade do XIV. A súa relación coas pontes no só se aprecia na labra proto heráldica senón tamén no seu apelido.

NOIA S-12. Dimensións 199 x 65 x 66 cms.. Sartego granítico colocado baixo arcosolio no lateral exterior esquerdo da igrexa de Santa María. Na caixa quedan os restos dunha inscrición ilexible. A tampa, de sección triangular, é percorrida por unha cruz e a súa banda dereita ten dúas liñas incisas sen epigrafía, na zona da cabeceira, no lado dereito, dúas vieiras e unha marca, e no lado esquerdo unicamente repite a marca, idéntica á que aparece no NOIA S-4. Esta marca parece ter relación coas pontes.

NOIA S-13. Dimensións 208 x 67 x 76 cms. Sartego granítico colocado no lateral esquerdo do soportal de entrada á igrexa. Na lateral dereita da caixa aparece en relevo un barco veleiro dun mastro e un pequeno esquife. Na tampa, de sección triangular, temos a cruz de Santiago sobre peaña de forma triangular, riba dos brazos da cruz, na banda esquerda, os restos do que foi unha vieira e debaixo dos brazos á esquerda a eixola e á dereita o escuadro, marcas profesionais dos carpinteiros de ribeira. De ser un cabaleiro de Santiago, teríamos que estes controlaban tamén a construción de navíos.

NOIA S-20. Dimensións 196 x 72 x 72. Sartego granítico colocado no arco esquerdo da capela dos Carneiro, en Santa María, datado no 1348. Na caixa hai unha inscrición, e o escudo dos Carneiro, que ten as primeiras palabras desgastadas “AQI IAZ A...ARO PAZ CARNEIRO QE / SE FINOU ERA MORTALDA XV / DIAS D AGOSTO ERA MCCC / LXXX VI ANOS”. Pedro Fiaño, seguindo a Concha Allut, le “Aquí Fina Nuso Paz” (FIAÑO, 1999, p. 71), mentres que Xan Mariño propón a lectura “Álvaro ? Paz Carneiro” concordando a continuación coa inscrición (MARIÑO, 2004, p. 94). A súa tampa, de sección triangular, presenta a cruz de Santiago e no lateral dereito, nun lugar pouco visible, contra a parede, un escudo co carneiro e unha vieira sobre o animal. O sartego foi modificado para que collese baixo o arco, rebaixaron o lateral esquerdo da caixa, a tampa ten os pés rotos e posiblemente colocouse ao revés xa que o seu escudo debería estar nun lugar visible. É normal que unha das familias máis importantes da vila, tan relacionada coa sé compostelán, formase parte da Orde de Santiago.

NOIA S-22. Dimensións 213 x 68. Formando parte do empedrado da capala dos Carneiros temos unha tampa granítica de sección triangular con cruz de Santiago per-




LAUDA 87, OU DO PEREGRINO, TEN 12 VIEIRAS

corrida no seu interior por un cordón franciscano con seis nós. Debaixo dos brazos da cruz ten a cada lado un escudo con vieira. No lateral esquerdo ten unha inscrición que comeza “ÊAQ IAZ M...”

NOIA S-23. Dimensións 213 x 82 x 22. Tampa de sartego, gardada no interior da igrexa de Santa María. Trátase dunha tampa granítica de sección triangular, decorada coa cruz de Santiago cos seus brazos borrados, e os escudos da familia Xunqueira e Prego a cada lado da cabeceira, e riba de cada un deles unha cuncha de vieira.

NOIA S-24. Dimensións 200 x 61 x 26. Tampa de sartego, gardada no interior da igrexa de Santa María. Tampa granítica de sección triangular, decorada coa cruz de Santiago e unha vieira a cada lado na zona da cabeceira. No lateral esquerdo ten unha marca formada por un anagrama coas letras “POA” que



LAUDA O5, PRESENTA TRES VIEIRAS

é posterior. No lateral dereito quedan restos do que puido ser unha marca persoal en resalte.

NOIA S-25. Dimensións 187 x 69 x 25. Tampa de sartego gardada na sancristía nova de Santa María. Tampa granítica de sección triangular, coa cruz de Santiago e unha vieira a cada lado na zona da cabeceira. Na parte central da tampa, a cada lado da cruz, un escudo con figura bovina moi desgastada e debaixo dos escudos o que parece un signo notarial.

NOIA S-26. Dimensións 164 x 81 x 24. Tampa de sartego gardada na sancristía nova de Santa María. Tampa granítica, rota polos pés, de sección triangular, coa cruz de Santiago e unha vieira a cada lado na zona da cabeceira. Foi

reutilizada varias veces como se demostra polas marcas persoais que aparecen na metade inferior formando tres conxuntos diferentes: un formado por liñas rectas e cruciformes, outro polas letras “OP” e outro por un “A” invertido.

En 1147, despois de tomar Lisboa coa axuda dos cruzados normandos e ingleses, un grupo de cabaleiros portugueses e algún cruzado decide asociarse e comprometerse a continuar a loita contra os musulmáns. No 1161, Afonso I de Portugal acorda con estes cabaleiros protexer Évora e crear o que logo sería a Orde de Évora.

No 1151, trece cabaleiros fan irmandade para protexer dos ataques dos musulmáns aos peregrinos de camiño a Santiago e botar aos musulmáns da Península Ibérica segundo relata a bula fundacional de 1170. Este grupo de cabaleiros será o gromo dos Freires de Santiago, orde relixiosa e militar que ten como insignia una cruz vermella simulando una espada con remates de flor de lis na empuñadura e nos brazos. Os cabaleiros levaban esta insignia no pendón e na capa branca. Aínda que a maioría das súas posesións estaban nos reinos de León e Castela, en poucos anos a orde espallouse polos reinos de Portugal, Aragón, Galiza, Francia, Inglaterra, Lombardía, Hungría e Palestina. Axiña sumaron un patrimonio no que se incluían 83 encomendas, 2 cidades, 178 condados e aldeas, 200 parroquias, 5 hospitais e 5 conventos, só na Península Ibérica.

Na fundación da Orde de Santiago participa, entre outros, o arcebispo de Santiago Pedro Gundestéiz, o mesmo que dous anos antes recibe de Fernando II a xurisdición de Totum Bonum como porto do Apóstolo. Seguramente aínda quedaba no recordo dos habitantes da vila o ataque árabe e a destrución do burgo no 1115, a chegada dos cruzados no 1147 e a súa visita a Santiago e a súa cooperación na conquista de Lisboa. Tamén temos documentada participación na reconquista dos cabaleiros da bisbarra, como Diego Muñiz que no 1151 fai a manda testamentaria antes de marchar á guerra contra Córdoba (PÉREZ, 2004, pp. 329-330).

Todos estes datos, xunto coa presenza en Santa María de sartegos con iconografía xacobeá, datados cando menos desde o século XIII, parecen avalar a presenza en Noia de cabaleiros da Orde de Santiago. Esta confraría ou irmandade nobiliaria xurdiría en Noia, ao igual que aconteceu en Lisboa, da asociación dos cabaleiros cruzados que quedarían na vila cos seus habitantes para defender o lugar de posibles ataques árabes e atender as necesidades de futuros peregrinos chegados en barco desde o norte de Europa. Serían os responsables da defensa da vila, sobre todo das portas e pontes, da seguridade dos camiños e da atención dos peregrinos nos hospitais da vila.

BIBLIOGRAFÍA

- AGRAFOXO PÉREZ, X. *O poboamento castrexo na rexión occidental da provincia de A Coruña*. Santiago, 1989.
- ALONSO ROMERO, F. *Las embarcaciones de la segunda cruzada y su ruta atlántica desde Dartmouth hasta Galicia en el año 1147* en "Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos". Santiago, 1996, pp. 34-78)
- BRUNS, *Westfälische quellen in bild*. 1974.
- CASAS, A. das *El cementerio de Noya*. Santiago, 1936.
- CHAMOSO LAMAS, M. *La iglesia y el cementerio de Sta. María de Noya (La Coruña)*. En "Cuadernos de Estudios Gallegos" t. IV, fasc. XIII, Santiago, 1949, p. 251-270.
- CHARPENTIER, L. *El misterio de Compostela*. Barcelona, 1973.
- CASTILLO, A. del *Inscripciones meioevales que se conservan en el patio de San Clemente, de Santiago*, en "Boletín de la Real Academia Gallega", A Coruña, 1929
- ERIAS MARTÍNEZ, A. e VÁZQUEZ GÓMEZ, X.L. *As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña*, en "Anuario Brigantino", nº 17, Betanzos, 1994, p.241-266.
- *As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña*, en "Anuario Brigantino", nº 21, Betanzos, 1998, p.301-304.
- FABEIRO GÓMEZ, M. *La villa de Noya: defensas, posesiones y regalías*. En "Compostellanum", t. XIII, nº 4, Santiago, 1969, p. 573-656.
- *Páxinas Históricas de Noia*. Noia, 1990.
- FERREIRA PRIEGUE, E. *Fuentes para la exportación gallega de la segunda mitad del siglo XV: el peatge de mar de valencia*. Santiago, 1984
- *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña, 1988.
- FERRER BENIMELI, J.A. *Los signos lapidarios en España. Comparación morfológica* en "Actes du Colloque international de Glyptographie de Nimes". Nimes, 1981, pp. 121-137.
- FIAÑO GONZÁLEZ, P. *Documentos para a historia de Galicia*, Noia, 1999.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. *El cementerio de Noia (A Coruña)* en "Revista de Folklore" nº 41, Valladolid, 1984.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia*. A Coruña, 2003.
- HERMIDA IGLESIAS, M. e AGRELO HERMO, J. *Efemérides noiesas*, Santiago, 1971.
- JUSTO MARTÍN, M.J. *Inventario de protocolos notariales. Noia: 1531-1895*. Santiago, 1997.
- LÓPEZ ALSINA, F. *La ciudad de Santiago de Compostela en la alta edad media*. Santiago, 1988.
- LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago 1898-1904.
- *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, 1895 (ed, facsimil Madrid, 1975)
- LUCAS ÁLVAREZ, M. *Tumbo A de la catedral de Santiago*. Santiago, 1998.
- MARIÑO REINO, X. *Historia dos escudos de Noia* en "IV Semana da Historia de Noia", Noia, 2004
- MARTÍNEZ ORTEGA, R. *La documentación del tumbo A de la catedral de Santiago de Compostela: acerca de la toponimia*, en "IACOBUS", nº5-6, 1998, pp. 31-82)
- NEIRA PÉREZ, X.M. *As cofradías dos clérigos da Concepción na diócese de Santiago. Nacemento e historia. Séculos XII-XVI*. Noia, 1998.
- OVIEDO ARCE, E. *Noya: iglesia y cementerio de Santa María la Nueva* en "Galicia Histórica", Santiago, 1901, p. 183-193.
- PEREIRA MARTÍNEZ, C. *Panorámica de la Orden del Temple en la corona de Galicia-Asturias-León* en "Criterios", nº 6, A Coruña, 2006
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J. *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago, 2004.
- RECUERO ASTRAY, M., ROMERO PORTILLA, P. e RODRÍGUEZ PRIETO, M.A. *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*. A Coruña, 2000.
- SANTOS GRAÇA, A. *O poveiro. Usos, costumes, tradições, lendas*. Póvoa do Varzim, 1932.
- SANTOS GRAÇA, A. *Inscrições tumulares por siglas*. Póvoa do Varzim, 1942.
- TOBIO, J. *El camino de Santiago*, en "Cuadernos de Historia 16", nº 88)
- TORRES REINO, X. *Las lápidas del cementerio de Santa María a Nova de Noia (la aplicación de una metodología de trabajo)*. En "Actes du Colloque International de Glyptographie de Saragosse", Zaragoza, 1982, p. 241-251.
- *Laudas gremiales en Galicia*, en "Actes du Colloque International de Glyptographie de Cambrai", Cambrai, 1985.
- *Unha laudas do cemiterio de Santa María a Nova de Noia*, en "Actas del Coloquio Internacional de Gliptografía de Pontevedra", Pontevedra, 1986.
- *Laudas profesionales con marcas marineras en el cementerio de Santa María a Nova de Noia*, en "Actes du VII Colloque International de Glyptographie de Rochefort-Sur-Mer", Rochefort, 1990.
- *1990 A necrópole de Santa María de Noia. O estado da cuestión* en "O cemiterio de Santa María a Nova" ed. Facsimil do libro de Álvaro de las Casas, Noia, 1990.
- *Laudas gremiais na Galiza*, en "Voces na historia", Noia, 2007.
- VARIOS, *Santiago de Compostela: 1.000 ans de pèlerinage européen*, Gand, 1985.

Un camiño Noia-Santiago



Artur Lago

*Caminante, son tus huellas
el camino y nada más;
caminante, no hay camino,
se hace camino al andar.*

Antonio Machado

Ien moita razón don Antonio Machado, facemos camiño andando. Pero tamén é certo que hai camiños, que hai camiños en todos os sentidos vitais: ventureiros, espirituais, profesionais..., e tamén físicos.

E a rota xacobeá Noia-Santiago, é un camiño. Por iso cando un peregrino se pon en marcha desde a súa casa ata a Catedral de Santiago crea un novo camiño.

Todos coñecemos a relación Noia-Santiago alá polas épocas medievais. Para manter estas relacións fan falta vieiros, camiños de encontro ou desencontro e de certo que os houbo. Sóanos nos oídos as voces dos nosos maiores que falan do Camiño Real, Camiño Parroquial, corredoiras, sendeiros..., Dos Xelmírez, os Churruchao, Berenguel de Landoira, Mitra Compostelá, dona Urraca, Afonso IX e a fabricación do saín, Pero Bochón, Rui Soga de Lobeira..., e outros moitos nomes e historias, que non fai máis que sinalar as boas, as tensas e incluso bélicas relacións de Noia e Santiago.

Noia naqueles tempos era un porto importante de movemento de mercaderías, e de intercambios coa península e

o resto de Europa, por mar chegaban –aproveitando as viaxes de volta– peregrinos desexosos de visitar ao Apóstolo, e para ir de Noia a Santiago había que percorrer as 8 ou 9 leguas de distancia entre ambas. Así que é doado deducir que sempre houbo vieiros e viaxeiros de Noia a Santiago, e viceversa.

Un bo día, hai xa varios anos, alá polo 1993, o Club de Atletismo de Noia organizou unha camiñada a Santiago. Dous días despois, tamén no colexio María Assumpta, decidimos ir en peregrinación á capital de Galicia. Fomos máis de 300 persoas no primeiro caso e case 200 no segundo. Ir con todo ese persoal pola beira da estrada non é nada recomendable, así que houbo que buscar un vieiro máis axeitado. Aí aparezo eu. Despois dalgunhas viaxes –en coche para ver camiños, sendeiros, estradas e cruces– establecín unha rota, máis ou menos paralela ao actual vieiro Noia-Santiago, que, logo de 40 Km, nos levaría diante do Apóstolo. A rota é sinxela, xa que busquei o camiño máis curto e cómodo (mellor de terra) e con menos tráfico posible. Orienteime un pouco polos centros relixiosos que hai ao logo do traxecto.

Sáímos de Noia buscando a beira do río Traba en San Bernardo, onde collemos o cruce de A Rasa. Despois de desentumecer os músculos chegamos ao cruce da Garda Civil e o colexio Balmes. No alto de Vilar Vello atallamos polo monte ata a estrada norte que cruzamos para dirixirnos camiño arriba polo monte ata a vella, ruín e esquecida capela de San Marcos, (hai que dicir que o camiño non está en mellores condicións). Cruzando a estrada que leva a Santa María de Roó, seguimos por un camiño á dereita polo que baixamos a Sampaio (este tramo atópase impracticable debido ás obras do corredor Noia-Santiago que están facendo, ou desfecendo segundo como se mire).

Por detrás dun depósito de auga chegamos ao cruce que leva cara ao Castro Lampreeiro e o xa manso Tam-

bre. Un pouco máis arriba, e pola esquerda, na Baiuca, collemos o camiño real a San Xusto xa en terras de Louzame (os toxos e as xestas xa hai tempo que substituíron os viaxeiros neste tramo de Toxosoutos)).

Logo de pasar polo mosteiro seguimos subindo cara a Sabugueiro (antes primeira alternativa xa que pasaba un camiño, a carón do monte Costoia de 531 m., o punto máis elevado do Concello de Noia, e agora converteuse nunha pista que leva ao depósito de materiais de desfeito das obras que acumulan detrás de Bargo, e ademais hai bastante tráfico de camiións pesados que levantan nubes de po que o fan pouco recomendable para viandantes a pé). Antes de chegar a Sabugueiro collemos o desvío da dereita por unha pista de terra que nos leva a Bargo. Despois de cruzar a aldea seguimos por un camiño que sube para o monte e os prados montesíos. Pouco despois chegamos ao depósito de escombros de construción, que falamos antes, e baixamos por unha pista á dereita bordeada de piñeiros e eucaliptos que nos deixará en Amañecida, no concello de Brión.

Continuamos pola Luaña de San Xulián, proseguimos cara a parroquia de Santa María de Viceso, descendendo polo lugar de Niñáns para logo atravesar o rego de Viceso na pequena praia fluvial e dirixirnos cara ao cruce de O Vilar en dirección a Gronzo para un pouco máis abaixo desviarnos á esquerda cara a Brión de Arriba. Desde aquí divisamos os restos das que foron dominadoras, protectoras e opresoras Torres de Altamira no val da Mahía. Baixamos por detrás de Quintáns e Boimil para chegar a Pedrouzos, lugar de acollida da grande milagreira Santa Minia, onde se fixo unha parada para repoñer forzas. Está claro que algúns, os menos andareiros foron quedando polo camiño para logo ser recollidos polo autobús.

Proseguimos a camiñada por Brans de Abaixo e o Enxo; atravesamos a estrada que vai a Negreira e subimos cara a Pegariños, xa no concello de Ames, onde un sendeiro de herba pola dereita, antes de entrar na aldea, nos leva baixando ata a capela de San Xoanciño. Deixamos a un lado Augapesada e, atallando pola fermosa aldea de Pousada, subimos cara a Covas despois de atravesar o rego dos Pasos e pola dereita, xa arriba, continuamos cara a Igrexa de San Estevo e proseguimos ata a Portela

Ventosa, onde nos atopamos co agora camiño de Fisterra, que segue pola Portela de Villestro por un sendeiro que se converte en pista.

Xa en terras do concello compostelán, atravesamos o rego de Roxos cara a aldea de Quintáns. Despois de cruzar a estrada que vai a Tapia e Portomouro subimos por detrás de Pedrido e cruzamos a estrada que vai a Santa María de Villestro, descendemos cara O Carballedal e dirixímonos cara As Moas de Abaixo, para iniciar a subida á aba do monte Pedroso, despois dun bo treito.

Ao chegar ao alto, e a modo do Monte do Gozo, divisamos Compostela e por suposto as torres da Catedral. Saímos á estrada de Sarela de Abaixo e antes de chegar á de Arriba collemos un cruce pola dereita cara ao cantareiro río Sarela e ás vellas fábricas de curtidos e muíños fariñeiros, atravesamos a Ponte do Sarela, subimos pola rúa do Cano e pola verdecente Carballeira de San



MOSTEIRO DE TOXOSOUTOS



PEDROUZOS, SANTA MINIA



SAN XOANCIÑO

Lourenzo, continuando pola rúa de Poza do Sar cruzamos a estrada para a rúa de Hortas para acabar na Praza do Obradoiro diante de Catedral despois de subir a empinada Costa do Cristo. Nós estramos pola ponte do Carme, entrada e saída natural de Santiago cara a Noia e Negreira en tempos antigos.

Un meses despois, Manolo Caamaño (traballador da Casa de Cultura de Noia) ensinoume uns documentos de L. Huidoro y Serna (Tomo III, páx 259). No capítulo correspondente aos cami-

ños secundarios a Santiago, a investigadora Elisa Ferreira Priegue documenta un camiño medieval a Santiago.

A noticia máis antiga que se ten documentada dunha peregrinación a Santiago desde Noia é a dos cruzados de Dartmouth a Terra Santa que por culpa do mal tempo arribaron a Noia nos 48 navíos e peregrinaron a Compostela na data de 1147.

Vimos que estas rotas coincidían en demasiados puntos coa que nós fixeramos uns meses antes. A verdade é que despois non atopamos moita documentación nin noticias destes vieiros. Parece ser que a natureza, o tempo e algúns intereses borraron da memoria colectiva un roteiro de venturas, ilusións, peregrinacións, persecucións e outros moitos asuntos varios.

Desde aquí pedir ás autoridades dos distintos concellos un pouquiño de coidado, reparación e mantemento para un vieiro cargado de historias por descubrir e que forma parte do

acervo cultural, político, bélico... que durante moitos anos gozaron e sufriron Noia e Santiago de Compostela.


Xa como punto final deixamos algunhas fotos de currunchos interesantes do camiño, e os datos da planimetría, para os novos e ousados viandantes que desexen percorrer ese treito que desde aquí animamos a camiñalo. Como orientación explicar que 42 Km. fanse longos para unha camiñada dun só día, mellor e máis levadía en dúas xornadas. Boa andaina!

NOTA: Agradezo a Manolo Caamaño e a Concha Allut a súa predisposta, decidida e eficiente axuda; a Xerardo Agrafoxo como impulsor do que acabades de ler e a María, Pili, Silvia e Manolo que me fixeron máis doado o camiño coa súa compañía.

SITUACIÓN	Elevación		Dirección
	Km	m	
SAN MARTIÑO	0	10	→
SANTA MARIA A NOVA	0.29	13	↗
SAN BERNALDO	0.74	16	→
CRUCE RASA	1.11	15	↘
CRUCE RASA ARRIBA	1.48	33	↗
CRUCE GARDA CIVIL	1.81	57	↘
CRUCE VILAR VELLO	2.17	78	↗
CRUCE ESTADA FIALLA	2.84	114	↗
CAPELA DE SAN MARCOS	3.54	175	↗
CRUCE ESTRADA ROO	3.98	177	↗
CAMIÑO A SAMPAIO	4.28	185	↗
SAMPAIO	5.48	164	→
DEPOSITOS AUGA	5.59	177	→
FORMIGONS	6.11	213	↗
BAIUCA	6.33	219	→
SAN XUSTO	7.68	321	↗
BARGO	11.28	448	↗
CRUCE A AMAÑECIDA	12.69	474	↗
AMAÑECIDA	15.18	351	↗
LUAÑA	15.78	337	↗
NIÑANS	17.01	229	→
O VILAR	18.31	239	↗
A REEIRA	18.59	241	↗
GRONZO	22.11	213	↗
CRUCE A BRION	22.82	157	↗
BRION DE ARRIBA	23.61	150	↗
QUINTANS	24.16	154	↗
BOIMIL	24.57	110	→
PEDROUZOS	25.07	113	→
BRANS ABAIXO	26.30	105	↗
O ENXO	26.57	115	↗
CRUCE ESTRADA DE NEGREIRA	27.33	133	↗
PEGARIÑOS	27.62	144	↗
SAN XOANCIÑO	28.19	96	↗
POUSADA	28.66	53	↗
COBAS	29.44	70	↗
A IGREXA	29.93	72	↗
CRUCE A VENTOSA	30.63	95	↗
PORTELA DE VILLESTRO	32.18	174	↗
QUINTANS	33.06	159	↗
CRUCE SANTA MARIA DE VILLESTRO	34.97	166	↗
CAMIÑO TRAS PEDRIDO	34.95	218	↗
CARBALLAL	36.36	158	↗
CRUCE A AS MOAS	36.46	160	↗
AS MOAS	37.32	169	↗
ALTO (ABA MONTE PEDROSO)	38.83	238	↗
CRUCE SARELA DE ABAIXO	38.76	217	↗
SARELA	38.87	226	↗
CRUCE DE SARELA	38.98	235	↗
FABRICA DE CURTIDOS	39.65	196	↗
PONTE DO SARELA	39.73	200	↗
COSTA DE CANO	39.98	219	↗
RUA CARBALLEIRA SAN LOURENZO	40.19	232	↗
RUA SAN LOURENZO	40.52	232	↗
RUA POZA DO SAR	40.70	235	↗
RUA DAS HORTAS	40.99	248	↗
COSTA DO CRISTO	41.07	259	↗
PRAZA DO OBRADOIRO	41.12	259	↗



Tramo do camiño en San Xusto




San Xulián da Luaña



Torres de Altamira




Santa María de Vilvestro



Rúa das Hortas



Ponte do Carme




Esperanza Filgueira Rama

UNHA VISIÓN
DO CAMIÑO





P. Bourke



Antón Riveiro Coello

O anano de Moraime

A galbana da tarde incendiou o liño das sabas e castigou as pálpebras cativas do anano que, de primeiras, pensou que toda esa luz pertencía aos tecidos dun soño ou á prolongación esvaradía dun pesadelo que revisaba agora antigas historias do camiño, cando aínda había que procurar mantenza nas pousadas e nas feiras, compartindo mesa e cartos con mendigos, bandidos, cabaleiros, alquimistas, esmorgantes ou putas.

Abriu os ollos á tarde e o sol derruboulle de novo as pestanas. Tardou en se afacer á luz ofensiva e, cando o fixo, botouse ao chan cun brinco malabar.

Nin que dicir ten que o coitado non ía máis alá dos catro palmos e que, por extravagante capricho de señor, era alcumado Perifol, malia que o seu nome lexítimo era Afonso. Seica nacera na aldea de Moraime e ficara orfo axiña –os pais morreran na guerra da Independencia contra os gabachos– e por iso era coñecido nas congostas do camiño como Afonso, o anano de Moraime.

Convocado polos ladros adoecidos dos lebreiros do señor que anunciaba a arribada da cacería, Afonso de Moraime achegouse á fiestra para ver a dous criados desaparellando as bestas e axudando ao amo a se apear do palafrén de crina branca. El non tardou en saír a recibilo.

—Que tal a cacería, señor?

—Mal, Perifol! Os xabarís estaban tan apalermados que se podían despachar a man e as lebres gobernáronmas a mantenta. Son uns afagadores de merda!

A indignación do señor tiña un aquel de cólera. Afonso de Moraime axudouno para tirar as botas de chumbo —a el dábanlle polo pescozo— e observou cómo dona María, a señora, se achegaba co seu andar frouxo e amargado para lle bicar a man do marido que só adoitaba reaccionar con acenos de noxo.

—Ven –ordenoulle o amo. Percorreron corredores

revestidos por grandes tapices e deixaron atrás cadros multiplicados por espellos deica chegaren ao cuarto ateigado de arcadas de carballo. O fidalgo deitouse sobre unha cama con dosel de ébano, cercada con fermosas teas de organdí para que non o amolasen os insectos. As cortinas que escoltaban unha fiestraxe infinita conferíanlle unha tonalidade parda e melancólica á estancia.

—Toma. Lemo. Deumo o señor de Negreira.

Afonso de Moraime colleu o libro, como outras veces, coa abstracción de quen reza unha ladaíña despois de o ter feito milleiros de veces e, tras un chimp, gabeou e adaptouse nunha estragada cadeira de brazos. O fidalgo deu a última arramada ao seu corpo groso e rematou por se acomodar na cama mentres o anano, evitando un suspiro de fastío, anunciaba:

—“A peregrinación que fixo o licenciado Martín de Trasmonte polos camiños do Finis Terrae e por terras de Monxía en compañía da doncela, Emilia de Vilaserio, na procura do Leito de San Guillermo”

Afonso de Moraime decatouse de que o libro, que comezaba con insólita enerxía, era diferente a todos os demais que lle tiña lido e adiviñou certo espellismo na ollada carnosa e voraz do fidalgo.

Falábase nel das vicisitudes que a devandita parella tivera que pasar deica chegaren a Fisterra, de cómo se viron enganados por uns falsos negociantes en Ponte Maceira que os obrigou a facer noite no pazo de Cotón, de cómo proseguiron polos lugares da Mola, Gueima, Porteliñas, San Cristovo de Corzón, Mallón, de cómo lavaron os pés no Xallas e continuaron por Ponteolveira e Hospital até Dumbría, de cómo no Camiño Real a doncela caeu esgotada polo medo e o cansazo, e unha vella teimou para que a rapaza bebese dunha fonte milagreira que hai antes de chegar a Trasufe, e continuaron con azos anovados por Vilastose, cunha parada pequena no cruceiro da Grixá, até a hora do xantar que o fixeron no mosteiro de San Xulián de Moraime.

—De aí es ti, non si?

—Si, Señor.

O anano somerxeuse no libro. Lía cunha especie de vaidade retida. Non daba creto a ver impresas aquelas palabras que lle lembraban lugares de nacemento e mocidade que el tan ben coñecía: as congostras de Vilastose a Quintáns; as pedras da Virxe da Barca onde el adoitaba practicar apostas con viaxeiros que nada sabían da pedra de Abalar e aos que, en compañía dun tal Nerio de Morquintán, provocaba dicindo que el, malia a súa cativeza, era quen de mover esa pedra que pasaba dos cincocentos quintais.

—Perifol, vai ao último capítulo.

Afonso de Moraime tardou en ler e notou un arrepío a lle gabear polo corpo todo deica a gorxa.

—As caricias covardes do licenciado Martín de Trasmonte rastrexaban a pel témera da doncela que estaba envolvida nun calafrió. O mar, calmo, fracasaba ondas nas pedras primeiras deixando un brando rumor de naufraxios. O licenciado dicíalle cunha tenra voz que a brutalidade do rostro non prometía: *Non temas, muller. Este é o Leito do Santo*. Ela choraba mentres el teimaba cos beixos na caluga e lle ofrecía un pano de seda.

O licenciado Martín de Trasmonte aínda non a espira, mais o Señor xa andaba en cavilacións polo seu corpo e refregábase nos seus peitos imaxinarios.

O anano estaba ruborizado pola lectura deste encontro que prometía perverso, máis que pola súa lascivia, polo estrafalario que supoñía para el o imaxinar copulados unha doncela e todo un licenciado, aínda que se este era da ralea do seu amo non era cousa de estrañar pois claro exemplo tiñan no pazo atendendo ás aventuras proletarias do fidalgo.

—A doncela colleu o pano e secou as bágoas dos ollos. Este detalle deulle certa humanidade ao licenciado que abandonou a caluga para espir os peitos coa boca famenta. O Leito do Santo, fértil, atendía pola acometida mentres a lúa estremecía de luz o corpo da doncela.



O anano premeditou unha parada frívola e provocou certo alporizamento nun Señor que estaba acomodado á fantasía sexual da narración.

—A pobre Emilia de Vilaserio deixou de chorar. Mordía os beixos. O corpo non era seu, pertencía ao licenciado Martín de Trasmonte que arrincaba, nun

memorable ampear, as roupas vaticinadoras dun corpo fermoso. Ela tentaba de se tapar de novo cos seus brazos, mais el afastoullos e apertouna misteriosamente nun frío contacto de corpos distantes.

Afonso de Moraime seguía abraiado e notou un endurecemento na entreperna. Isto era sacrílego. Pensou na Igrexa e no que diría frei Antón se chegase o libro ás súas pulcras mans, pero os seus desexos de se reencarnar no licenciado empurrárono a proseguir coa lectura urticante. O fidalgo seguía a sorrir, vicioso e ledó.

—O latexar do corazón da doncela batía contra as paredes do peito. O licenciado conducía a barba pola xeografía daquel corpo esbrancuxado.

A imaxe etérea da doncela era menos concisa que a do licenciado, xa que a este o concibía coa complexión do seu Señor. A ela aínda non lle escollera un corpo. Este libro impío estaba a delatar unha abominable historia de desamor que os mantiña arreitados ao fidalgo e mais a el.

—Os ollos da doncela aterreceron máis cando el a colleu e, con noxenta masculinidade, a carretou ao leito. O licenciado Martín de Trasmonte espiuse con soltura e ela sentiu como a súa pel se queimaba coa del cando este sacudía entre laios todo o seu desexo acumulado...”

—Abonda. Sabes a historia da ermida de San Guillherme de Fisterra?

—Máis ou menos. Hoxe está en ruínas porque á Igrexa non lle facía ningunha graza aquilo de que as parellas que non podían ter fillos fodesen no sartego do santo para curaren esa eiva.

O anano non entendía qué enredos levaba esa pregunta pero alcanzouno unha sospeita.

—Xa vou para os cincuenta e esa bruxa que teño por muller non me dá descendencia. Aínda que, se cadra, eu son maniño como as vacas. Como non o sei, mañá faremos o camiño de Fisterra como fixo o licenciado Martín de Trasmonte. Iremos primeiro a Muxía, á pedra dos Namorados, acreditada polo dito popular de onde van dous e veñen tres, e despois deixaremos a proxenie asegurada no Leito de San Guillherme de Fisterra.

—Vostede cre nesas cousas, Señor?

—Perifol, ti es cristián ou acaso me amolas?

—Perdoe. E dona María, xa sabe da viaxe?

—Dona María? —os risos do fidalgo tiñan alardes fogueteiros— Dona María, Perifol, fica na casa!

—Daquela..., non entendo, Señor.

—Mandei preparar tres cabalos para mañá. Dille a Sabela que partimos ao amencer.

—A Sabela?

—Si. Ela será a que me dea un meniño. Aínda é moza.

Ao anano mancárono as palabras do fidalgo e odiouno en silencio.

—Podes retirarte. E vai durmir para estares fresco para a viaxe.

—Que descanse, Señor.

Afonso de Moraime atravesou os corredores coa viva imaxe do licenciado e da doncela bulindo no seu caletre, co seu corpo infantil estremecido, soñándoa sen acadar arrincarlle do corpo ao vello e enxoito Martín de Trasmonte, apegado ás súas nádegas cunha forza tola.

Sabela tiña o cuarto fronte ao seu. Era unha criada de carnes cumpridas que se ocupaba da cociña. O anano petou na porta e ela non tardou en abrir.

—Que se che ofrece, meu principiño?

—O vello mañá quere facer o camiño de Fisterra connosco.

—Que?

—Como dona María non lle dá descendencia quere ver se lla dás ti.

—Cona que o pariu! Se é el o que está seco! —Sabela regalou a ollada—. E para que habemos de ir a Fisterra? Será que esas cousas non se poden arranxar no pazo!

—O Señor de Negreira deulle un libro e meteulle no caletre a idea de o facerdes na pedra dos Namorados de Muxía e despois no Leito do Santo en Fisterra.

—Toleou?

—Non sei. Agora dálle por crer nesas cousas. Dixo que preparases dúas

mudas. Fistera está a dúas xornadas a cabalo.

O anano marchou para o seu cuarto e deu en cismar no libro do licenciado Martín de Trasmonte. Non aturaba o recordo das frases e esvaeceuse nunha especie de voluptuosidade que o levou a un soño onde aparecía a doncela na que reparaban con sorpresa. Algo nela superaba todas as realidades e non só recobrava o acougo senón que ría, querendo incorporar a ese riso, se cadra, a diabólica gargallada do licenciado Martín de Trasmonte. O anano envaidecíase crenndo descubrir o amor en cada treito da súa ilusión, mais resultáballe imposible derrubar a pegañenta silueta do licenciado que, aos poucos, ía adquirindo as maneiras do seu Señor. De alí a un nada tirou a túzara conclusión de que namorara da doncela, do seu corpo celestial, quimérico. Pensou que cecais quería licenciado, á pesar dela mesma, mais iso, Afonso de Moraime, non podía aceptalo. Así que volveu polos corredores do pesadelo até o cuarto do seu Señor que durmía a perna solta. Na súa face nadaba un aceno de burla que semellaba dedicado a el. O anano pensou nela e no corpo cebado do fidalgo —que no soño suplantara ao licenciado Martín de Trasmonte— a quen miraba con rabia. No cabo do estante onde deixara o libro había unha daga con empuñadura prateada que tiña unha muller de feiticeiras curvas que lucían discretas baixo a luz amortecida. Colleuna e, como o contacto foi demasiado frío, retívola convulsivamente até que temperou á calor da súa man cativa. Dirixiuse daquela cara ao estante sen se desprender da figuriña de prata. O seu Señor seguía a roncar e tiña retratado no rostro un aquel de concupiscencia, de escándalo. Isto produciu carambelos no sangue do anano que, regañando os dentes e acendido por un lume que viña de moi dentro, achegou a cadeira atávica ao leito e fendeu dúas puñaladas no peito do

fidalgo que saudou á morte durmido. Despois, tras facerse co libro, Afonso de Moraime, tocado por un sorriso namorado, deu en devorar as páxinas entolecidas e creu que cabalgaba polas rodeiras da veiga vella camiño de Fistera. Mais estaba equivocado porque foi o rincho dos cabalos o que lle tocou o soño e o que o trouxo á realidade para lle tirar da cabeza esa fazaña secreta.

O Señor xa estaba preparado e revisaba a disposición dos cabalos.

O anano colleu unha muda e meteuna nun fardelo e avisou a Sabela para que se espelise.

O fidalgo apenas os deixou almorzar e non tardaron en encarreirar a Ferradura, o barrio do Pombal e as carballeiras de San Lourenzo.

A fermosura exacta da mañá preparaba un amencer suntuoso que agromou por completo cando os cabalos abeberaron no Xallas.

Afonso de Moraime seguía a matinar na doncela e na historia aquela do licenciado. Aínda non fora quen de se desfacer dos últimos pousos do soño e seguía a odiar o seu Señor, esquecendo que fora precisamente el o que un día o liberara das miserias do camiño e da fame. E todo porque precisaba dun bufón para as súas festas máis privadas. Mirar para ese home, que agora cabalgaba con decisión militar polo camiño romano, producíalle un noxo que lle nacía no estómago e que aos poucos lle ía luxando o pensamento. Cando chegaron á aldea de Hospital xa eran as dúas.

—Señor, aquí esgállase o camiño. Ou ben imos xa a Fistera ou subimos primeiro por Muxía. Vostede disporá.

—Que fixo o licenciado Martín de Trasmonte?

—Visitar a Virxe da Barca e despois o Santo Cristo e mais a ermida de San Guillerme.

—Pois nós faremos o mesmo.

Continuaron camiño e fixeron xantar en Dumbria na pousada de María de Buxán. A vella recoñeceu o anano e púxoselle na cova dos ollos o escintileo apagado dunha luz.

—Ti es de Moraime? Lémbrome de ti, tunante.

Ao anano non lle fixo ningunha graza aquela familiaridade, mais o fidalgo interesouse por aquel encontro.

—Si que o é.

—Sempre andaba canda o Nerio de Morquintián, aquel ladrón do camiño.

—Que foi del?— quixo saber o anano.

—Levárono preso os soldados regulares. Debíalle catro mortes á xustiza.

A vella serviulles o xantar e teimou cunha pregunta.

—E cara a onde vai tan boa xente?

—Á Virxe da Barca— contestou Sabela mentres rillaba nunha pata do cabrito.

O sol agardounos fóra, xunta os cabalos, e proseguiron polo Camiño Real cara a Trasufe onde visitaron a fonte milagreira da Santa do Espiño.

—Aquí foi onde bebeu a doncela para recuperar as forzas. Non si, Perifol?

—Coido que si, Señor.

Sabela axeonllouse para beber o líquido santo e ao anano figuróuselle que era a doncela a que o facía. O coitado, asoballado pola virulencia crecente do seu odio, entornou as pálpebras para non ver o seu amo que cada vez se asemellaba máis á idea que tiña do licenciado Martín de Trasmonte.

A paisaxe espellábase no río Castro e desfacíase nas súas fermosas caldeiras.

Cando chegaron a San Isidro de Quintáns eran as sete do serán e por un tratante souberon que hoxe era feira. Apuraron os cabalos e aínda puideron mercar pan centeo e un bo anaco de touciño para a cea.

Ao pasaren Vilar de Sobremonte, o anano esqueceu por un intre as cavilacións que o traían envolto nunha especie de coiraza autista, e decatouse de que estaban chegando a San Xulián de Moraime, o lugar da súa nacementa, e sentiu unha dor retroactiva ao se ver xogando no adro da igrexa, a par doutros cativos que tamén perderan os pais na guerra da Independencia.

Non pararon porque o fidalgo quería chegar a Muxía antes de que se botase a noite enriba deles. Baixaron a Carrúa, xunto a Figueiras, convidados pola fermosura da paisaxe mordida polo mar. Entraron en Muxía pola praia da Cruz e, a un home que, malia a calor, levaba unha túnica de flanela moi semellante á mortalla, preguntáronlle onde había unha pousada para faceren noite.

—Pidan razón pola Leocadia de Pedregás.

Aparellaron os cabalos e entraron nunha taberna que rexía a tal muller. Nunha mesa bebían dous vellos mariñeiros baixo a luz enferma dun candil e chantaron os ollos túzaros no corpo de Sabela.

—Boas noites.

—Boas.

A muller ocupou o posto por tras do mostrador de madeira e preguntou qué se lles ofrecía.

—Dixéronnos que vostede nos podía dar pousada por esta noite.

—Cantas camas?

—Dúas.

O Señor, sen saber o prezo, untoulle a man con dez reais e á muller desorbítouselle nos ollos un escintileo pecunia-rio.

Cearon e volveron aos cabalos porque o amo quería ir á Virxe da Barca.

Sabela estaba esgotada e, consciente de que ían á pedra dos namorados, debuxábasenlle no rostro sucesivos ace- nos de noxo.

Afonso de Moraime aspiraba a brisa do mar infinito e observaba cómo as gaivotas sementadas polo ceo pasaban por diante da lúa como sombras animadas. O coitado fervía por dentro e intentaba concentrarse na festa da paisaxe para eludir os pensamentos violentos cara ao seu Señor que estaba a facer a mesma andaina do licenciado Martín de Trasmonte, un itinerario no que Sabela ocupaba xa dun xeito inequívoco o corpo da doncela do relato.

Chegados ao santuario da Barca, percorreron todas as pedras que a lenda apón aos restos da embarcación pétre- a da Virxe que se lle apareceu ao apóstolo Santiago un día de temporal co Neno no colo; a da Vela, a de Abalar, a dos Cadrís, a do Temón e a dos Namorados. Nesta, o Señor colleu á criada dunha man e ordenou:

—Perifol, faite co libro, e vai ao capítulo último. Lenos dende a pedra de Abalar. Nós ficamos aquí. Ti vixía que non veña ninguén.

O anano buscou o libro licencioso na albarda do cabalo e, aproveitando a

luz insuficiente da lúa, deu en ler aquelas páxinas que estaban a alentar os desexos porcos do seu amo.

Entrementres, o mar acariñaba as rochas e deixaba un murmurio humano na noite.

O Señor rematou axiña, moito antes de se consumiren as palabras do último capítulo, e os tres volveron á pousada de Muxía para o descanso.

Malia estar esgotado pola viaxe, Afonso de Moraime tardou en pegar no sono. Fedellaba no seu estómago unha preocupación nova que xa non só tiña que ver co rancor senón tamén cos celos; uns celos concretos que abranguían a unha Sabela reencarnada definitivamente na doncela do relato. Para el ambas as dúas eran unha persoa, do mesmo xeito que o seu amo e o licenciado Martín de Trasmonte respondían a unha única identidade.

Sáron de mañá cedo cara a Fisterra e pararon en Lires para lle dar penso aos cabalos. Máis tarde, nunha taberna da aldea de Duio, famosa pola lenda dunha posible cidade engulida por un cataclismo ou por ser o feudo da Raíña Lupa, mentres o fidalgo falaba co taberneiro dos atallos para o monte de San Guillherme, Afonso de Moraime fíxose cun coitelo que repousaba enriba dun bocoi, agachouno por baixo da roupa e saíu á rúa vencido por unha acordanza estraña: matar o licenciado.

A calor do sol volvérase insoportable e os cabalos suados rinchaban na costa do monte Facho que levaba ao cabo de Fisterra. O camiño ofrecía a paisaxe da ría de Corcubión e da costa de Carnota cos montes de seixo rosado do Pindo coroados pola pena da Moa. Pouco antes de chegaren ao faro, nas ruínas da ermida de San Guillherme axiña atoparon unha especie de pía de pedra que recoñeceron como o Leito do Santo. Sabela comezou a se espír dun

xeito resignado e o Señor apeouse do cabalo e mirou para o anano que entendeu decontado. Afonso de Moraime afastouse un nada cos cabalos e colleu o libro para amenizar o encontro co último capítulo daquela historia indecente. Acariñou o coitelo e a cobiza de matar o amo en pleno acto, mais retrocedeu perante unha nova idea que lle prendeu na cabeza. Agardou con paciencia a que rematase o fidalgo coa súa teima fecundadora e, en canto o viu abandonar o leito de pedra, espetoulle:

—Señor, queda un lugar por visitarmos.

—A fin do mundo?


—Si. Seica alí se presenciaron milleiros de naufraxios porque as xentes ruíns que vivían nestas terras prendían luces postizas nos cantís para atraeren os barcos ao desastre e apropiárense da súa carga.

O Señor subiu no seu percherón branco e encarrouse cara ao cabo con ese aire de compracencia de quen é dono do mundo. Afonso de Moraime eslumecía por chegar e falaba coma un descosido, cargando as frases de palabras ociosas que non tiñan outro móbil que emboscaren a perversidade da súa vinganza.

O mar espertou de súpeto como por arte de maxia e anunciou o limiar do Alén, onde o sol fai a súa volta, e, cando o percherón asomou os fociños ás paredes verticais do cabo, o anano, aguilloou coa punta do coitelo nunha catcha do animal que, nun acto reflexo, se desbocou co licenciado, coma un barco máis, no inventario de naufraxios, deixando na caída o rastro dun rincho case humano.

Afonso de Moraime virou as rédeas do seu cabalo, mirou para a doncela cunha ollada durísima que dicía moito máis que calquera palabra e, de costas á fin do mundo, remontou o camiño de Fisterra, tocado por unha ardentía que non se correspondía cos catro palmos da súa estatura.

P.S.: Nun libro titulado *Historias do Camiño da* autoría do profesor de Historia Profana do Seminario de Ourense, Jean de Maurité, recóllese nunha pasaxe do ano 1850: “Aquel anano violento, como vido do outro mundo, dominaba o treito de Verín a Allariz xunto co seu fillo e mais unha muller que se facía chamar Emilia de Vilaserio”.



Maxi Olariaga

Os ignorados amores de Don Ivo e Dona Gladys

Para Iria Lago, miña fada azul na Arxentina.

Émbroo ben. No hai néboa nin nube algunha que impidan o camiñar da miña memoria. Aínda hoxe no sei por que sempre me doen, me doeron e me doerán estes asuntos. Eu vin como se abatía sobre se mesma, coma un feto escarnecido, coma un aborto inesperado, o cárcere..., —¿que digo cárcere—, o hospital, dixen hospital?, o asilo, a fonda, o repouso, a fonte, a historia final da vida dos seres humanos namorados de se mesmos grazas a Deus.

Unha mañá do século XX, talvez en outono, vaia vos tede a saber, en verán, en primavera, non, non, creo que imperaba o inverno, todo aquilo, aquel pedrolo divino que dividía as dúas Noias, aquela fronteira de granito que conxugaba a mentira dun Deus repartido conxuntamente en tres persoas, Pai, Fillo e Espírito Santo, viuse abaixo como se abaten as ondas sobre o seu ventre líquido. Encolleuse sobre se mesmo o edificio e a pouco, xa derrubado polos ignorantes, chegaron os camións e os carros tirados polos últimos bois que por aquí se viran. Aos seus lombos cargaron os homes a “longa noite de pedra” esculpida sobre o río e, costa arriba, levárona con rumbo norte buscando o perfume das rosas, talvez das hortensias, máis seguramente o recuncho escuro das silveiras onde os xiríns de Avilés gozaban da marmelada de moras.

Así foi que sobre o Traba, nas súas marxes de prata encalmada onde se xogaban a vida as troitas e as lontras, espallouse o escombros do Hospital primeiro que consollou con láudano e bicos a dor dos nosos antepasados. A min, non vou negalo, impresionoume aquel derrubo, aquel abatemento. Cada pedra mordida pola maza que se afogaba na ría parecíame un enfermo entrado en agonía. Asomábame a ruína e presentía naquel caos o que habería de ser a miña vida futura. Non podo explicalo pero aquel misterio, aquela adiviñanza estivo presente en min por moitos anos mentres as horas e os días cumprían todos e cada un dos presentimentos que colleccionei ao

pé daquela desolación. Contemplar aquela testemuña da historia foi a miña fronteira distracción de neno camiño da estornela na Estrada Nova.

Unha tarde, sendo xa un bo mozo, detívenme no medio daquel espanto e a ira inocente obrigoume a patear as pedras amoreadas na soidade do baleiro da destrución. Entón vino. Brillaba coma un estandarte senlleiro no campo de batalla. Como una sortella no dedo fiel da persoa amada. Inclineime e arrinqueino do pedregal coma quen extrae unha raíz da viña. Era unha bolsa de coiro, probablemente tinxida dunha cor avermellada e pechada polo norte e polo sur con dous aneis de ouro. ¡Pobre de min! Violei un dos selos e comecei a ler o pergamiño que durmía virxe no seu interior.

Así rezaba...

Carta de don Ivo de Arce e Viseu, Capitán do Condestable Don Álvaro de Luna, a súa amada Gladys de Famaliçao, sendo o ano do Señor 1453. (Había un introito que explicaba a chegada do correo ao seu destino. Velaquí o texto completo):

“A ama Cristalda de Guimaraes despediu ao mensaxeiro cun xesto displicente e apertando contra o seu peito o pergamiño lacrado, cruzou o claustro silencioso e nun abrir e pechar de ollos abriu a pesada porta que co seu lacerante xemido de gonzos daba acceso ao xardín e sorrindo como non o facía desde que foi nena, achegouse silenciosa á

dama Gladys. Esta veu sobresaída a súa beleza e os seus ollos verdes, rodeados dun manto de pestanas da cor das madeiras de Oriente, fixéronse ao punto na carta que Cristalda traía repousando na súa man arrolada no seu corazón.

Señora, Señora. Tendes recado, cartas de Don Ivo. Cartas do Sur, Dona Gladys. Un besteiro acaba de entregarme...

Dádemas, darmas xa. ¿Cómo podedes terme un só instante máis suspendida na inquietude? Dádeme a carta.

Tende Dona Gladys... pero lea, lea en voz alta.

Lerei en voz alta aquilo que crea o merece. Retirádevos. Ide tras aquela roseira rioxana... non quero que vexades de cerca o rubor das miñas meixelas. Non quero que percibades sentimento algún que agrome dos meus ollos coa lectura. Ídevos, ídevos tras a roseira.

Pero miña nena, miña nena Gladys. ¿Cómo podedes condenarme así despois de tantos meses de espera?

Está ben. Sentádevos sobre a herba aos meus pés... pero non ousedes mirar o meu rostro mentres leo.

Paréceme xusto, así o farei, contestou Cristalda.

Mirándoa de esguello cun sorriso cómplice Gladys, axudándose dun alfinete de ouro que pechaba a súa camisa de seda de Calcuta, segou o selo de lacre. Cando abriu o pergamiño e se encontrou coa man do seu amado Ivo feita escritura, apertou o prego contra o seu peito, entornou os ollos e rezou un avemaría. Concluída a pregaría persignouse dispúxose a ler. Do papel, tan puro era, desprendíase un aroma a cedro que chegou a desmaiala un instante. Sobrepúxose e comezou a lectura.

Benquerida, amadísima Gladys:

Amence de camiño a Valença. Viaxo cara a ti sen alma. Cabalga sobre os pezuños do meu cabalo como se este pisara un solo de nubes. Non sinto nada. Nada son de aquel que partiu de Évora para servir ao Condestable Don Álvaro de Luna, o home máis cabal e sabio que ata hoxe coñecín. Pronto estarei ao teu carón e contareiche como ás súas ordes derrotamos en Olmedo aos nobres envexosos da súa intelixencia, da súa sabedoría e do seu poder. Anos antes, souben cómo, cando eu aínda era un neno, fixo morder o po ao mouro en Higuera de la Cruz e con moita lealdade ata o día luns da pasada semana segunda de outubro, serviu ao rei Xoán e o mantivo no trono.

Quen diría, amadísima Gladys, que a vosa tía Sabela de Portugal, muller do rei Xoán II, deu en maquinan contra meu señor un plan polo que foi acusado de bruxería xa que, ante a corte, vosa tía a Rainha, xurou que mediante feitiços, apócemas e pactos de aquelarre, o meu cabaleiro Don Álvaro, subxugara ao monarca ata o punto de



HOSPITAL DE AFORA QUE ESTABA SITUADO NO ARRABALDE DO ESPÍRITO SANTO

que este nada facía que non fose inspirado pola vontade de meu señor De Luna.

Breve é a carta pois só é un anuncio da miña presenza ante vos. Nin un só día, un minuto sequera deixei de amarvos. Nada digades destas cousas a ninguén ata a miña chegada. Quizais teñamos que fuxir a Galiza, nosa querida sangue do norte. Vosa tía, a raíña Sabela, decretou a miña morte. Ata agora non consumou a súa vontade xa que Noso Señor Xesús Cristo intervén milagrosamente na defensa da miña vida. O mesmo amencer no que foi decapitado meu señor Don Álvaro de Luna, un pastorciño, eu creo que un custodio dos ceos, espertoume e urxíume a fuxir de inmediato. Instoume a montar espido no meu cabalo e a galopar cara ao Norte sen mirar atrás. Así o fixen e a man mesma de Deus parecía guiar a miña cabalgadura entre a matogueira, sorteando as aciñeiras e os olmos, batuxando nos arroios. Rapidamente, escoitei o asubío coma o da Hidra de Lerna e un estrondo de ferro resoou no medio do meu peito aberto á noite. Seguín galopando sen volver a cara e cando as primeiras luces do amencer se bautizaron co orballo da xerra... ¿Podedes crelo?, vin como a frecha dunha bésta lusitana estaba cravada sobre o crucifixo de madeira de buxo co que vós me agasallastes antes de partir. Detiven o galope e baixei da miña montura. Observei entón como da ferida aberta na madeira santa que como todo amparo protexía o meu peito espido, manaba sangue e auga. Volvérase producir nun ser tan insignificante coma eu, o milagre do Noso Señor alanceado polo romano Longino no monte Calvario.

Pronto estarei con vos e, cando a noite deixe caer o seu sorriso denso sobre as ameas da fortaleza dos meus parentes en Noela de Galiza, narrareivos as vivencias acaecidas en todos estes anos ao servizo do meu Señor Don Álvaro de Luna que agora mesmo está sentado á destra de Deus. Sobre o cabezal do noso leito e ata o día da nosa morte, permanecerá suspendido o crucifixo de buxo que o ceo, por medio da vosa man purísima, transformou en cota de malla para defender o meu peito inerte que sempre suspírará por vos, amadísima Gladys.

Eternamente voso, IVO.

Gladys descansou uns instantes a súa mirada na sinatura. Uns instantes que talvez foron minutos, horas. De socato sentiuse zarandeada polo vento da tormenta. Eran os brazos poderosos de Cristalda que a fixeron volver da súa angustia.

Señora Dona Gladys: ¿Qué sucede? ¿Qué di a carta, señora?

Gladys abriu ao fin os ollos e envolveu con sumo coidado o prego ata que desapareceu o recendo a cedro. Mirou a ama e tomoulle as mans.

Cristalda, Cristalda. Deus Noso Señor liberou ao meu amor dos seus quebrantos. Álvaro de Luna licenciouno dos seus servizos e volve a casa coma Odiseo volveu a Penélope. Don Ivo de Arce virá coa mañá. Axeónllate comigo aquí sobre a herba e recemos, recemos ata que a súa figura fermosa, o seu talle de Narciso, se recorte no contraluz da oxiva que da ao claustro. Reza, ama. Reza comigo. Don Ivo cabalga cara a casa sobre un mar de nubes armado co seu escudo de madeira de buxo montando o seu cabalo de crinas de bidueiro. Axeónllate xa e recemos, recemos ata a súa chegada.”

Isto era todo o que naquel documento contaba. Sempre fun un omiso. Demasiadas rúas, demasiados domicilios, demasiados infortunios. Nalgún traslado, nalgún moble condenado ao lume, perdín o documento e a fe que preguntei aos sabios, aos historiadores, aos xeógrafos, á xente do común. A min mesmo interrogueme ante o espello que nunca engana. Ninguén sabe nada de Don Ivo nin de Dona Gladys. Ninguén escoitou falar de Cristalda, aínda que moito se coñece de Don Álvaro de Luna, do rei Xoán e da raíña Sabela de Portugal.

Cada vez que no outono, en Galiza se tira a buxaina sobre o círculo da memoria desta terra, o berro da viola axitándose coma unha cobra e o alarido somnolento da madeira de buxo tráeme ao maltreito corazón o amor perdido no aceitoso ceo da historia que incendiou as almas de Ivo e de Gladys.

¿Cómo chegaría aquela carta á ruína feroz do hospital noiés? Talvez a historia sexa un ser vivo e encargou a súa demolición á ignorancia para que se revelara o manuscrito que a miña preguiza abortou apenas quentado pola luz do século XX. ¿Qué Deus me perdoe!

Ira de Deus



Agustín Agra

A Guedellas, apóstata

Puro. O meu espírito era puro. Érao, por iso a súa palabra prendeu en min. Abrín os ouvidos á voz do vigairo de Cristo e unha vaga de fervor asolagou a miña mente e o meu espírito. Deixei-me levar pola devoción e abandoneino todo ante a chamada afervoadada do Santo Pai. Atrás quedaron o pazo e mais as miñas terras; meu irmán a cargo delas. Diante o universo mundo, mar e terra; máis alá, moi lonxe, os dominios do infiel. Non tiven mágoa polas dificultades; o fervor e o ímpeto propio da mocidade eran a miña forza.

Avancei moitas leguas cara ao abrente dacabalo da miña montura. Uninme a outros homes que levaban o mesmo brillo na ollada. Todos xuntos acadamos o mar e embarcamos. Todos xuntos sufrimos os embates das ondas e fomos levados polo vento e as correntes cara a Oriente. Todos xuntos, todos, e moitos máis, nun milleiro de embarcacións, acadamos o noso destino. Todos xuntos, o exército de Deus, seguimos avanzando até ter á vista o inimigo. Entre nós, crentes e impíos, estendíase o campo da honra, o lugar onde se mide a verdadeira valía dun home. Alí escoitamos as escrituras e comungamos, aprestámonos para o combate, invocamos o nome do Noso Señor, e cargamos contra eles en aras da maior gloria do Altísimo.

Nin piedade nin compaixón. A nosa misión era sagrada, debiamos arrincar

da face da terra as falsas crenzas e as supersticións que aniñaran nos seus peitos. Os homes de Deus, coas armas na man e a boca enchida de blasfemias, cargamos con saña contra as súas fileiras. Deixámonos levar pola carraxe. Ira. A ira de deus a guiar os nosos ferros, foi todo o que os adoradores de Mahoma puideron agardar de nós, servos submisos do Todopoderoso. Medo, non o houbo. Eles eran infieis; nós, de atopar a morte coa espada na man naquela santa cruzada, acadaríamos o Paraíso.

Nos meses que seguiron foron moitas as xornadas nas que volvemos ao matadoiro. Foron moitas, si, as vilas que arrasamos e moitas as cidades que, teimudos, asediamos e tomamos ao asalto, moitos os vencidos dos que logo demos conta sen piedade. Despois de cada vitoria músicos e xogares encetaron para nós as súas cantigas; a carne e o viño correron a eito; e relixiosos e segrares entregámonos á pillaxe e ás voluptuosidades da carne, á aldraxe. Deshonramos mulleres, mulleres e tamén nenos, mozos belidos que apagaron os ardores da nosa lascivia. Demos renda solta aos nosos instintos máis baixos amparados tras a cruz que levabamos no peito. A lubricidade e a cobiza volvéronse as nosas compañeiras naquela hora.

A primeiros do verán de 1191 unimos as nosas tropas coas dos francos e os anglos comandados polo rei Ricardo. Xunto a eles puxemos sitio e tomamos a cidade de Acre, prendemos lume até aos casais máis miserentos e participamos na matanza dos prisioneiros que alí fixemos, milleiros de homes de todas as idades pasados a coitelo. Matamos sen pousío. Demos morte a vellos, mulleres e nenos, a musulmáns e a xudeus por igual, pagáns todos, merecedores –por impíos–, dos tormentos do inferno; o gume dos nosos ferros non fixo distinción de credos. Nós, todos nós, enchoupamos as mans co sangue daquela xente. Os seus corpos sufriron tormento –coitados, que suplicaron en van pola clemencia dos guerreiros da cruz–, pero foron as nosas, daquela aínda non o sabiamos, as almas que se condenaron ás lapas eternas.



Achegámonos logo até ás murallas de Xerusalén, dispostos a devolver ás mans da cristiandade a custodia dos Santos Lugares. Agardamos moitos días ás portas da cidade para, ao final, ver como as espadas permanecían nas súas vaíñas e asistir, impotentes, á firma dun acordo con Salah Ad-din antes de retornar apesarados as nosas posicións.


Non sei cando me decatei de que a primeira fendedura comezaba a abrir brecha na fortaleza que era o meu espírito. Non o sei. Quizais foi tras entrar en San Xoán de Acre como unha manda de lobos esfameados e pasar polo gume do coitelo os garneatos daqueles milleiros de prisioneiros desarmados que, tras renderse, agardaban confiados a nosa indulxencia. Aquilo non foi unha liza xusta contra o inimigo; aquilo foi unha carnizaría. Tras o noso paso só quedou o fedor dos corpos a podreecer, unha pestilencia que non aturaría nin o mesmo díaño. Entón si, a culpa bateu de súpeto na miña conciencia. Remorsos. Eu até daquela non sabía o que eran os remorsos. Non, non sei de certo en que intre a luz se fixo camiño cara ao meu interior e fun consciente de cal fora en realidade o alcance dos nosos actos, mais nalgún intre acreditei que os bárbaros eramos nós; fomos nós, na nosa estulticia, os que levamos a barbarie a aquelas terras. Fomos vítimas da cegueira, podería dicir na nosa defensa. Cegos e xordos, movidos coma monicreques polos poderosos, a ambición sen medida a toldarnos a ollada, cobizosos de terras e riquezas, coa avaricia polo botín que deixabamos atrás a corromper o noso corazón de homes. Avaricia. Aquel sangue derramado, o noso e mais o deles, só serviu para encher de ouro os petos dos avarentos. Non é certo. Non, non o é. Nin a palabra sagrada nin a redención das súas culpas. Sangue e morte; e máis sangue e máis morte. Iso foi, e non outra cousa, o que levamos canda nós a aquelas terras adoito fértils. A fame, as enfermidades e a miseria, ... e a morte.

Quizais as súas alturas son demasiado altas como para poder vernos, ou quizais se esqueceu de nós –quen o sabe?–; pero alí, ante aquel mar sobre o que o seu fillo camiñara, sentín que, se as nosas obras son o verdadeiro camiño cara á salvación... estabamos sentenciados até a fin dos séculos.

Os ventos foron propicios e a nave que nos traía de volta a casa deixounos sen contratempes en Crotona. Dende o seu porto, na compañía dunha hoste de guerreiros francos, acadei París. Naquela capital desfíxenme da montura e mais da armadura, vendín a espada e mais o resto das armas, e xunto coa maior parte das pezas de ouro e prata que me corresponderan do botín –a iniquidade a ateigar a miña bolsa–, exercín con xenerosidade a nobre obra da caridade. Libre daquel peso inicié o cami-

ño de regreso, impulsado pola arela de sandar, ou cando menos de aliviar, os andazos e doenzas que se instalaran na miña alma. Escollín camiñar como un devoto pola Vía das Estrelas para gañar a indulxencia do Apóstolo, Santo protector do Reino, piadosa penitencia polos meus moitos pecados. O camiño, milleiros de pasos, acto de contrición, vía de redención pola que acadar, limpo de espírito, Compostela. Camiñar un día tras outro en soidade, coa soa compañía do arrepentimento máis sincero. Camiñar, un paso tras outro, até acadar a graza divina.

O camiño, unha miraxe. A mortificación e a penitencia foron de todo inútiles. Nin a oración nin o xaxún máis estrito puideron silenciar o bruído. O camiño, onde vin o que xamais debería ver un cristián: fondas rexentadas por raposos, que moi ben poderían ser fillos do demo, nas que se xogaron almas aos dados ou foron vendidas en troques dunha moeda; mancebías ás que acudían por igual romeiros e fregueses por ver de satisfacer os degoiros da lascivia que nacía dos seus ventres; mandas de moínantes na procura de chuchar aos



BALDAQUINO DO CEMITERIO DE NOIA

camiñantes até a medula; esmoleiros a baleirar con habelencia petos e faldriqueiras. O camiño, unha legua tras outra ateigadas de falsos doentes e tolleitos, de canallas renartes, aves de rapina á espreita das súas vítimas. Eu mesmo fun vítima de engano. Eu, que percorrera o mundo dende a República Serenísimá até a cidade de Constantino; eu, que coñecín a Roma dos sucesores de Pedro e mais o Santo Sepulcro do noso Señor; eu, que cría coñecer a alma da xente, sufrín a felonía de ser roubado por quen, coa argucia de dar acubillo ao peregrino, agochaba a perfidia tras a face da caridade.

Cando penetrei na cidade a través da porta de San Pedro, despois das esgotadoras xeiras que me trouxeron dende París pola ruta dos peregrinos, decateime de que estaba baleiro por dentro. Poida que xa o estivese e aínda non o advertira, mais foi alí, ante a vista da igrexa do Apóstolo, cando acreditei que xa nada quedaba no meu interior, nin o menor rescaldo de inocencia. A pureza coa que partira esvaecera e dera paso á vacuidade máis absoluta. Que había alí para min máis que vendedores de bulas, só pendentos de encher os seus estómagos? Como se se puidese mercar con cartos o perdón para as ofensas! Acaso pode lograrse a absolución en troco do valor dunhas moedas? Cal é o prezo dun engano, dunha morte? Non coido que fosen moitos os homes anovados que xurdiron ao final do camiño. Non, non coido que fosen moitos, malia as dispensas que pagaran. Que nos move xa que logo a procurar a tumba do Apóstolo? A ignorancia, non outra cousa; esa pezoña que inculcaron en nós até nos envelenar a alma. Cal é maior herexía, as miñas palabras ou as súas accións? Canto tempo hai que esqueceron as ensinanzas dos evanxeos que predicán?

Non acudín á Igrexa Catedral, casa do noso Señor Santiago, ben seguro da falsidade das reliquias que alí se custodian, convencido naquel intre de que aquela non era máis que unha outra das

moitas imposturas coas que agrilloan ao rabaño. O sarte-go. Poida que estea baleiro ou que acoche os restos dun cadelo ou dun cabalo. Quen o sabe, amais de quen pechou a súa tampa? Por que?, preguntome decontino. Por que é esta e non outra a nosa natureza? Coido que non hai respostas para min. Ben sei que o mundo está cheo de misterios que, por moitos anos que viva, xamais chegarei a descifrar.

Deixei ás costas aquela Xerusalén de Occidente e endereitei os pasos cara á miña vila de nacemento. As febres que me prostraron no leito dende a miña chegada non as collín en ningures, ben sei que non. Foron froito dos remorsos e o engano –as incertezas en que mudaran as certezas–, que chucharan en min até me deixar como un pozo enxoiado. Inútiles foron os coidados que me dispensaron. Non había remedio posíbel para os meus males.

Cando tiven a seguranza de que o meu fin estaba próximo eu mesmo lle pedín que me dese terra baixo da oliveira que prendera a carón do muro da eira grande. Un lugar como outro –se acaso un chisco máis tranquilo–, onde esquecer o mundo. Pedinllo co ardor co que se implora por unha última vontade. Se estou aquí, neste lugar de escuridade, non é por propio desexo senón por traizón, unha máis na longa listaxe que inzou a miña existencia.

El quedou con todo. Meu irmán quedou con todo, coas rendas, a casa e a facenda; mais non coido que conseguira tranquilizar a voz da súa conciencia por ter enterrado os meus ósos nesta quintana a carón da igrexa de Santa María Extramuros; tampouco por erguer un baldaquino sobre a miña podremia coa desculpa de me honrar a memoria. A terra do camposanto fíxoa traer de Terra Santa. Iso dixo. Dixo, si, pero o certo é que quedou con canto tiña, coa herdanza toda que recibín dos devanceiros. Despois de tantos anos de tragar coa bile da envexa quedou, por fin, co que a min correspondía como vinculeiro. Afirmou que foi présa tamén el da devoción, que o gastara todo en fretar as naves que haberían de acadar Palestina, cargar as bodegas, e vir de volta coa terra precisa para a quintana de mortos. Argallou todo de xeito que parece que así fora. Mercou o silencio de quen podía saber da súa felonía e riu logo de todos. Riu de min e mais do mundo, maldita sexa por sempre a súa seiva!

Que máis ten!, de todos os xeitos xa nada importa. Para min non hai remisión, o sosego é imposíbel. Non son quen de acougar nin co pensamento de que non existen nin ceo nin inferno e, xa que logo, non hei de escoitar o son da última trompeta requirindo a miña presenza ante o seu Trono. Hei ser cinza –eis a miña última certeza–, tan só cinza, por toda a eternidade.





Ramón Carredano

As pantasma do Hospital de Dentro

Imediatamente declarouse a alerta laranxa. Había que desaloxar a todos os veciños. Ninguén sabía ata onde podían chegar as augas. A súbita e alarmante subida do nivel do mar debida a unha quentura global masiva e repentina, os meses continuos de intensa e incesante choiva, xunto coa marea máis alta do século, podía traer consecuencias nefastas e incalculables. Era imposible predicir as repercusións dunha catástrofe daquela magnitude que por primeira vez se producía. Polo menos durante as horas de preamar, a vila debía ser desaloxada e os veciños refuxiarse nas zonas máis altas, como poderían ser o Obre, Tállara ou a Perouta. Para atender á poboación, a Cruz Vermella, Protección Civil, o Concello e un batallón de voluntarios, instalaban tendas de campaña do exército, distribuían mantas e alimentos para aqueles que non tiñan casas que os acolleran, e xa non atopaban sitio nas igrexas, e locais públicos adaptados a toda présa para paliar a catástrofe que se aveciñaba e atender as mínimas necesidades da poboación..

E, efectivamente, a marea comezou a subir cunha forza insólita. Nunha hora o mar taponaba os ollos da ponte de Noia, e apenas comezara a subir a marea. Axiña os malecóns fixéronse intransitables. A auga subía pola Peregrina, pola Carreiriña arriba, por todas as rúas situadas a carón do río, sen trazas de deterse. Inundou a Fanequeira e o Curro sen diminuír a súa forza ascendente.

As vetustas laxes do chan do centro de xubilados da rúa do Curro, probaron por primeira vez a auga salobre da ría que xa alcanzaba máis dun metro de altura no interior do edificio. Sacudíndose con desgusto a auga que o enchoupaba, unha figura aureolada, translúcida, adobiada con moi antiga vestimenta, comezou a ascender, que non subir, pois facíao de xeito ingrávido, polas escaleiras que levaban ao segundo andar do centro de xubilados.

Alí sorprendeuse de atopar sentados a unha gran mesa un pequeno grupo de figuras, aureoladas e translúcidas coma el mesmo. Aqueles seres tamén o fitaron a el con

aceno de estrañeza o que o levou a confirmar que, se eran quen de velo, coma el mesmo os vía a eles, tratábase dun grupo de pantasma. Unha segunda ollada, máis inquisitiva e observadora, levouno a decatarse de que vestían unhas roupas non só estrañas, se non moi diferentes unhas das outras. Os individuos eran tamén de distintas idades, máis novos e máis vellos e mesmo un rillote.

Coa lóxica dificultade da falla de exercicio da gorxa, a pantasma presentouse ante os outros:

—Son, ben... era Gómez Ares de Guizamonde. Quen eran vostedes e que fan aquí?

Un dos presentes, ergueuse cun aceno de grata sorpresa.

—É vostede Gómez Ares de Guizamonde o fundador do que foi o Hospital de Dentro? —inquiriu moi interesado.

Era unha pantasma máis nova que el, adobiada dun xeito non moi diferente do seu.

— Si, son Gómez Ares de Guizamonde, e, en efecto, fun o fundador do Hospital de Dentro, pero, por que di vostede do que foi. E que xa non é?

A outra pantasma sorriu de xeito condescendente.

— Dende logo que non, e dende hai moito tempo. O Hospital de Dentro fundouno vostede en 1476, pero deixou de funcionar como tal en 1594.

A sorpresa de Gómez Ares de Guizamonde foi maiúscula.

— Pero, por qué? Non sería por problemas económicos. Eu deixeiño dotado con rendas de cortiñas do Obre, e Santa Cristina, e de casas da vila. Que ocorreu?

Sen abandonar o seu aceno condescendente pero respectuoso, o outro explicouse.

— Eu son... era, como vostede moi ben di, Rodrigo García Marcote. Explícareillo con detalle, pero por favor, sente connosco. Coido que a todos nos trouxo aquí esta estraña anegada, erguéndonos dos nosos leitos eternos.

— A verdade é que é a primeira vez que me mollo deste xeito en tantos séculos. Case morro de segundas, pero esta vez afogado. Iso fíxome saír por primeira vez en cincocentos anos.

Gómez Ares sentou xunto coas outras pantasma, e Rodrigo García Marcote, comezou a súa explicación.

— O mesmo nos pasou a nós. Referente ao Hospital de Dentro, non foi exactamente a falla de dotación económica o que o levou á súa desaparición... relativamente. Logo de diversas ampliacións, o Hospital chegou a contar con máis de oito habitacións onde eran acoillidos os vellos ou eivados que non dispoñían de medios para valerse, e funcionaba tamén como hospital de peregrinos. Tiña as súas camas con colchóns de la, coas sabas e mantas precisas, mesmo un hospitaleiro que se encargaba de lavar a roupa dos pobres e atendelos no que necesitasen. Pero a demanda de asilo baixou. Non tiña sentido manter dous hospitais o de dentro e o de fóra, o Hospital do Espírito Santo. Polo tanto, eu mesmo, e outros persoeiros da vila, solicitamos a unión dos dous hospitais nun só, e tendo o Hospital de Fora máis capacidade que este, decidiuse co permiso do bispo pechar o Hospital de Dentro e que o Hospital de Fora se encargase das necesidades dos pobres e peregrinos.

— Pero seguíronse recadando as miñas rendas e usándose para o Hospital de Fora? —preguntou Gómez Ares de Guizamonde preocupado.

— Naturalmente —contestou Rodrigo García—, pero esas rendas foron xa empregadas no mantemento do Hospital do Espírito Santo. De todos os xeitos, o rexedor da vila D. Domingos de Santiago, solicitou do Arcebispo de Compostela que, dado que en Noia víñase sostendo dende moito tempo atrás un preceptor de Gramática e Retórica, pero carecíase de lugar apropiado onde recoller folgadoamente os estudantes, que se habilitase o edificio do Hospital de Dentro, que podería servir ademais como vivenda do propio preceptor, evitando así o deterioro do edificio ao non ser utilizado, abonando as obras para a súa adecuación das rendas do hospital desaparecido. A casa ademais estaría moi preto da igrexa de Santa María a Nova polo que os estudantes non terían que perder apenas tempo de estudio para acudir á misa. Ao Arcebispo pareceulle ben a idea, e en Xaneiro de 1601 comezaron as obras.

Unha das pantasma, aínda mozo, tomou a palabra dirixíndose a todos os presentes, pero especialmente a Gómez Ares de Guizamonde e a Rodrigo García.

— Eu fun estudante e logo mestre nesa escola de gramática, pero moitos anos despois da súa fundación.

— Non me parece moi ben que as rendas que eu deixei para o Hospital se dedicaran a outra labor— protestou Gómez Ares de Guizamonde —, pero se foi nunha labor como a de ensinar, dounos por ben empregados.

— Sen querer ofender a ninguén —volveu falar o mozo— coido que se hai labores importantes na vida dun home, dúas das máis sublimes son a de ensinar e a de aprender. Eu tiven a sorte de exercer as dúas, e as dúas fannos máis homes, e achégannos mais a Deus. Non deades por mal empregados polo tanto os vosos intereses, cabaleiro. Podo dicirvos ademais que a Escola de Gramática de Noia foi coñecida en toda a redonda, e nela estudaron infinidade de alumnos mesmo non veciños da vila, que non se podían costear estudos na Universidade, pero iso non impediu que dela saíran importantes persoeiros, e nos doce anos que eu estiven de mestre, saíron máis de quince relixiosos. No ano 1775, o escultor do rei, Filipe de Castro, ordenou a fundación dunha Escola de Primeiras Letras e Gramática, e sinalou unha renda de 150 ducados de vellón para o mantemento do mestre que se nomease. Agora ben, ese mestre tiña que pasar unha oposición ante o cabido de Santiago. A min interesábame moitísimo esa praza, e presenteime, e fun a Santiago e gañei, pero tiven a mala sorte de que cando viña todo ledado para Noia, o meu cabalo se espantara aínda hoxe

non sei por qué, tirando comigo ao chan, con tan mala fortuna que fun bater coa cabeza contra unha pedra que me furou o cranio. Vin para a Casa da Gramática, si, pero xa como pantasma, e non puiden volver dar clase, nin sequera asistir a ela como oínte, pois se non fora por esta auga que nos anega, aínda seguiría na miña cova.

— Pois eu tamén vin aquí a escola — dixo o rapaz que non pasaría de sete ou oito anos, e a quen Gómez Ares fitou molesto polo descarado do raparigo que se atrevera a falar sen pedir permiso —. Era o Auxilio Social, onde viñamos os nenos probes a comer e á escola.

— Que era iso do Auxilio Social? —preguntou moi interesado Rodrigo García Marcote.

O rapaz que era descarado, mirouno despectivamente como se non estivera atendendo ao que el dicía.

— Non llo estou explicando? —replicou molesto—. Era onde nos daban de comer e viñamos a escola os nenos probes.

A pantasma que estaba ao seu carón, adobiado cunha gorra de prato e viseira, e que portaba unha porra colgada dun ancho cinto cun broche dourado onde estaban gravados un xugo e unhas frechas, ergueuse moi digno, e explicou do que se trataba e o neno non era quen de explicar.

— O Auxilio Social era a institución fundada polo glorioso réxime do noso Caudillo, o Xeneralísimo Fran-

co, para atender os nenos desvalidos, e darlle pan e estudos.

— Eu viña comer todos os días ao Auxilio Social, e máis á escola. E o día de Noiteboa, ceábamos unha cea especial, e cantabamos panxoliñas, e viñan servirnos as mesas as mozas da Sección Feminina que eran moi guapas e cheiraban moi ben —contaba o rapaz que non paraba de falar—. Pero un día fun bañarme á Fontiña, e afoguei. Como non tiña outro sitio onde ir, vin para aquí. A auga meteume no burato, e agora a auga outra vez faime saír.

— Ou sexa —falou de novo Gómez Ares—, que ao final, despois de ser centro de caridade, e ser escola, volveu de novo a ser escola e centro de caridade.

— É que o Caudillo volveu traer todo o bo para España —remachou moi farruco o da gorra de prato.

O último pantasma da mesa, que aínda non abrira a boca, ergueuse ollando despectivamente ao que acababa de falar. Víase un home maior con fasquía de pantasma fresco.



HOSPITAL DE ADENTRO (Arquivo Xogaina)

— Dis iso porque che deu o posto de garda municipal, pero o Caudillo como ti dis, o único que trouxo foi guerra, fame e atraso.

— Quen é ese Caudillo do que tanto falades? —quixo saber Gómez Ares de Guizamonde.

— Foi o home que salvou a España do comunismo. E grazas a el este home cobrou unha pensión cando chegou a vello e se xubilou. O que guiado polo seu bo corazón como vostede mesmo fixo, dedicou este edificio a Auxilio Social, aos probes aos desvalidos —explicou o que fora garda municipal.

— E tamén o que firmou sentenzas de morte, e aproveitou o Auxilio Social para inculcar nos nenos as súas ideas fascistas.

— Non me interesan as vosas loitas políticas! —protestou Gómez Ares de Guizamonde—. Ao desaparecer ese Auxilio Social do que tanto falades, que pasou co hospital?

O garda municipal e o vello botáronse unha ollada de xenreira, e o garda explicou:

— O Concello converteuno en depósito municipal. Durante uns anos aquí gardáronse trastes e ferramentas para uso das cuadrillas municipais.

— E hoxe en día e o Centro de Xubilados.

— E iso que significa? —quixo saber Gómez Ares.

— Trátase dun lugar onde se reúnen as persoas maiores. Aquí falan das súas cousas, xogan ás cartas, están cos vellos amigos, pasan o rato...

— Ben, ben. Iso non está mal —concedeu Ares de Guizamonde—. Achégase un pouco á miña idea inicial cando o fundei. E o Hospital de Fora, o que esta no Espírito Santo, fóra das murallas. Sigue traballando?

O vello xubilado ceibou unha gargallada.

— Vostede non ten nin idea do que os gobernantes fixeron con esta vila. O Hospital de Fora foi derrubado non hai moito. As murallas foron desaparecendo pouco a pouco ao longo dos séculos, e apenas quedan cachos irrecoñecibles. Algúns dos edificios máis fermosos e maxestosos da vila foron derrubados para construír espantallos de cemento e ladrillos, as rúas empedradas de laxes, foron cubertas de cemento, e a rúa vaise anegando pouco a pouco á vista e coa indiferenza de todos ata o punto de que hoxe non pode entrar nin un bote. Os nosos mandatarios, da cor que foran, e pasaron de todas as cores, preocupáronse de facer grandes obras, cando puideron facelas, pero fallaron rotundamente no día a día. Dende hai anos, a vila está chea de lixo; os ramallos e as herbas medran en calquera curruncha onde atopen unha migalla de terra sen que ninguén se preocupe de arrincalos, nas beirarrúas, entre as laxes das prazas, mesmo nas fachadas de algúns edificios; nos malecóns as flores silvestres, e mesmo loureiros, asoman por riba das varandas, mentres as ramplas de desembarque, como xa non se usan, parecen prados para pastar as ovellas; e agardo que esta enchente de auga, se leve con ela as cagadas dos cans que medran polas rúas como se fosen os ramallos.

Gómez Ares ía abrindo pouco a pouco os ollos segundo ía escoitando a relación do xubilado ata quedar espantado.

— De verdade que tiraron coas murallas, e cos edificios, que cegaron a rúa...? —preguntou sorprendido.

— Si, señor —continuou o vello xubilado— e aínda así, Noia é tan bonita, que nin todos os políticos xuntos poden con ela.

Gómez Ares de Guizamonde ficou moi serio e pensativo uns instantes, e logo con voz rexa, afeita a mandar dirixiuse ao reparigo que estivera no Auxilio Social:

— Neno, bota unha ollada a ver se xa baixou o mar.

O pequeno arrimouse a fiestra e dende alí mesmo confirmou.


— Si, señor, a rúa xa está enxoita.

Gómez Ares ergueuse case dun pulo, e saudando a todos dixo:

— Señores: ata outra anegada. Volvo canto antes para o meu burato.

— Que présa ten? —preguntou Rodrigo García—. Os vivos aínda han tardar en chegar.

— Nin murallas, nin castelos, e coa rúa cegada... Prefiro estar morto no meu burato que vivo nesa Noia que non podo imaxinar. Foi un pracer cabaleiros.



X. Ricardo Losada

Fixen varias veces o Camiño de Santiago. Coñecín persoas de todo tipo e condición. Permitide que vos presente hoxe algúns dos tipos máis estraños que atopei. Coincidiredes comigo en que os *normais* somos máis aburridos.

A Eduardo, que estudara filosofía en Berlín e teoloxía en Roma, parecíalle mentira que, coa súa vocación, nunca fixera o Camiño de Santiago. Ao rematar as carreiras, decidiu emprender viaxe como se dun máster espiritual se tratase. Estivo quince días informándose sobre o camiño en internet e comprou todo o necesario. Mochila, bolsas de plástico de diferentes cores, chancletas, roupa de algodón, viseira, deterxente, saco de durmir, funda de almofada, esteira, cobertor, navalla, cantimplora, bastón, papel hixiénico, toalla, cortaúñas, imperdibles, caixa de urxencias, crema de protección, guía e caderno de notas, tapón para os oídos. Un día de xullo chegou a Roncesvalles e dispúxose a andar. Xusto antes de dar o primeiro paso, recordou estas palabras de San Paulo: *En Ti somos, en Ti nos movemos, en Ti existimos*. Non podía ser casual. Mirouse a barriga prominente e renunciou a facer o Camiño. Volveu para a casa repetindo como un mantra aquela frase: *En Ti nos movemos, En Ti nos movemos, En Ti nos movemos...*

Manuel é actor e artista multimedia. Vive en Nájera e a súa paixón é desmitificar (descubrir por onde coxean) os actos humanos. Todos os anos fai o mesmo. Disfrázase de crego, vai ao Camiño e preséntase aos peregrinos como representante do bispo de Logroño. Pídelles permiso para facer unha enquisa. Non vos restarei moito tempo, dilles, só consta de dúas preguntas. Os peregrinos, imbuídos da espiritualidade do Camiño, aceptan colaborar. Primeira pregunta, dilles: “En que se diferencian unhas botas de Gore-Tex con Cambrelle dunhas botas de Gore-Tex Durathern?”. Tras a sorpresa inicial, a maioría dos peregrinos contestan, e contestan correctamente. Despois de felicitalos, Manuel failles a segunda pregunta: “En que se diferenza unha indulxencia dunha penitencia?”. A maioría dos peregrinos ignórao e Manuel esixe-

Peregrinos e peregrinos

lles en nome da Súa Ilustrísima que abandonen o Camiño. A facer sendeirismo aos Perineos, bérralles.

Pedro estaba obsesionado con conseguir a *Compostela*, ese documento do Cabido Catedralicio que certifica a peregrinación por motivos relixiosos ou espirituais a Santiago. Tiña a toda a familia, agás el. Autónomo de profesión, non tiña vacacións. A ovella descarreirada, comentábanlle os familiares con sorna, o único de nós que non irá ao ceo. A crise económica obrigouno a pechar o negocio e nin o pensou. Conseguiu a credencial, ese documento que avala a condición de peregrino, percorreu o Camiño e cumpriu o requisito de selala nos lugares e tempos preceptivos. Ao chegar a Santiago, púxose á cola disposto a recibir o ansiado documento. Mentres agardaba, recordou que a *Compostela* está en latín e que non sabía qué dicía. Como autónomo estaba canso de que llas meteran dobradas. E se a *Compostela* tiña letra pequena? Non se condenaría ao Lume Eterno se non cumpría todas e cada unha das condicións? Ía denunciar despois a Deus? Ante que tribunal, se non había ningún outro superior? Chamou aos irmáns por teléfono pero ningún tiña nin a máis remota idea. Que máis dará o que diga, dixéronlle, o importante é tela. Pero a el parecíalle pouco serio recibir un documento desa transcendencia sen coñecer que dicía. Foi ao cibercafé máis próximo e indagou en internet. Non tardou en sabelo: *O Cabido desta Santa Apostólica Metropolitana Igrexa Catedral Com-*

postelá, custodio do selo do altar de Santiago Apóstolo, para que todos os Fieis e peregrinos que chegan desde calquera parte do Orbe da terra con actitude de devoción ou por causa do voto ou promesa ata a Tumba de Santiago, Noso Patrón e Protector das Españas, acredita ante todos os que observen este documento que: X visitou devotamente este sacratísimo Templo con sentido cristián. En fe do cal entrego o presente documento referendado co selo desta mesma Santa Igrexa. Efectivamente, suspirou aliviado, tiña letra pequena. X debía visitar devotamente este sacratísimo templo con sentido cristián.

Antes de emprender o Camiño, Francisco púxose en contacto con varias oficinas de información ao peregrino e con asociacións de Amigos do Camiño para saber se estaba espiritualmente homologado facer o Camiño ao revés. Comezar en Santiago e rematar en Roncesvalles. Dixéronlle que non tiña sentido, a quen se lle podía ocorrer? A Xesús, contestou el, acaso non dixo *Que aquel que me busque non deixe de buscar ata que atope, e cando atope, será turbado, será marabillado, e entón reinará sobre todo?* Eu nacín na Rúa do Vilar, en pleno casco vello compostelá, teño máis posibilidades de me marabillar en Roncesvalles que en Santiago.

Pedro recomenda facer o Camiño de forma personalizada. O cristianismo é unha relixión do individuo. El decidiu arriscarse a que o considerasen tolo. Fai o Camiño cunha prescrición. Falar só con citas de libros relixiosos. Memorizou tres libros que lle parecen imprescindibles para calquera cristián. *A imitación de Cristo*, de Tomas de Kempis, *El fruto de la nada*, do mestre Eckhart e a Biblia. Se lle preguntan de onde é, contesta: *O ollo co que eu vexo a Deus é o mesmo ollo co que Deus me ve a min*. Se lle preguntan se se divirte, responde: *Facilmente estará contento e sosegado o que, de verdade, ten a conciencia limpa*. Se lle preguntan cal é a mellor forma de facer o Camiño: *O ceo é onde*



(Arquivo: Xogaina)

haberás vivir, por iso debes mirar o mundo como quen vai de paso. Todas as cousas van de paso e ti igualmente con elas. Gárdate de apegar o teu corazón ás cousas pasaxeiras para que non te aprisionen e perezas. Eu preguntéille que tramo do camiño me recomendaba: *O que foi, iso será, díxome, o que se fixo, farase: nada hai novo baixo o sol.* O máis curioso, segundo me contou, é que ninguén pensa que está tolo. Supoñen que é un actor subvencionado polo Estado e a Igrexa para ambientar espiritualmente o Camiño.

Xurxo é outro caso raro. Fai o Camiño de Santiago todos os anos para reivindicar a figura de Prisciliano, un galego do século IV que a Xerarquía Católica excomulgou e desterrou por unhas teorías consideradas heréticas: gnosticismo, maniqueísmo, defensa das mulleres e escravos (participaban na lectura pública dos Evanxeos), interpretación das Sagradas Escrituras, culto á natureza, matrimonio entre clérigos, volta da Igrexa á pobreza evanxélica. Tivo gran predicamento en toda a península ibérica e acabou sendo decapitado en Alemaña, acusado de bruxería. O primeiro cristián executado por outros



(Arquivo: Xogaina)

cristiáns. Os discípulos enterrárono en Iria Flavia, onde nacera. Xurxo vai todo o camiño repartindo un díptico, que el mesmo confecciona, no que pide que se recoñeza que os restos custodiados na catedral de Santiago, como sosteñen importantes investigadores, son os de Prisciliano e non os do apóstolo Santiago. Eu falei con el no albergue do Cebreiro. Non me sorprende a reivindicación (había tempo que coñecía a teoría) pero si o argumento que esgrimía. Non reivindica a Prisciliano polas ideas, por ser un mártir dunha causa xusta ou por ser un importante personaxe galego. Reivindícao, segundo el mesmo me dixo, por algo máis *obxectivo*. Prisciliano fixera moitas veces o camiño de Iria Flavia a Francia andando ou a cabalo mentres que o apóstolo viñera a Galicia nunha barca de pedra. Río Ulla arriba, aclaroume, como os viquingos. E logo, vendo a miña cara de sorpresa, preguntoume: “Imaxínaste a Romaría Viquinga de Catoira aquí, no Courel, non sería un pouco raro?” Desde logo, dixeran, moi raro. Rarísimo.

Andrés era lector asiduo dos libros de Paulo Coello. Nunha época de forte crise persoal, decidiu facer o Camiño como unha viaxe ao interior de si mesmo. Necesitaba

descubrir que había no fondo da súa alma. Descubriuno en Nájera e estivo a piques de abandonar o Camiño. Entráranlle ganas de se suicidar. Pero continuo adiante. Recordou unha frase que lera preparando a peregrinación. *Moitos comezan como turistas e rematan como peregrinos*. El faría ao revés. Comezara como peregrino, remataría como turista.

Lorenzo fíxolle caso a Antonio Machado. Camiñante non hai camiño de Santiago, faise camiño de Santiago ao andar. Cada vez que vía unha desas innumerables frechas amarelas que marcan o Camiño collía noutra dirección. Acabou no deserto de Almería. Feliz. O deserto é unha das paisaxes de penitencia máis queridas e simbólicas para un cristián.

Xulio fixo o Camiño co ordenador portátil. Polo día, conectado a ese programa de Google que permite facer o Camiño virtualmente en tres dimensións. Pola noite conectado a unha páxina de Astrofísica da Universidade de California (proxecto Serendip) na que se aparecen as sinais, en forma de ondas de radio, que potentes radiotelescopios recollen, día e noite, das inmensidades do universo. Por suposto, non se moveu do cuarto da súa casa.

Andrea fixera unha promesa. Se aprobaba unhas oposicións faría o Camiño de Santiago flaxelándose. Puxo moito peso na mochila e foina cargando a medida que avanzaba con recordos turísticos para a familia. Canto máis peso, máis lle rozaban as correas da mochila no pelexo. Estreou botas e puxo uns calcetíns de executivo que humedecía cada pouco tempo. Nacéronlle uns fermosos calos nos pés e unhas bochas no nocello que daba gloria velos. Nunca mellor dito.

El turista exige, el peregrino agradece. Nos albergues. Tamén, Peregrino, deja lo que puedas, toma lo que necesites.

O hábito non fai ao monxe nin tam pouco ao peregrino.



Estefanía Ageitos

DEZ COUSAS QUE DEBES
SABER SOBRE...





DEZ COUSAS QUE DEBES SABER SOBRE "NOIA NA RUTA XACOBEA"

1.

Dende os primeiros tempos do cristianismo Gallaecia xa era punto de destino dos peregrinos europeos. Achegábanse ata **Fisterra** para purificar o seu corpo e afirmar a súa espiritualidade.

2.

O suposto sartego do Apóstolo apareceu a comezos do século IX e durante o bispado de Teodomiro. A partir desta "inventio" xurdiu a vila coñecida como **Locus Sancti**. Dende o século XI pasou a chamarse Compostela, termo talvez derivado de "compositum" (cemiterio) e "tellum" (edificación)

3.

Calixto II, no ano 1122, foi o primeiro pontífice en converter Santiago en Cidade Santa. Este monxe francés, coñecido polo nome de Guido de Borgoña, era cuñado da raíña dona Urraca e, por tanto, tío do rei Afonso VII.

4.

Máis de duascenas naves procedentes do porto inglés de **Dartmouth** ancoraron na desembocadura do Tambre no 1147. Eran cruzados que se dirixían a Terra Santa. Dende Noia peregrinaron polo *camiño real* ata o sartego do Apóstolo. Despois, tal como relatou Saramago, participaron na liberación de Lisboa que estaba ocupada polas tropas árabes.

5.

O 9 de abril de 1168 o rei de León **Fernando II** fundou a vila de Noia como Porto de Compostela. Dende esta data numerosas naves procedentes da Europa atlántica arribaron a Noia con peregrinos e comerciantes.

6.

No ano 1179 o Papa **Alexandre III** concedeulle a Santiago, por medio da Bula *Regis Aeterni*, o Privilexio do Xubileo. Unha graza que permitía por medio da Gran Perdoanza a remisión dos pecados despois de realizar a peregrinación nun Ano Santo.

7.

Nun libro de Actas do Concello de Noia (1792-1843) afirmase que o **Hospital de Afora**, situado no arrabalde do Espírito Santo, ten "entre as súas obrigacións hospedar os pobres enfermos e peregrinos".

8.

Durante os tempos do Medievo algúns pazos da vila, o Hospital de Afora e numerosas laudas do cemiterio de Santa María foron adobiados con símbolos xubilares. A imaxe do **Santiago Sedente** da igrexa de San Martiño é outra proba da existencia do culto xacobeo en Noia.

9.

Tal como pode comprobarse no lintel da súa porta principal, o arcebispo **Don Lope de Mendoza** consagrou a igrexa parroquial de San Martiño coincidindo co Ano Xacobeo de 1434.

10.

No ano 1981 o Concello de Noia derrubou o **Hospital de Afora** ou dos **Peregrinos**. A ditadura estaba cerca, as prioridades eran outras e a sensibilidade coas cuestións do patrimonio histórico semellaba inexistente. Viviamos noutros tempos.